O Bloque pídelle a Zapatero ‘un xesto con Galiza’ para apoialo

(Páx. 2 e 3)

A NOSA TERRA
FUNDADO EN 1907
Nº 1.122
Do 25 ao 31 de marzo de 2004
Ano XXVII - IV Xeira
1,75 euros

Pepe Carreiro



Participarían todas as forzas, non só as da *Declaración de Barcelona*

O BNG propón unha gran coalición nacionalista para as europeas

Artur Mas e Durán Lleida (CiU), Josu Jon Imaz (PNV) e Anxo Quintana (BNG), representantes da *Declaración de Barcelona*, durante a reunión da mesma celebrada o pasado día 23 en Madrid.

Os recentes resultados das eleccións xerais fan reagromar en Galiza unha cabal ilusión por conseguir, despois de anos de hexemonía do PP, o cambio de goberno. Cambio que debería ser apoiado, aínda que só fose, como se afirmou estes días no ámbito estatal, por hixiene democrática. A diferencia radica en que o galego non é un escenario bipartidista e a oposición debe necesariamente coordinar dous esforzos diferenciados, con puntos en común, pero tamén con disparidades. BNG e PSOE chegarán ademais aos comicios autónomos con igual número de deputados. Todo o cal, e vista a experiencia dalgúns concellos, fai imprescindíbeis algunhas aclaracións previas. Do BNG sábese que está disposto a apoiar un presidente da Xunta socialista se é esta forza a que logra máis votos. Mais non se pode dicir aínda que a recíproca seña tamén válida. O dato inicial nega esta reciprocidade ou, cando menos, apunta a que habería moitas dificultades para que se concretase. Así o expresou Pérez Touriño na anterior campaña autonómica: “nunca votaremos un presidente nacionalista”. É esta, polo tanto, unha cuestión que ambos partidos deben aclarar e que o electorado debe coñecer canto antes. A lealtade mútua está en xogo e polo tanto a viabilidade da alternativa ao Partido Popular. Non é posíbel cuantificar a repercusión electoral, en forma de voto útil, do anuncio de Zapatero de que non asumiría o Goberno do Estado se a súa non era a forza máis votada, mais, en todo caso, o BNG deberá estar preparado para tomar as súas decisións, con rapidez e claridade, no caso de que os socialistas intenten trasladar ao escenario galego posturas que non recoñezan o nacionalismo en igualdade democrática.♦

UN CROCODILO DEBAIXO DA CAMA
MARIASUN LANDA

EDITORIAL GALAXIA

PREMIO NACIONAL DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL 2003.
Cando un ve crocodilos na casa algo vai mal...

EXCLUSIVA

‘Se non é pola miña veciña estaría enforcado’

(Páx. 9)

Manifesto polo cambio en Galiza:
Seguir construíndo a esperanza

(Páx. 14)

A película *O lapis do carpinteiro* triunfa na Arxentina

(Páx. 30)

O can de palleiro en perigo de extinción

(Páx. 32)

Nº 1.122 ● Do 25 ao 31 de marzo de 2004 ● Ano XXVII

ELECCIÓNS XERAIS

Fraga non cumpriu os acordos parlamentarios que incidían nun maior autogoberno

Reforma do Estatuto e infraestruturas principais demandas ante o executivo central

AFONSO EIRÉ

Os cambios no Goberno central están a ter o seu reflexo na Galiza. A reforma do Estatuto volta saltar ao primeiro plano e todos os partidos contemplan dar pasos nesta dirección. Por outra parte comeza a debatirse, de novo, o cumprimento do *Plano Galicia*. Cales son as posturas de cada partido?

"É tempo de abrir o repouso", escribiu Pablo Neruda. As novas variábeis logo das eleccións xerais, cambio de Goberno con vitoria do PSOE sen maioría absoluta, van propiciar uns debates relevantes sobre a conformación do Estado, no que a reforma dos estatutos de autonómica só é unha das cuestións, pero determinante.

O Goberno autónomo non efectivizou as distintas resolucións aprobadas polo Parlamento nos últimos catorce anos. No pleno da próxima semana, Fraga Iribarne vai ter que contestar a dúas preguntas, unha do BNG e outra do PSOE, pedíndolle que fixe cal vai ser, daquí en diante, a súa postura ante estas reivindicacións. Avecíñase un novo tempo?

"De seguir a submisión de Fraga aos designios de Madrid como estes catro anos, Galiza sairá moi perxudicada nesta nova etapa política que se abre no Estado", afirma Suárez Canal.

Semella unha eternidade, pero foi alá polo ano1989. Aos poucos meses de acadar Manuel Fraga á presidencia da Xunta, prometeu o "impulso do autogoberno". A chegada hai oito anos do PP ao Goberno central, fixo que Fraga decidise ir coutando as súas reivindicacións. Estas aparecían de tempo en tempo, pero tamén as explicación de que o terrorismo e as propostas do PNV impedían as reformas. As supostas "razóns de Estado" das que Fraga bota man a cotío, convertidas en estratexia do PP, impedían que, mesmo as reivindicacións aprobadas polo Parlamento autónomo, fosen presentadas ao Goberno central. O mesmo Fraga, nalgunha ocasión, deu por "pechado o mapa autonómico", facendo seus os anceios unitaristas de José María Aznar.



A. PANARO



PACO VILABARROS

Emilio Pérez Touriño (PSOE) e Manuel Fraga (PP).

Agora, tanto o BNG como o PSdG-PSOE reclaman de novo con forza a reforma do Estatuto. Os socialistas comprometéronse durante a campaña electoral á reforma dos estatutos de Euskadi, Catalunya e Andalucía. Galiza non aparecía no mapa destas prioridades e Andalucía semella xurdir para maquillar a impresión de que se trata de concesións ás nacionalidades históricas.

A Xunta non só pretende agora situarse co pendón á fronte das demandas da reforma estatutaria, senón que o conselleiro Xaime Pita afirma que os reclamos socialistas "seguen o rego que abriu Fraga hai moitos anos".

As demandas de Touriño

O secretario xeral dos socialistas, Pérez Touriño venlle de reclamar a Fraga Iribarne que impulse unha ponencia conxunta no Parlamento "para comezar a apertura dun proceso de revisión do Estatuto de autonomía e, chegado o caso, a súa modificación".

Para Touriño, a reforma do Senado non pode agardar máis e debe de materializarse nesta mesma lexislatura. Sería, segundo Touriño, o primeiro escano da reforma do modelo territorial de Estado que defendeu Rodríguez Zapatero.

No PSdG-PSOE afirman que pretenden adaptar o Estatuto de Autonomía "á nova situación, logo de case 25 anos de contrastado funcionamento".

Para Pérez Touriño, abrese unha situación diferente. "Existe un compromiso expreso de impulsar unha España plural e sería unha irresponsabilidade que Galiza quedase atrás".

Touriño resucita o acordo acadado polo PP e PSdG-PSOE no Parlamento galego o 19 de febreiro do 2002. O BNG abstivérase porque tiña presentada a súa proposta.

O acordo de *populares* e socialistas recollía a reforma do Senado, convertíndoo en cámara de representación territorial. Tamén se aprobaba a participación da Xunta nas institucións comunitarias a través do novo Senado.

Continúa na páxina seguinte

ANosa Terra

Edita: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:
Presidente: Xosé Fernández Puga.
Vogais: Cesáreo Sánchez Iglesias, Xosé Mª Dobarro, Manuel Mera, Manuel Veiga, Xan Carballa, Miguel Barros e Bieito Alonso.
Secretario: Xan Piñeiro.

Director: Afonso Eiré López.

Redacción: Xan Carballa, Manuel Veiga, Horácio Vixande, Carme Vidal, César Lorenzo Gil, Mar Barros, Rubén Valverde, Paco Vila Barros (Fotografía), Perfecto Conde.

Edicións Especiais: Xosé Enrique Acuña.

Deseño de Maqueta: Xoselo Taboada.

Coordenación Humor Gráfico: Picho Suárez.

Colaboradores:
Galiza: Bieito Iglesias, X.L. Franco Grande, Abelardo Vázquez, X.L. Muñoz Portabales, Martina F. Bañobre, X.C. Garrido Couceiro, X.M. Sarille, Miguel Barros, Xesús Veiga, Mª Pilar Garcia Negro, V.M. Vázquez Portomeñe, A. Gato Soengas, Suso de Toro, Lois Diéguez, Antón Grande, Xavier López, Manuel Lugrís, Xosé M. Pérez, Manuel Rivas.
Sociedade: X. Vázquez Pintor, Xavier Queipo, Henrique Harguindey.
Economía: Manuel Cao, X.F. Pérez Oia, Xosé García.
Península: G. Nuno de Faria, Manuel Lombao, Daniel Álvarez, A. Marqués.
Mundo: Xulio Ríos, Moncho F. Leal, Gustavo Luca de Tena, Ignacio Ramonet, Ramón Chao.
Deportes: Manuel Pampín.
Cultura: Ramiro Fonte, Vítor Vaqueiro, Pilar Pallarés, Celso López Pazos, X.M. Eyré Val, Xesús Piñeiro, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Xavier Seoane, Adolfo Boado, Xosé Freire, Marcos Valcárcel, Rodolfo Dacuña, Xesús González Gómez, Gonzalo Vilas, Franck Meyer, Heitor Mera Herbello, Xosé M. Buxán Bran, Marta Dacosta, Xosé Valiñas, Damián Villalaín, Xerardo Pardo de Vera.
Fin de Semana: Francisco Carballo, Marga Romero, César Varela, Xurxo F. Ledo, Luísa Villalta, Francisco A. Vidal, Antón Patiño Regueira, Rudesindo Soutelo, Irmandade dos Vinhos.
Lecer: Xesús Vaamonde Cid.

Última Páxina: X.R. Pousa, X.A. Gaciño, Fran Alonso, Manuel Cidrás.

Fotografía: Andrés Panaro, Xosé Marra.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo Vilas, Suso Sanmartín, Ana Pillado Vega, Hermo, Garrincha, Uxía e Brais.

Xefe de Publicidade: Carlos Martínez Muñoz publicidade@anosaterra.com

Xefa de Administración: Blanca Costas

Subscricións: Lola Fernández Puga subscripcions@anosaterra.com

Redacción e Administración: Príncipe 22, baixo. 36202 Vigo. Apartado 1371. 36200 Vigo

Edición Electrónica: www.anosaterra.com

Teléfonos:
Redacción: 986 433 886 - 222 405. Fax 986 223 101.

Correo Electrónico: info@anosaterra.com

Administración, Subscricións e Publicidade: 986 433 830*

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977 .

ISSN: 0213-3105.

ELECCIÓNS XERAIS

Que pasará con *Plano Galiza?*

Vén da páxina anterior

Así como a posibilidade de que Galiza estivese representada no Consello Europeo. Galiza tamén podería exercer, por delegación estatal, a representación nas institucións europeas en asuntos de competencia autónoma.

Neste acordo parlamentario, non se contemplaba a reforma do Estatuto. A proposta de Pérez Touriño, agora, sí contempla esta posibilidade. Pero non PP aínda seguen a falar, unicamente, de "impulsar o autogoberno". Para Fraga este impulso pasa pola Conferencia de presidentes autónomos, reforma do Senado e presenza de Galiza nos órganos da UE.

O BNG quere fixar prioridades

En outubro do 2002 o BNG presentou no parlamento a súa proposta de reforma do Estatuto. Foi a única formación que cumpriu o acordo. Nin PSOE, nin PP, e tampouco a Xunta, lle deron seguimento.

Os nacionalistas pretenden que se cumpra agora esta resolución e que se comece a debater nunha ponencia conxunta.

Pero o BNG tamén quere fixar outras prioridades, coma o modelo de financiamento. Para Suárez Canal "se non hai un finaciamento axeitado non se pode falar de autonomía política". Tamén defenden que se artelle canto antes a presenza de Galiza en Europa e que se concreten as resolucións aprobadas no Parlamento galego a respecto da xestión de todos os fondos estruturais (actualmente só se xestiona desde aquí o 35%); que Galiza teña máis peso na distribución dos fondos de cohesión e que se transfira por fin a cunca hidrográfica.

O PSOE comprometeuse durante a campaña á reforma dos estatutos de Euskadi, Catalunya e Andalucía. Galiza non aparecía.

Tamén demanda o BNG que Galiza participe na Planificación económica do Estado nos próximos orzamentos para que reciba polo menos un tanto por cento similar ao que representa a súa poboación. Até de agora, segundo Suárez Canal, malia a ter o 6,5% da povoación do Estado, o orzamento investido polo Estado en Galiza nunca superou o 4%.

Reclama tamén o BNG que se cumpran os compromisos e se palíen as discriminaciós históricas. Entre os compromisos está o de correxir todos os danos causados polo *Prestige*.

Existen tamén acordos unánimes coma o de ter rematada a modernización do ferrocarril e o AVE para o ano 207 que xa semellan imposíbeis de cumprir.♦

En seis ocasións se reafirmou estes días Pérez Touriño en que o "desenvolvemento económico e social de Galiza terá primacía" para o futuro Executivo socialista estatal durante os próximos catro anos.

O secretario xeral do PSdG-PSOE quere sair así ao paso das "dúbidas sementadas" polo PPdG sobre co cumprimento do *Plano Galicia*. Desde o PP e desde a Xunta pensan que Zapatero non vai cumprir as promesas realizadas por José María Aznar. Pero Touriño afirma que o que "antes era unha cuestión de *mercadotecnia* agora será unha cuestión de Estado". E que, co PSOE na Moncloa, este programa de investimentos "terá un compromiso orzamentario e un horizonte temporal".

Os socialistas consideran que ese compromiso de Zapatero con Galiza é básico para que Touriño poda optar á presidencia da Xunta dentro de dous anos. Aínda así algúns lembran que Zapatero nin sequera utiliza a palabra Galiza, senón "Noroeste".

Algúns lembran que Zapatero non utiliza a palabra Galiza, senón 'Noroeste'.

Pero os responsábeis económicos que asesoran a Zapatero xa lanzaron a mensaxe de que a diferencia básica entre a súa política, abenzoada polos máximos responsábeis bancarios, vaise caracterizar por non apostar tanto pola construción como motor económico.

Decidiranse, segundo estas fontes, por un menor investimento en infraestruturas. Dous serían os principais proxectos publicitados polo goberno do PP que sufrirían recortes. Por unha banda, o *Plano Hidrolóxico* que tentan deixar sen efecto e, pola outra, o AVE, "que non ten porque chegar a todas partes".

Esas afirmacións e as declaracións de Pérez Touriño de que o AVE Transcantábrico, que xa apareceu en anuncios coma se estivese a funcionar, non vai ser prioritario, déronlle pé a Xunta a que comezase a falar do posíbel incumprimento socialista. Fraga semella que vai principiar unha "etapa reivindicativa", aínda que agardará a ir visitar os Ministerios nunha da súas tradicionais xeiras de visitas rápidas. Esta vez irá cargado coas promesas do anterior Goberno.

Xosé Blanco explicou que non todas as obras prometidas polo PP no *Plano Galiza* son fundamentais. Pola contra, votou en falla outras que non aparecen contempladas. Blanco tamén precisou que o *Plano Galiza* non ten financiamento e que haberá que ir á UE na procura de axudas económicas. Malia a todo, Blanco afirma que está garantida a conexión das sete cidades galegas por AVE.

Para os socialistas as infraestruturas son importantes, pero non o son todo. Pérez Touriño anuncia "a segunda modernización", para a que son prioritarias "políticas de educación, de desenvolvimento tecnolóxico e de cohesión social e territorial".♦



PACO VILABARROS



Francisco Rodríguez (BNG) e José Luis Rodríguez Zapatero (PSOE).

A UE admite que non ten diñeiro para a entrada do AVE na Galiza

O BNG esixiralle a Zapatero que cumpra os compromisos

O BNG esixiralle ao Goberno de Rodríguez Zapatero que cumpra cos compromisos de modernización de Galiza e dos seus sectores produtivos, "xa sexa co modelo do *Plano Galiza* ou con outro", afirma o deputado electo Francisco Rodríguez.

Para o BNG é prioritario que se axilice a modernización da rede ferroviaria galega e os tramos do AVE xa aprobados. Neste sentido, a comisaria europea de Transportes, Loyola Palacio respostoulle a unha pregunta ao eurodiputado Camilo Nogueira que a liña do AVE Lubían-Ourense non estará rematada, polo menos, até o ano 2010, e que non conta co financiamento da UE, nin aparece nas súas prioridades.

O BNG teme que o PSOE, como na época dos gobernos de Felipe González, concentre os investimenos na área mediterranea e nas comunicacións de Madrid con esta zona. As primeiras declaracións de responsábeis socialistas sobre as infraestruturas, acrecentan o temor dos nacionalistas.

Será, polo tato, a demanda de cumprimento dos compromisos adquiridos unha das condicións que o BNG poñerá sobre a mesa para apoiar a investidura de Rodríguez Zapatero como presidente do Goberno central.

Así mesmo, o BNG reclamará que o novo goberno español posibilite que Izar volte á construción naval civil.

Outra das demandas, segundo Francisco Rodríguez, é que Zapatero se comprometa a apoiar a reforma estatutaria que aprobe o Parlamento galego. Así mesmo, os nacionalistas demandarán do PSOE un cambio na politica internacional e na defensa das liberdades públicas e sociais, comezando polos dereitos dos traballadores. No BNG non esquecen que foron gobernos socialistas os que impuxeron a reconversión naval e os que, coa súa reforma laboral, precarizaron o emprego e legalizaron as empresas de traballo temporal.

Francisco Rodríguez afirma que, de non darse un mínimo compromiso de Rodríguez Zapatero con Galiza, ao BNG non lle quedaría outro remedio que absterse na votación para elexir presidente.♦

ELECCIÓNS XERAIS

Consideran positivo o novo escenario político

Os asinantes da *Declaración de Barcelona* piden un novo modelo de Estado plurinacional

RUBÉN VALVERDE

Os partidos asinantes da Declaración de Barcelona -BNG, CiU e PNV- reuníronse en Madrid para analizar o novo escenario político que se abre tras as eleccións do 14 de marzo. Ao final da xuntanza, as tres formacións elaboraron un comunicado político no que pediron "o recoñecemento xurídico-político e social das realidades nacionais de Galiza, Euskadi e Cataluya". "Non abonda con deixar atrás unha etapa de involución uniformista e centralizadora. É tempo de dar pasos reais e decididos cara un novo modelo de Estado plurinacional e asímetrico", declarou o portavoz nacional do BNG, Anxo Quintana.

A nova situación política, sen maioría absoluta, quere ser aproveitada polos nacionalistas para "acadar maior protagonismo no Estado". Para iso, intentarán facer do "diálogo e do debate, o método de traballo político para a consecución de acordos multipartitos que son os que aseguran a gobernabilidade e o exercicio da democracia. Tendo a pluralidade e a diversidade como piares da mesma".

A reunión das tres formacións serviu para pechar un acordo que unifica os obxectivos políticos nesta lexislatura. O primeiro que buscarán pactar será "unha revisión en profundidade das políticas en materia penal, xudicial, educativa, de inmigración ou política internacional que foron postas en marcha polo Goberno do PP. Estas supuxeron un grave deterioro da democracia e da convivencia".

Dentro das reformas xurídico-poltícas que reclaman os tres grupos, destaca a dos Estatutos de Autonomía. "Hai que adecuar as normas estatutarias ás novas realidades e ás lexítimas aspiracións dos distintos territorios do Estado. Tamén cómpre reformar o Estado para que reflita a plurinacionalidade". Estas dúas reformas tamén estaban no programa electoral do PSOE. Os nacionalistas queren, por outra parte, dar marcha atrás á Lei Orgánica do Tribunal Constitucional aprobada na anterior lexislatura e que impedía aos partidos periféricos participar na designación dos membros. "Isto provocaba que se suspendesen as normas autonómicas en todos os supostos en que o Goberno do Estado presentaba un recurso de inconstitucionalidade contra as CC AA". Por último, tamén piden que "se permita a participación das nacións que integran o Estado no ámbito da UE e na súa proxección exterior".

Artur Mas e Durán Lleida (CiU), Josu Jon Imaz (PNV) e Anxo Quintana (BNG), representantes da *Declaración de Barcelona*, durante a reunión da mesma celebrada o pasado día 23 en Madrid.

Discurso de Quintana

O líder do BNG asegurou na súa intervención que "o nacionalismo galego porá sempre a súa voz na política de Estado ao servizo dun gran obxectivo: asegurar que Galiza teña o pleno recoñecemento xurídico, político e institucional da súa identidade nacional. E queremos facelo nun marco cooperativo e leal dun novo Estado español plurinacional". Quintana reiterou "a nosa disposición a contribuír responsabelmente á estabilidade dun goberno accesíbel e transparente. Un Goberno que avance sen medo e con lealdade no recoñecemento da asimetría, respectando sempre as específicas vontades cidadás expresadas en liberdade.♦

O Bloque aposta por 'unha ampla coalición nacionalista' para as eleccións europeas

Na reunión dos partidos da Declaración de Barcelona, non se chegou a un acordo para a presentación en coalición de cara ás vindeiras eleccións europeas. A primeira opción do Bloque é apostar por unha ampla coalición nacionalista que englobe á meirande parte dos partidos periféricos do Estado. Esta formación daríalle forza aos nacionalistas, tendo en conta que nesta ocasión España perde dez deputados no Parlamento Europeo por mor da ampliación da UE. Esta presenza sería moi importante porque nesta lexislatura elaborarase a Constitución Europea. En segundo lugar -explican responsábeis do Bloque-, racharían coa imaxe de bipartidismo que existe no exterior sobre o Estado español.

Na actualidade, ERC, Chunta, Partido Socialista Mallorquín e EA teñen practicamente pechado un acordo para presentarse ás eleccións europeas. A esta podería incorporarse o Bloc Valenciá. A pretensión do Bloque sería que os asinantes da Declaración de Barcelona se unisen a esta coalición. O maior problema que pode existir é o posíbel veto de ERC a CiU. Os republicanos consideran que os obxetivos dos democristiáns non teñen nada que ver e lembran que CiU estivo a pasada lexislatura integrada no Partido Popular Europeo.

En caso de non triunfar a primeira opción do BNG, os nacionalistas galegos apostarían por presentarse xunto con CiU e o PNV, ou soamente cos nacionalistas vascos. Practicamente non contemplan, segundo fontes da dirección do Bloque, a opción de presentarse en solitario, xa que coa redución de 64 a 54 deputados sería moi difícil que entrase no reparto de escanos. Hai que lembrar que a circunscrición para o Parlamento Europeo é estatal e non provincial.♦

Agrupa á maior parte das formacións nacionalistas europeas

O BNG participa na fundación do partido político europeo ALE

RUBÉN VALVERDE

A Alianza Libre Europea (ALE) formalizou en Barcelona a súa constitución como partido político europeo. Até o momento, a formación actuaba como unha coalición parlamentaria xunto cos Verdes europeos, pero carecía de status xurídico. O acordo asinado permitirá que a ALE se acolla á normativa europea aprobada o pasado ano e que recolle ás subvencións económicas aos partidos. Tamén permitirá unificar nun mesmo proxecto político europeo aos partidos asinantes. A ALE está formada por organizacións "que loitan pola democracia e a autodeterminación das rexións e nacións sen Estado de Europa".

A Alianza Libre Europea fúndase en 1981 para que partidos políticos con ideoloxía semellante puidesen defender obxectivos políticos comúns. Dende aquela, o grupo foi adquirindo forza. Hoxe, os partidos membros teñen representación nos parlamentos nacionais ou rexionais de Galicia, Cataluña, Andalucía, Euskadi, Aragón, Escocia, Gales, Flandes, Frisia ou Sardeña. Na actualidade, a ALE conta con 9 eurodeputados no Parlamento Europeo, que actúan en coalición con 40 membros do Partido Verde.

Entre os puntos programáticos que vai recoller ALE na súa fundación están "a reforma democrática do Parlamento Europeo, con circunscricións que recoñezan as rexións históricas". En segundo lugar, "a reforma ou supresión do Comité das Rexións". En terceiro lugar,"un mellor uso da terminoloxía, de maneira que as nacións e as rexións históricas reciban o recoñecemento que merecen". O cuarto punto é "a reforma dos Tratados da UE para forzar a Comisión a realizar consultas máis amplas". En quinto lugar, "o mellor acceso para as nacións e as rexións históricas, ao Consello de Ministros e ao Tribunal de Xustiza Europeo". "Unha mellor interpretación do principio de subsidiariedade, a participación formal dos Parlamentos con autogoberno e autonomía no proceso de toma de decisións da UE e a protección e o fomento da diversidade lingüística e cultural da UE", completan o programa da ALE.

As organizacións que van formar parte deste partido son o BNG, Chunta Aragonesista, ERC, Eusko Alkartasuna, Partido Andalucista, Scottish National Party (Escocia), Plaid Cymru (Gales), Fryske Nasjonale Partij (Frisia), Volksunie (Flandres), Partei Deutschsprachigen Belgier (belgas alemanfalantes), Unione di u Populu Corsu (Córsega), Movemet Région Savoie (Savoia), Partit Occitan (Occitania), Union Démocratique Bretonne (Bretaña), Union du Peuple Alsacien (Alsacia), Unitat Catalana (Catalunya Nort) e Parti Québécois (Quebec). A normativa europea impide que haxa máis dunha soa organización de cada nacionalidade ou rexión. Por ese motivo, o PNV poderá formar parte da ALE no parlamento, pero só en función de observador. A adscrición do BNG a ALE no impide que a formación galega se poida presentar ás eleccións con outros partidos que non sexan os nacionalistas do Estado español anteriormente mencionados.♦

ELECCIÓNS XERAIS

Coordinador da executiva do BNG

Francisco Jorquera

'Cun deputado menos, imos ter máis capacidade para influír na política estatal'

PERFECTO CONDE

Francisco Jorquera é dos que pensan que as eleccions xerais estiveron marcadas pola excepcionalidade derivada da matanza de Madrid do 11-M. En boa parte, explica así a perda de votos que sufriu o nacionalismo. Non obstante, tamén considera que se abriu un ciclo novo que vai servir para recuperar o diálogo político.



A. PANARO

Que pasou para que o BNG perdera tantos votos?

O resultado electoral é atribuíbel a que as eleccións tiveron lugar nun contexto de enorme bipolarización política a nivel de estado e, en particular, ao impacto que tiveron na opinión pública os sucesos do 11 de marzo e días posteriores. Iso provocou un estado de choque emocional na poboación que condicionou moitísimo o sentido do voto. Para o BNG, isto tivo un efecto moi negativo porque situacións deste tipo favorecen sempre que a cidadanía privilexie a busca da estabilidade noutro tipo de valores políticos. Nunha situación na que, con moitas dificultades ao longo da campaña, conseguimos que o nacionalismo galego fose un actor político máis e o debate político se dese a tres bandas, todo iso viuse anulado polo masacre de Madrid e os seus efectos conseguintes.

Como foi iso?

Dun debate político entre as distintas forzas políticas pasouse a un debate mediático entre os grupos mediáticos afíns ao goberno e os grupos mediáticos afíns ao principal partido da oposición a nivel de Estado. Ademais, as consecuencias emocionais na psicoloxía colectiva fixeron que os valores e os elementos de xuízo que o BNG intentou introducir ao longo da campaña quedasen totalmente anulados. Á hora de emitir o voto, a corrente maioritaria de opinión non pensou en clave galega. Os problemas do país quedaron totalmente secundarizados ante unhas eleccións que, neste contexto, tiveron case un carácter de plebiscito no que atinxe aprobar ou castigar a xestión que fixo da crise o PP.

Vostede parece sumarse a tese de que as eleccións tiveron lugar nunha situación de excepcionalidade.

É que iso resulta evidente. As eleccións tiveron lugar nunha situación de total excepcionalidade que produciu un impacto moi grande nos seus resultados. Aínda así, pensamos que estes resultados revelan certas debilidades estruturais que ten o nacionalismo galego e que temos que analizar en rigor para corrixilas. Hai un contraste moi claro entre o comportamento electoral do noso país e o dos vascos e cataláns e, froito disto, o nacionalismo galego é moi fráxil á hora de lles facer fronte a ondas políticas estatais e o seu reflexo en Galiza.

Fala de debilidades estruturais do nacionalismo galego. Cales son?

O país sufriu nos últimos anos un grao de deterioro na súa identidade nacional que ten consecuencias no comportamento político e electoral. A diferenza de Euskadi e Catalunya, onde hai moitísimos elementos vertebradores da identide nacional, a situación en Galiza é de que se existe Galiza como país en gran medida é grazas á vontade política e o traballo social do nacionalismo galego. Galiza é unha nación, pero unha nación permanece historicamente en función da capacidade que teñan os seus axentes políticos e sociais para vertebrala consecuentemente. A responsabilidade histórica do nacionalismo e conseguir iso, e o BNG ten que tomar moi en serio este traballo.

Non habería tamén algunha debilidade ou incapacidade do BNG para convencer a xente das súas bondades electorais?

Eu penso que no resutado das eleccións pesaron moito máis os factores esóxenos aos que me referín nas preguntas anteriores e o contexto político no que tiveron lugar as eleccións, que a formulación coa que o BNG concorreu ás eleccións. É posiblel que, como en todas as eleccións, cometésemos algún erro, pero estou convencido de que iso tivo unha incidencia total e absolutamente marxinal nos resultados. O problema de fondo é que, froito desa falta de asentamento social do nacionalismo e desa conciencia nacional feble que existe en Galiza, o discurso do BNG coido que era pertinente, pero un sector moi importante da poboación estivo pendente doutras claves e non tivo en conta a clave nacional ao posicionarse de cara a este proceso electoral. Ademais, hai factores esóxenos que magnifican iso. Por exemplo, o nacionalismo galego, por parte de moitos medios de comunicación, ten un trato marxinal. A maioría dos medios de comunicación informaron da campaña electoral única e exclusivamente dende unha clave española. Un observa os medios vascos ou cataláns, independentemente das súas afinidades políticas, e dáse conta de que procuran analizar as eleccións dende unha perspectiva autocentrada nos seus países. En Galiza iso é a excepción.

Esta situación que vostede analiza ten concreción xeográfica? As debilidades estruturais son máis fortes segundo cada sitio, cada provincia ou cada comarca de Galiza?

Eu penso que, de facermos esa análise, poderiamos caer no erro de que as árbores non nos deixen ver o bosque. O resultado das eleccións explícase moito máis en función dunha dinámica xeral que tivo unha tradución equitativa no conxunto do país, que en función de factores locais. Coido que os factores locais son bastante irrelevantes á hora de analizar o que pasou nestas eleccións. En todo caso, o único constatábel é que o nacionalismo galego mantén máis a súa base electoral onde se fixo un traballo social a pé de terra, e que o retroceso é algo máis significativo nas zonas urbanas porque unha característica dos electorados urbanos é que o seu voto é mais volátil.

Falloulle esta vez ao BNG o voto da mocidade?

O BNG segue tendo un voto xuvenil moi importante. O que acontece é que hai franxas da mocidade moi despolitizadas e que, á hora de emitir o seu voto, se rexen máis por modas que por elementos de reflexión máis profunda, e iso permitiu que o PSOE obtivese un voto importante entre os novos electores. Estou convencido de que nunhas eleccións autonómicas, o resultado sería totalmente diferente.

A cita electoral máis próxima é a das europeas. Tamén pode haber aí diferenza?

Aínda é cedo para facer prognósticos. O evidente é que as europeas están menos condicionadas pola tensión bipartidista do Estado. O voto é maís libre nesas eleccións. O BNG está ben avalado co seu extraordinario traballo no Parlamento Europeo durante os últimos cinco anos, e imos encarar este proceso coa máxima ilusión de cara a consolidar e reforzar a presenza de Galiza en Europa.

O BNG renovou as conversas cos partidos que apoian a Declaración de Barcelona. Chegará a haber candidaturas compartidas ao Parlamento Europeo?

A reunión das forzas integrantes da Declaración de Barcelona, que tivo lugar o martes pasado, foi para valorar o escenario político resultante das eleccións e para ver cales van ser os grandes retos que deben caracterizar a vindeira lexislatura. Tanto o BNG como as forzas nacionalistas vascas e catalás coincidimos en que o 14 de marzo debe servir para un cambio de ciclo que permita a rexeración democrática despois do proceso de involución tan grande que vivimos ,en particular, nos catro últimos anos coa maioría absoluta do Partido Popular. Este cambio debe servir tamén para inverter o proceso de recentralización do Estado e de involución autonómica que implementou Aznar e para que o Estado español se adecúe á realidade plurinacional. Respecto aos europeos, o único que podo avanzar é que o BNG está mantendo interlocución con distintas forzas políticas nacionalistas de cara a explorar as posibilidades dunha concurrencia en común.

En resume, e aínda tendo en conta que o BNG non lle foi ben nas pasadas eleccións, o evidente é que algo cambiou rotundamente. Ou non?

Aínda que nós non valoramos positivamente os resultados electorais do BNG, consideramos que se abre un escenario político que ofrece moitas máis posibilidades. En primeiro lugar, é bo que non haxa unha maioría absoluta. Iso vai dotar de moita máis fluidez a política estatal e vai favorecer a recuperación do diálogo como método de traballo político, fronte ao autoritarismo que caracterizou o goberno do PP. E os nacionalismos van ter un papel relevante na gobernabilidade do Estado. O BNG, aínda cun deputado menos, vai ter máis capacidade de influír na política estatal.♦

Nº 1.122 ● Do 25 ao 31 de marzo de 2004 ● Ano XXVII

Vivimos no mellor dos mundos posibeis"
Felipe González

Din que os do PP están nos días de telepizza, que non lles apetece sair á rúa, nin falar con **ninguén**.

O máis triste é Zaplana. Tanto que gastara en raios UVA e agora non poderá ir á **voda**.

Aznar e Raxoi culpan da súa derrota o "cerco mediático". Tamén o fixera Felipe González. Claro que hai cercos e cercos. O que "rodeou" o PP constaba dunha única emisora de radio e durou tres **días.**

Francisco Vázquez estaba pletórico presidindo en Madrid o acto da Federación de Municipios en lembranza das vítimas do atentado. Dáballes abrazos a todos e parecía el o futuro presidente. Pero cando acadou o éxtase foi ao día seguinte, despois de ler na *Voz* (24 de marzo, páxina 41) o seguinte titular: "O seme dos coruñeses

O movemento cidadán, aínda na vangarda

ADELA FIGUEROA

As eleccións modificaron radicalmente o panorama estatal, mais en Galiza faltan por facer moitas cousas. As plataformas, caso de *Nunca Máis*, teñen moita vixencia de cara ao futuro.

Acabamos de pasar pola experiencia dunhas eleccións que castigaron, rotundamente, unha serie de decisións contrarias á opinión da maioría dos cidadáns. Desde o afundimento do *Prestige* non paramos de manifertar nas rúas a nosa repulsa á política partidista do goberno do PP da Galiza e de España. Non se cedeu no esforzo, xeneroso e desinteresado, de denunciar as acións ilegais e antidemócráticas dun goberno de actitudes autoritarias. Recoñezo que durante estes últimos dias, coa matanza de traballadores, estudantes e demais cidadáns inocentes que ían no tren de Madrid, volvín sentir a mesma sensación que no momento do *Prestige*. A resposta do Goberno seguía a mesma pauta de comportamento. Tamén, nestes últimos días, previos ás eleccións, un sentimento acochado, lonxano, pero aínda vivo, voltou agromar: era a sensación de medo, de inseguranza cidadá, e de opresión que tiñamos os que vivimos baixo o franquismo. Moitos dos que votaron este pasado 14 de marzo non coñecen esa sensación, pero para min foi nidiamente sentida. Outra vez voltaba o escurantismo, a opresión, a rolla pechando a garrafa sobre as nosas cabezas. Mais moitos dos que lembramos esa sensación e os que nunca a viviron dixeron non outra vez.

O movemento cidadán, nesta etapa que vivimos, que naceu nun 1 de decembro de 2002 na Galiza, como mostra da dignidade dun pobo contra un goberno que destrúe o medio natural e traba as nosas posibilidades de futuro, xa se tiña estendido por todo o Estado. Demostrou que agora xa era imparábel. É certo que as tecnoloxías foron as grandes aliadas. Antes non tiñamos a internet nin teléfonos móbiles pero, tamén, é que os movementos cidadáns están na actualidade estendidos por todo o mundo como unha expresión da vontade popular alternativa e/ou complementar da política partidista. Foran nacendo paseniño, paseniño, como resposta ás agresións ao ambiente por un modelo de civilización devoradora e destrutora, por un modelo económico fagocitario de todas as riquezas e recursos naturais e como resposta ás desigualdades entre países pobres e países ricos, cada vez maior, e como alternativa a este modelo de globalización, ofrecendo un modelo de desenvolvemento sustentábel e de reparto da riqueza. Sempre na crenza de que non hai maior contaminación que a pobreza, física, cultural e material.

A partir do Cumio de Rio de Janeiro, no 1992, os múltiplos foros sociais foron creando un estado de opinión de repulsa, entre a maioría dos cidadáns, que se sentían estafados polo actual modelo económico.

Tamén moitos destes cidadáns, na súa maioría mozos, séntense decepcionados pola política de partidos, que funciona respondendo a intereses que, en moitos dos casos, non teñen a ver cos da maioría dos cidadáns. Teñen máis a ver coa competencia de mercado e coa procura de "clientelismo". A corrupción da clase política, xeneralizada e admitida, case como se fose un mal inevitábel, non é aceptada por moitos.

Orabén, neste momento, o pasotismo ou a abstención dos tantos que están desencantados da política de partidos, foi substuída por unha participación masiva ás urnas, no sentimento común de que os gobernantes chegaran lonxe de máis.

Os movementos cidadáns estiveran engraxando a maquinaria da participación, da responsabilidade cidadá, para coas políticas do país. Mais novamente nos encontramos na situación de ter que ir votar "contra alguén". Non é a primeira vez que acontece e, se repasamos a historia recente, ocorre despois dun goberno de maioría absoluta. Recoñezo que nunca foi peor que na situación actual, porque agora estaba en causa a propia continuidade do sistema democrático.

ANA PILLADO

■ O CHAMADO VOTO DE CASTIGO.

Nesta situación acaban por seren castigados os partidos que nada teñen a ver no deterioro da situación, incluso aqueles que máis colaboraron a crear unha conciencia colectiva de responsabilidade cidadá. Tal é o caso galego do Bloque Nacionalista Galego (BNG). É certo que os manifestantes non eran todos militantes do Bloque ou, na España, de Esquerda Unida, pois non hai ningún partido que teña tal numero de afiliados como os que saíron ás rúas nestes últimos tempos, mais é certo que, polo menos no caso galego, o Bloque se implicou profundamente nas mobilizacións cidadás, tanto as relativas ás protestas pola ma xestión do caso do *Prestige*, como antes da invasión do Iraq.

Moita xente normal se mobilizou deixando de parte moitos dos afáns que lle ocupaban antes o seu tempo, tomando o protagonismo das opcións políticas. Mais, se ben no resto de España a mudanza política foi total, en Galiza non se dá, polo de agora. O PP continúa a ser a forza máis votada. A rede caciquil que goberna o entramado dos votos, resistiu o embate das torpezas cometidas polo seus dirixentes. Aínda envergoña ver os resultados das votacións en poboacións como Toques ou Muxía. Polo que a Galiza respecta, continuamos "nas maus do vento" porque o encargado de levar o leme da nosa "xangada de Pedra", é un ancián. Mais este pobo votou maioritariamente por iso. Unha séntese tentada a ter vergoña, se non tivésemos unha fe inquebrantábel no noso pobo, ou no dereito universal de calquera pobo a exercer como tal con toda dignidade. Sabemos como funciona o nefasto círculo da pobreza e da miseria, e como condiciona o comportamento dos máis desprotexidos. Por iso imos continuar, a pesar de estarmos un pouco cansos. Como di Suso de Toro (ANT, 1.121): *até cando, que máis teremos de facer...?*

> **'É** certo que, polo menos no caso galego, o Bloque se implicou profundamente nas mobilizacións cidadás"

As grandes cuestións continúan pendentes para nós a pesar da vitoria das esquerdas, ou da derrota das dereitas:

Continuará a mesma política enerxética a sementar ventoíñas polos nosos montes? Continuarase a tentar dominar os nosos ríos asulagando os nosos vizosos vales? Sen que Galiza teña ningunha regalía por iso, ningunha compensación (canon enerxético, por exemplo). Seguirá a sacrificarse a riqueza biolóxica das nosas rías para

Continúa na páxina seguinte

Cartas

Se ofendín, desculpas

Custoume entender a carta do profesor Francisco Dubert no pasado número porque non comprendía a que era debida. Non quixen ofender a ninguén en concreto con ningún artigo da serie "O tempo aberto" ou que ninguén se sentise atinxido de forma persoal ou particular. Se ofendín, as miñas desculpas.

Para min teño que o noso país estao facendo mal en practicamente todos os planos, tamén no da lingua, e que en xeral convén revisar e virar case todo o que se está a facer. E con seguridade que opinei para cambiar eses puntos de vista. Se, con esa teima, me expresei mal ou de forma desconsiderada para alguén, desculpas de novo.♦

SUSO DE TORO
(SANTIAGO)

Xavier Vence e o PP

Non entendo moi ben que quere dicir o señor Vence nun artigo de *A Nosa Terra* (nº 1.121, 18 ao 24 de marzo) cando califica aos votantes do PP de extrema dereita. Se o PP leva o 55% dos votos en Galiza aviados vamos se é así. Pero non o é. Eu voto Bloque, pero na miña familia son máis os que votan PP. Para min non son de extrema dereita, aínda que teñan un punto de vista diferente. Eles tamén teñen as súas razóns. Tampouco penso, como insinúa, que o Bloque fixese unha campaña para captar o voto dos empresarios do PP. Eu non o entendín así. O que sucede é que entre os centos de miles de persoas que votan PP en Galiza hai moito obreiro e moita xente traballadora. A eses tamén terá que tratar de convencelos o BNG. ¿Ou senón a quen temos que convencer? ¿Ou é mellor non gañar nunca as eleccións ou deixárllelos o PSOE? Outra cousa é que haxa erros que por suposto que os hai.♦

XOSÉ L. MARTÍNEZ
(VIGO)

Trolebuses coruñeses

O pasado 4 de Xaneiro cumpríronse 25 anos da supresión dos últimos trolebuses coruñeses, vítimas dunha estúpida lei aprobada durante o rexime franquista que recompensaba as empresas de transporte urbano que reconvertesen as liñas de trolebuses noutras de autobuses.

Os trolebuses tranportaban sen contaminar, sen fumes, relaxadamente. Cando na Coruña existía este medio de transporte, era esta unha das cidades do Estado onde máis barato custo tiña o transporte urbano debido a que a electricidade é unha fonte de ener-

Vén da páxina anterior

pór nelas a pouca industria á que Galiza ten acceso? Continuará unha política de transportes que non contemple a boa comunicación interna e coas comunidades limítrofes? Continuará a progresiva diferenciación entre a Galiza interior e a costeira? Cal será a política forestal destinada para Galiza? Que acordos pesqueiros se van tomar no noso nome...? Se voltase outro *Prestige*, cal sería a alternativa?

Hai quen di que a situación era de máxima urxencia. Que despois de ter desposuído o PP do governo, coa instalación dunha situación mais democrática, xa será a vez das reinvidacións mais particulares nosas... Eu isto xa o teño ouvido máis veces e non podo menos de pensar que sempre nos toca a nós.

En fin , respondendo a Suso de Toro, e a min mesma, coido que aínda fica por facer máis un esforzo. Un esforzo que leve aparellada unha maior confianza en nós mesmos, en que somos capaces de resolver os nosos problemas e procurar as axudas que necesitemos, pola nosa propia man. Como eu son profesora, confío no relativo poder da aprendizaxe, e da pedagoxía. Temos que levar unha pedagoxía da autoestima, que nos leve a esixir aquilo a que temos dereito, e a termos forza para xestionar os nosos recursos humanos, naturais e elaborados. Por iso a política cidadá non pode rematar. Ten que estar aí para demandarlles aos políticos que exercen nos partidos as necesidades do pobo. Gañar unhas eleccións non pode representar un cheque en branco por catro anos. Se estamos cansos, consideremólo como unha carreira de fondo. Aforrar forzas, non gastar en salvas, pero mantérmonos alerta.

Así manteranse as plataformas cidadás como *Nunca Máis*, e outras que xa existen.♦

Adela Figueroa Panisse
pertence á *Plataforma Nunca Máis* de Lugo

As leccións do 14-M

Ramón Muñiz

Os resultados das eleccións xerais precisan dunha fonda reflexión no nacionalismo para evitar que a bipolarización afecte ás autonómas do 2005.

Persoalmente estou encantado polos resultados electorais do 14-M. Que perdese o PP foi un verdadeiro alivio para quen pensabamos que coa súa vitoria ía agravarse o pesadelo da intransixencia antidemocrática que marcara todos estes anos de goberno de Aznar. Que gañase o PSOE sen maioría absoluta resulta moi positivo para un novo tipo de goberno baseado no diálogo e o respecto, liderado por unha persoa que fixo votos de humildade, algo que, si ben é necesario en todo o mundo, máis aínda nos políticos. Que a maioría do resto dos partidos minoritarios que ocuparán escanos no novo parlamento sexan nacionalistas e, polo tanto, con quen teña que negociar o PSOE para gobernar, presupón unha etapa favorábel a estas posicións no sentido dun maior recoñecemento ao carácter plural do Estado, incluso a un avance cara a un reximе federal, que non é pouco, conseguindo, ademais, polos previsíbeis cambios de estatutos e da propia constitución, romper o tabú da súa inamobilidade e abrir perspectivas de futuro.

> **'O** BNG tivo 65.000 votos máis nas eleccións ao Senado"

En canto á magoa do retroceso do BNG, por esperado, aínda que non de tal magnitude, non me resultou tan traumático. Entre amigos que falabamos das eleicións pensabamos que non pasariamos de dous deputados. Tanto pola bipolarización que se estaba a dar entre os grandes partidos (agudizada despois do 11-M) arroupados polo aparato mediático, canto pola limitada conciencia nacionalista existente no noso país pero, tamén, porque non viamos que non pasara en Galiza nada especial que fixera pensar nuns bos resultados para o Bloque e pola contra, si ocorreran feitos desfavorábeis que presaxiaban o seu estancamento, tales como a perda das alcaldías de Ferrol e Vigo, ao que había que engadir os sucesos do Concello desta última cidade que propiciaron o acceso do PP á alcaldía.

Así pois, os 200.000 votos recibidos polo Bloque, polas circunstancias ditas, poden considerarse moi firmes, é dicir suponse que se trata dun votante de clara ideoloxía nacionalista. Pero o BNG conta, ademais, cunha bolsa de votantes, non ideoloxizados no nacionalismo pero si, cun nivel cultural medio bo e polo tanto reflexivo. Estes son os que se lle escaparon para o congreso cara ao PSOE porque na súa lóxica pensaron que o importante era botar fóra o PP e soamente podería facerse votando o PSOE. Non embargante, no senado sentíronse liberados para votar a quen preferían, incrementando os votos do Bloque nuns 65.000.

Resulta, entón, previsíbel que esta bolsa de votos regrese ao nicho do BNG nas autonómicas por canto que nesas eleicións os votantes non están condicionados polo utilitarismo que se deu nas xerais. Pero, se se quere ter unha base sólida para abordar as autonómicas con perspectivas de éxito pensando, asemade, nunha suba do PSdeG, que en conxunto lle puidese arrebatar a Xunta a quen a ten e na que, na nova, o Bloque teña unha posición relevante ou mesmo preminente, serán necesarios, como mínimo, uns 100.000 votos máis, cuestión difícil pero non imposíbel.

Claro que se auguro a probabilidade de recuperar con folgura nas autonómicas eses votos do senado perdidos para o congreso nestas xerais, para superar esa cifra haberá que gañala a pulso porque se trata xa de persoas moi volúbeis no seu voto e que agora o PSdeG, contando co goberno amigo, está en mellores condicións de atraelas. E non creo que sexa con discursos máis moderados ou máis radicais ou con maior peso no nacionalismo ou maior peso na esquerda como se van conseguir, senón con feitos que promoven líderes; e feitos e líderes son fundamentais para potenciaren unha organización aos ollos dos cidadáns. A cuestión está en saber aproveitar moi ben a problemática social existente tanto a nivel micro (concello) como macro (Galiza), para poñela na conciencia dos cidadáns baixo o liderato nacionalista e, logo, sacarlle todo o rendemento electoral posíbel. Esta é a ardua tarefa dos nosos dirixentes.♦

Ramón Muñiz é sociólogo.

Xosé Lois

Correo electrónico: info@anosaterra.com

xía máis barata que o petróleo.

Máis de 200 cidades de Europa, entre as que salientan Xenebra, Boloña, Atenas, Salzburgo, Moscova –que conta coa meirande flota de trolebuses do continente, 1.660 vehículos repartidos en 80 liñas. Tamén funcionan no veciño Portugal, en Coimbra.

Este medio, a diferenza do tranvía, prescinde de raís, ten maior flexibilidade e pode realizar adiantamentos.

Na Coruña, no canto de pór un tranvía turístico ruinoso e que só produce perdas... non sería mellor poñer unha rede de trolebuses, híbridos algúns deles, quere dicir, cun motor diésel de emerxencia, para que en caso de falla de electricidade ou calquera outra circunstancia poidan converterse en autobuses?

Paréceme digno lembrar que en 1989, cando o Concello de Pontevedra estaba a suprimir a liña Pontevedra-Marín, o actual eurodeputado Camilo Nogueira encabezou unha concentración a prol da permanencia deste ecolóxico medio de transporte. Malia iso, o daquela alcalde de Pontevedra, Xosé Rivas Fontán, optou por suprimir a última liña de trolebuses existente no Estado.♦

Héctor Poderoso
(A Coruña)

Volver á xente

Non entendo o do voto útil nin o bipartidismo, o que penso é que a mensaxe nacionalista non lle chegou á xente, nin sequera aos máis novos. Xa viña de atrás pero na campaña electoral, os nacionalistas fomos pisoteados e insultados por columnistas que criticaban sen seren respondidos por dirixentes do BNG. Daba a sensación de que estabamos cohibidos. Penso que hai persoas dentro da organización que perderon a credibilidade. Considero unha perda de tempo falar e negociar con sectores que xamais lle darán o voto a esta formación. O BNG debe facer unha política diferente que teña a verdade por diante. Iso é o que buscan os votantes cando escollen a súa papeleta.♦

Luís Chapela
(Moaña)

Os textos enviados a esta sección non deben sobrepasar as 45 liñas. Estarán identificados co nome, enderezo, documento de identidade e asinados.
A Nosa Terra resérvase o dereito de publicación e resume.
Non se mantén correspondencia sobre orixinais non solicitados.

está entre os de máis calidade do **mundo**".

En política hai vencedores e derrotados, longas épocas inmóbiles e moita inercia. Pero tamén hai que estar abertos á cantiga: *Sorpresas te da la vida, la vida te da sorpresas,* ***ay!, ay!.***

Cambiaron de signo os cualificativos superlativos e as vendas de xabrón. A Blanquito xa lle chama a prensa de Madrid "O bruxo de Palas **de Rei**".

Curso de socialismo en dúas palabras. En tempos de Felipe era o *look*. Agora ZP é ***fashion.***

Zapatero propuxo xa retirar as tropas do Irak e envialas a Afganistán. Xusto onde si está **Al Qaeda**!

Que Israel é un país democrático ninguén o dubida. Decide matar os líderes dos países adversarios por votación do Goberno. A transparencia é tal que incluso informaron dos sufraxios en **contra**.♦

Nº 1.122 ● Do 25 ao 31 de marzo de 2004 ● Ano XXVII

EN PRIMEIRA PERSOA

A suma **PP-PSOE** retrocede no País **Vasco**

Ramón Zallo escribe en *Deia*, dous días despois das eleccións, un artigo titulado: "A segunda transición se acelera". "En Euskadi, afirma, o PSOE sustitúe o PP como segunda forza, o que quere dicir que o frontismo antinacionalista e a deslixitimación do cambio que **Mayor Oreja** propugnaba fracasou. O PP perde case 10 puntos na CAV [Comunidade Autónoma Vasca] e 12 en Navarra. Mais, non todo ese voto o recupera o exitoso PSE. O *constitucionalismo* en conxunto (PP+UPN+PSE+CDN) tamén caeu, nada menos que cinco puntos (de 832.147 a 813.834), e se se suman os votos de nacionalismos e vasquismo en toda Euskal Herría (incluida IU-EB, asi como o 90% dos votos nulos identificábeis con Batasuna), por primeira vez supera con 825.000 o constitucionalismo, que baixa do 51,5% na CAV ao 46%, e do 80% en Navarra ao 72%. E iso nunhas eleccións xerais que é un escenario á medida dos grandes partidos do Estado e onde o elector vasco se comporta de maneira distinta a unhas autónomas ou locais".

Destes datos, o profesor vasco colixe que: "o PSE debe anotar xa que é bastante unánime na CAV a necesidade dos cambios e das consultas ás que se opuxeron tanto o PSE como o PP. Preguntáronse eses partidos en que molesta ou perxudica aos propios votantes do PSE ou do PP que haxa máis autogoberno, se estableza o dereito de consulta como suxeito, haxa garantías de cumprimento dos acordos de Estado, unha administración máis achegada e autosuficiente, unha representación internacional ou unhas seleccións deportivas propias, se estivesen garantidas cun pacto de ferro as identidades culturais, nacionais e políticas de todas as inmensas minorías que somos, e ademais o modelo de Estado fose asimétrico e federal? É algo compartido pola inmensa maioría da sociedade vasca a pesar do discurso das cúpulas do constitucionalismo. O proceso é inexorábel aínda que teñan que tenderse pontes tácticas para facer compartíbel o proceso por unha suficiente maioría de forzas políticas".♦

Furgóns fúnebres en Madrid.

*A **policía** sabía, desde o principio, que non era a **ETA***

El País (24 de marzo) narra algúns dos feitos do fatídico 11-M. "**Ángel Acebes** comparece no Ministerio do Interior ás 13.30 (...). Expresa a súa crencia de que a ETA é a autora do atentado. Cualifica de *absolutamente intolerábel calquer intoxicación por parte de miserábeis*. Refírese ao dito por **Otegi** unhas horas antes. Acebes non anuncia que a policía ten unha testemuña. Pero haina. Alguén que di ter visto os homes que se baixaron da furgoneta. Non queda tempo que perder. Dous funcionarios, de paisano, introdúceno nun vehículo dos chamados K (camuflados) e sácano do barrio da estación para interrogalo (...). Apenas intercambian palabras. Só hai un momento no que a testemuña, presa de gran nerviosismo, arremete contra o xefe de Batasuna, Arnaldo Otegi, quen nega que seña a banda terrorista ETA a autora do atentado. -E este impresentábel di por riba que non foi a ETA! A testemuña fica apampada cando escoita a resposta dun dos axentes. -É que non foi a ETA. No coche da policía sigue posta a radio. No seguinte informativo escóitase a voz de Acebes asegurando que é a ETA. Un dos policías comenta en voz alta. -E este aínda segue con que é a ETA!".♦

*A culpa dos antigos **abstencionistas***

El Mundo (23 de marzo) publica o seu "Diagnóstico de *El Mundo* sobre o 14-M" en forma de decálogo. No punto octavo apunta que "a clave do trunfo do PSOE estivo nos abstencionistas de 2000", o cal "non resta un ápice de lexitimidade ao triunfo de Zapatero". O resquemor implícito sobre o voto dos outrora abstencionistas fíxose máis evidente aínda na boca da ex ministra Pilar del Castillo quen non dubidou en descualificar os novos votantes.♦

QUESADA / *Faro de Vigo*, 22 de marzo de 04

Indios

BIEITO IGLESIAS

Alá atrás recolleu Reigosa na súa columna as derradeiras vontades de Hatuey, cacique haitiano do século dazaseis. Cativo e atado ó pau, a piques de morrer no chamosco dunha cacharela, foi invitado a converterse á fe verdadeira pra finar cristiao. O indio preguntou se os españois ían ó Ceo e, como lle certificasen que unhos tantos alcanzaban a Gloria, refugou partillar a eternidade con almas conquistadoras. Por dicilo na prosa tremendista de certos teóricos do españolismo, estilitas de *El País* e escribidores frinxílidas da *Voz*, negouse a abandonar o ghetto cainita (aquel reiciño caraíba non estudara en ikastola pero, analfabeto e todo, tiña a España debaixo dun dente), permaneceu no cárcere identitario indíxena antes de abrazar a unidade de destino no universal. No seu día, Boadella armoulle un cristo a Pujol porque o *honorable* seica quería privalo de lustrosos connacionais. Hatuey renunciou sen máis nin mangas a ser compatriota de Indíbil e Mandonio, de Cervantes, Velázquez e Raúl Merengue. Hai tipos así, máis retortos que a serpentina dun alambique. Igualmente rariños son os electores recalcitrantes ó sufraxio útil, mesmo cando se dan circunstancias como as vividas na última consulta, capaces de abducir ó máis pintado. Existen individuos de aparencia normal, sen o dedo maimiño teso daqueles *Invasores* de telefilme dos anos sesenta, que nunca votan por sucursais de alpendres madrileños, que xamais volven polo *partido do estranxeiro* (tómolle a palabra a De Gaulle aínda que el usase a nomeada pró Partido Comunista). Coñezo suxeitos saudosos mesmo do estatuto de apátrida, do salvoconduto outorgado pola ONU en lugar de pasaporte, que se lle concedía a algús disidentes soviéticos, case todos xadrecistas.♦

O BLOG DO RUMBAR — **MANUEL RIVAS**

O rancor

"Son perros que ladran su rencor por las esquinas" (José María Aznar, en Santiago de Compostela, o 26 de xaneiro do 2003). E pouco máis dun ano despois, por aí anda o home a ouvear o seu rancor polas esquinas. Mesmo cando vai saír na televisión, antes de o ver, os nenos saben del por aquela pista olfactiva que deu Roald Dahl para detectar unha bruxa. Encol dos cans, un proverbio árabe que non vén a conto, mais como quería Walter Benjamin cómpre facer rular o material dispoñíbel: "Non poñerás dereito o rabo dun can aínda que o metas vinte anos no cano da fonte".

(Tiven un pesadelo: As baleas dábanlle a medalla de Moby Dick ao capitán Ahab). Primeiro foi Cascos. A medalla de ouro de Galicia!. Logo, o premio de Comunicación de Galicia a Alfredo Urdaci, o director de informativos da TVE na *aznaridade*, condenado por manipulación na folga do xeral do 15-X. O home que cando o *Prestige* fixo o telexornal na ponte dun acoirazado da Armada, apuntando a información contra terra. Iso crea estilo. Xa din en Hollywood que os rabudos dan mellor en pantalla. Mirade senón o alcalde de Toques, Moncho o de Sada, Castro o de Ponteareas! Que galáns, que repolos! En algo diso, en crear escola, estaría pensando o xurado, digo eu. Hai que manter a liña, a estética. O xénero. Os malos facían o Camiño de Santiago por arrepentimento e para purificarse. Agora fanno para recoller unha medalla. Premios hai moitos, mais este gañouno a pulso. Só falta que na entrega Urdaci corresponda como é debido e diga en Ano Santo o de Mae West: "Cando son boa, son moi boa, pero cando son mala, son mellor". Parabéns ao xurado.

Xustiza histórica. Merecer merecíaos, medalla e premio, unha moza fotógrafa chamada Sandra Alonso, que asinou en *La Voz de Galicia* unha imaxe estarrecedora e inesqueCíbel, exacto retrato dun tempo feo, co gallo dunha protesta estudantil que coincidiu coa pompa na praza do Obradoiro da última toma de posesión da presidencia da Xunta. No seu honor, no da fotógrafa, rescato este rumbar poético:

Decídeme:
É certo que aínda goberna a nosa terra ese home tan falso?
Eu non son de aquí,
eu vir vin mercar uns zapatos de peregrino.
E agora teño morriña dos meus campos de lavanda de Provenza.
Galicia, paquete de unto envolto no fermoso mapa de Fontán,
co rostro dunha moza ensanguentada o 15 de decembro do ano 2001.
Escorrega o seu sangue polo río do Esquezo.
E eu sei o que ela mira.
Olla con pavor a indiferente maioría
que devora e vomita esa fotografía.
Pasa o paso da oca,
a marcha do antigo reino da arqueoloxía.
E ti, gaita grileira, gaita redonda,
campesiña con aires de marquesa,
por que non tocas algún día para nós a Marsellesa?

A música! No Auditorio de Santiago de Compostela, o 18 de marzo. Extraordinario concerto *In memoriam* Manuel Balboa. Estrea absoluta d'*Os camiños do firmamento*. Real Filharmonía de Galicia. Dirixiu: Antoni Ros Marbá. Violín solista: Francisco Comesaña. Unha magnífica tempestade, unha turbulencia que puxo en vilo a noite. Había moi pouca xente. Mellor.♦

Delirios de A. Muñoz Molina

X.L. FRANCO GRANDE

En *El País* do 12 de marzo publicou Antonio Muñoz Molina un comentario ós feitos criminais do día anterior, aproveitándoos para combater o País Vasco, os nacionalismos e máis cousas, como as televisións autonómicas (pero non TVE, por suposto) e dando por feito que aqueles crimes eran obra da ETA, nun momento no que nin o Goberno chegara a tanto.

O día 12 xa se sabía en todo o mundo a que terrorismo se lle podían apoñer aqueles atentados. Ata *The New York Times*, en editorial dese mesmo día que transcribiu *El País,* atribuíallos ó terrorismo islámico. A ETA empezou a xurdir moi logo nos discursos de Aznar, de Acebes, de Ana Palacio e José María Michavilla, atarefados en tecer as súas mentiras trapalleiras. Tamén Muñoz Molina pasou a ser voz dese coro, desaloxado do poder dous días despois.

Os atentados serían, na tese do xienense amadrileñado, a obra máis extrema do delirio nacionalista, un delirio que tería levado ás nais do País Vasco a encirrar ós seus fillos contra a dereita, país aquel onde se deifican os verdugos, "*a los que han canonizado como encarnación de Cristo o de Che Guevara o de los dos al mismo tiempo*". Tampouco se esquece do clero vasco, un dos culpables da existencia dese delirio.

Esas e outras cousas foron creando "*un enemigo común que es el estado central que se personifica en Madrid*". Ou sexa, que os atentados do día 11 ocorren en Madrid porque Madrid produce noxo e xenreira na periferia. Para soster semellante disparate cómpre falsear a verdade, desprezar o raciocinio e volverse un iluminado talibán: xa entón, como digo, estaba claro que os atentados non eran obra das "*formas más extremas del delirio nacionalista*". Nada de piedade polas vítimas; só noxo e xenreira contra os nacionalismos.

Non sei se viven en Madrid "*opresores, explotadores, policías, gente burda y racista cuya única obsesión... ha sido la de conspirar contra la libertad y el progreso de los nobles pueblos periféricos*" –que así xulga, pola súa conta, que ese é o noso concepto da capital. Pero si que lle faltou engadir que alí campa tamén xente miserable e dunha baixeza moral como a do autor do texto que comentamos. Supoño que o estará pasando moi mal co resultado das eleccións de dous días despois. Pero nin así espertará do seu sono. E nin aínda así se vai desculpar.♦

Fala o home que foi ameazado de morte polo xefe da Policía Local de Celanova

'Se non fose pola miña veciña Sinda, eu estaba enforcado'

PERFECTO CONDE

Xosé Dorado a piques estivo de se suicidar logo da suposta coacción que recibiu do xefe da policía local de Celanova. Agora conta a súa experiencia.



Reportaxe Gráfica: P.C.

Des que morreron os seus pais, hai máis de corenta anos, Xosé Dorado Sánchez sempre viviu só na súa casa de Outeiriño, parroquia de San Paio da Veiga, Celanova, Ourense. Solteiro, non tiña máis que a amizade dos veciños e unha escasa parentela –dous sobriños– que viven en Venezuela. A súa casa, con parreira, pozo e adega, viu minguar as terras que a arrodeaban por mor dunha ampliación da estrada que vai a Xinzo de Limia, pero quedáballe abonda superficie para labrar coas súas propias mans. Agora ten 78 anos e xa non vive na súa casa. Está na Residencia San Carlos de Celanova. De cando en vez, sobe até o Outeiriño para ver como vai todo. Esta semana deixou que *A Nosa Terra* o acompañase á súa casa, e alí contounos o que lle acontece.

–Que tal, Xosé?

–Mal. Ese home estragoume a vida.

Xosé Dorado refírese a Fernando Mouriño Villar, xefe da Policía Local de Celanova e irmán do alcalde, Antonio Mouriño, que tamén é deputado provincial polo PP (ver *A Nosa Terra*, 1.103).

–Que lle fixo ese home?

–O peor. Meterme medo no corpo a punta de pistola e obrigrame a asinar un papel en branco que pensei que ía ser a miña perdición.

–Conte como ocorreu iso.

–Eu estaba aquí no corredor, onde está vostede agora mesmo, e chegou el moi meloso. Púxose a falar, falar e falar. Non paraba de falar, e nesas díxome: Xosé, tes que firmarme este papel en branco, porque se cadra teño que rachar o que me firmaches o outro día.

–Logo, vostede xa lle asinara algo?

–Había pouco tempo que eu lle cedera os restos dunha finca que me collera a ampliación da estrada porque el dicía que precisaba esa superficie para cambiala por unha toxeira que pertencía a Manuel Domínguez, un veciño que rematou enforcándose, o pobre, e que ao xefe da Policía Local víñalle ben conseguila para engadila ao terreo sobre o que está construíndo unha casa aquí perto. Cedinlla por 450 euros que non me pagou nunca, pero o malo non foi iso senón o que me fixo despois.

Neste punto da conversa, a Xosé atráncanselle as palabras e os seus enormes e profundos ollos énchenselle de bagoas que humedecen a súa cara chea de enrugas.

–Non se apure, Xosé, non se apure, apenas acerto a dicirlle.

–É que ese cabrón arruinou a miña vida. Fora mellor que me matara aquel día.

Cando logra secar as bagoas cun pano das mans que saca da súa coidadísima chaqueta, prosegue o relato:

–Eu non era que tivese amizade con el. Simplemente tiña algún trato. Casara cunha muller de Sandín, aquí ao lado, e falabámonos de cando en vez. Aquel día, aló polo mes de outubro do ano pasado –non lembro ben a data– ese mal home, cando lle respondín que eu non lle firmaba nada en falso, colleume polo ombreiro e meteume na casa á forza. Xa dentro, sacou a pistola e apoiou o cano contra a miña orella esquerda. "Ou firmas ou mátote aquí mesmo", díxome. E tiven que firmar á forza. En canto lle firmei, marchou disparado da miña casa.

–E logo que pasou?

–Eu tiña os números da súa casa e do teléfono móbil. Chameino, pero non me respondeu nunca. Até debeu cambiar os números, eu que sei. A min matoume o medo de pensar que el ía quedar con todo o que teño, que non é moito pero é o meu. Din por cavilar en que, dentro dun tempo ou así, ísase levantar con todo o meu capital, e eu quedaríame na rúa sen nada.

–E que fixo entón?

–Pasei algo así como dez días no inferno. Víame sen nada por culpa dese mal bicho. Non lle contei nada a ninguén, pero eu paseino malisimamente. Non podía dormir nin de noite nin de día. Deitábame na cama e tiña que erguerme outra vez. Poñía a radio e pensaba en que me ía quedar sen nada. Tomaba café cunha pinga de augardente, e todo empeoraba para min. Á fin, pensei en me enforcar porque estaba completamente aborrecido.

–En enforcarse?

–E non só o pensei. Laveime, afeiteime e mudeime para quitarme a vida. Escribín nun papel, dirixido aos veciños, onde quedaban os cartos para que pagasen as honras fúnebres e o meu enterro. Antes, aquel mesmo día, fora á vila e mercara un bote de silicona e a ferramenta de aplicala para que me selasen a sepultura. E, cando tiña as portas da adega abertas e unha escada para colgarme, listo para que se me acabasen os sufrimentos, apareceu a Sinda, a miña veciña, que me salvou a vida.

–Aínda menos mal.

–Menos mal, si… se cadra. Cando se está mal moitas veces é mellor morrer.

Xosé Dorado, a consecuencia de todo isto, botou máis dun mes hospitalizado en Ourense, onde lle tomou declaración á Garda Civil, e, ao volver a Celanova, contoulle os feitos á xuíza que está instruíndo este caso. Dende entón, vive nunha residencia da terceira idade na que se atopa a gusto: "Danme a roupiña lavada e repasada, e a comida feita", díxonos acenando un sorriso de complacencia.

–E o alcalde, Xosé, ou irmán do home que, segundo vostede, lle fixo tanto dano, non lle dixo nada?

–Nin me dirixiu a palabra. Estivo a dous metros de min nunha festa da residencia e non se dignou a falarme. Digou eu que, se fose outro, chamaríame e diríame: a ver, que pasou co meu irmán? Pero el, como se non pasase nada. Nin me fala sequera.♦



VIGO

Tamén votamos contra Aznar

XOSÉ M. AÑEL

O comportamento electoral da cidade foi semellante ao do resto da Galiza urbana. Falta por saber como estes resultados marcarán a política local das tres forzas maioritarias.

Que sucedeu en Vigo nas eleccións do 14 de marzo que non ocorrera noutras cidades galegas ou españolas? Convirán comigo en que só cunha boa dose de voluntarismo e manexando os números con moita imaxinación se podería extraer dos resultados producidos á beira do Lagares conclusións que nos levasen a pensar que os vigueses acudiron ás urnas pensando en algo distinto ao que motivou o resto dos electores do Estado.

A experiencia de moitas convocatorias demóstranos que nunhas eleccións xerais o comportamento dos votantes das cidades tende a uniformizarse. O 14 de marzo en todas elas medrou a participación máis de oito puntos; en todas se produciu un significativo aumento do PSOE; o PP apenas experimentou unha perda de votos, e en todas o BNG obtivo unha porcentaxe de sufraxios en torno ao 11%. Á vista dos números, non hai que ser un agudo analista para interpretar o sucedido. Os votantes *populares*, satisfeitos pola xestión desenvolvida polo goberno nos últimos anos acudiron ás urnas a apoiaren o seu novo líder convencidos de repetir anteriores vitorias. Simultaneamente, millóns de persoas en todo o Estado seguiron o mesmo camiño cara aos colexios electorais cun único obxectivo, desaloxar o PP da Moncloa. As enquisas acertaron. A maioría quería un cambio de goberno e os últimos acenos de Aznar e compaña, interpretados polos cidadáns como sinais de prepotencia e de desprezo pola verdade, conseguiron mobilizar un electorado que semellaba resignarse a ver a Mariano Raxoi na Moncloa. A marea de castigo ao PP case leva por diante non só o BNG, senón tamén a Izquierda Unida, que non conseguiu acadar en ningunha circunscrición do Estado o 10 por cento dos sufraxios.

Esta explicación, malia a súa simpleza, describe con claridade a substancia do sucedido en Vigo e máis no conxunto do Estado. Sen embargo, en Vigo puidemos escoitar as inevitábeis matizacións dos dirixentes socialistas locais, ávidos de aproveitaren a espectacular colleita de votos para avalar a súa xestión persoal. Non agardou nin vinte e catro horas a nova deputada Mª Xosé Porteiro en proclamar que a victoria do PSOE en Vigo constituía un refrendo á figura do ex-alcalde. Enchida de orgullo polos votos de Zapatero, a Porteiro non dubidou en lle atribuír a Pérez Mariño, e de paso a todos os que como ela o secundaron, o éxito do seu partido, ao tempo que consideraba o descenso electoral do BNG unha consecuencia da actitude mantida por este grupo durante a crise municipal. A argumentación da Porteiro ten varios puntos febles. O PSOE acadou en Vigo unha porcentaxe de voto semellante á de Pontevedra ou Vilagarcía, por citar só dous exemplos, mentres que o Bloque conseguía en Vigo a mesma porcentaxe ca nas demais cidades galegas, por riba do obtido na Coruña, Ferrol ou Lugo, o que desmente un asañamento maior do electorado vigués cos nacionalistas. Ademais, os candidatos do BNG ao Senado, menos afectados pola onda de pragmatismo dos votantes, apañaron en Vigo máis sufraxios ca a candidatura ao Congreso. No caso de Santiago Domínguez, concelleiro vigués, por certo, os apoios achegáronse aos 32 mil, máis do 18% dos votos emitidos na cidade.

Buscar diferenzas no comportamento dos electores vigueses o pasado 14-M non é outra cousa que tentar aproveitar méritos –máis ben deméritos– alleos en beneficio propio. Hai algúns ousados que, con máis afán de influíren interesadamente na opinión pública que rigor, insinúan que os resultados dunhas municipais se se convocasen agora pareceríanse a eses. Pero faltan aínda máis de tres anos para renovar o consistorio vigués e de aquí alá van pasar moitas cousas. Só apuntarei algunhas. Non hai máis que atender á designación de Corina Porro como senadora para decatármonos de que nin sequera ela confía en poder chegar a 2007 como alcaldesa. A vitoria socialista en Madrid ofrece grandes posibilidades de promoción a relevantes figuras locais, aínda que sexan independentes, e iso pode contribuír a que volvan á súa canle augas que arestora seguen baixando desbordadas. Co Plano Xeral encarreirado, o BNG fará máis patentes as súas diferenzas co PP. A inestimábel colaboración entre o Concello e o seu axente financeiro, o Consorcio da Zona Franca verase sen dúbida alterada pola despedida de Pablo Egerique, un dos principais damnificados pola derrota.

A avalancha electoral varreu outro nome histórico na cidade, Carlos G. Príncipe, o que agoira novos movementos internos no Partido Socialista. Ademais entra dentro da lóxica que as vindeiras eleccións autonómicas propicien unha reorganización do grupo nacionalista. En suma, nos próximos meses seguiremos asistindo a incesantes cambios no panorama político local. Alguén se atreve a facer prognósticos?♦

Aproveite a oportunidade para facerse cos catro volumes, co 20% de desconto sobre o prezo marcado, a medida que vaian saíndo.
1º volume: *Espazos Naturais de Pontevedra.*
2º volume: *Espazos Naturais da Coruña.*

A NOSA TERRA

Sr. Director
Rógolle que a partir desta data se sirvan atender con cargo á miña conta corrente/de aforros Nº..... os documentos de cobro que lle sexan apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. en concepto de compra dos catro volumes da colección Espazos Naturais de Galiza.

Nome ..... Apelidos .....
N.I.F. ..... Enderezo ..... C.P. .....
Localidade .....Provincia ..... Teléfono .....
Profesión..... Banco/Caixa ..... Axencia Nº .....
Enderezo ..... Localidade ..... Provincia .....
..... a ..... de ..... de 2003
Asinatura

INFÓRMESE CHAMANDO AO TELF. 986 433 8030 OU subscripcions@anosaterra.com

Rumor

X. M. SARILLE

Non sei se vostedes teñen a mesma sensación, pero parece notarse unha falta moi grande de transparencia nos medios de comunicación nas últimas semanas. Lense verdades a medias e desculpas que serían innecesarias se os xornalistas tivesen cumprido axeitadamente co seu deber.

O rumor volveu instalarse entre a cidadanía, como acontecía nos tempos de Franco. O rumor como fenómeno socioloxico fora estensamente estudado nos últimos anos do fascismo, porque tiña protagonismo e axudaba a conformar, deformadamente, a débil opinión pública da época.

Unha estrela do comunismo, galega, aderida ao *Generalísimo* naqueles tempos e hoxe paladín da democracia, comentaba con sorna que as mensaxes *sms* debían ser os novos medios de comunicación. Non sei onde está a graza, nin cal debería ser o comportamento dos cidadáns ante a mentira, ou as mentiras de Estado. Se el tivese movido só unha uña pola democracia cando tocaba, tería agora capacidade para colocarse do outro lado, do da democracia outra vez, e vería como á marxe de técnicas, sexan panfletos, faixas, correos electrónicos ou manifestacións, a necesidade de comunicar o evidente, de espallar a verdade, de desemascarar a censura, era a mesma agora que cando a infamia resultaba máis clamorosa e el tampouco estaba.

Recoñézoo, gastei catro mil pesetas enviando unha mensaxe que recibín o día de reflexión. Unha lenda falsa na forma e verdadeira no fondo. "Nunhas declaracións á BBC, George Bush lamenta que o apoio de Aznar á súa guerra en Irak, provocase o crime de Madrid". Seguro que non dixo tal cousa, pero ante o medo paralisante, resultaba a mellor verdade posíbel.

Cando Arthur Koestler abandonou o PC, afirmou que o marxismo era un mundo cerrado e completo, onde todo se demostraba entre si e aparentaba ter unha lóxica inexpugnábel. Todos os dogmas se retroalimentan, muscúlanse e endurécense. Tanto que ás veces os demais non se atreven. Considerar a pista de Al Qaida é de miserábeis (Acebes). Rumorear golpes de estado é pouco patriótico (Raxoi). Os terrorismos son todos iguais, non o pode dubidar (Aznar). Quen quere razoar? ♦

Responsábel da Coordenadora Galega pola Paz

Fernando Seixo

'Todas as guerras teñen unha causa económica'

RUBÉN VALVERDE

Dirixiu o movemento veciñal en Vigo durante anos, e estivo á fronte da Federación da Asociación de Veciños. Na actualidade é un dos responsábeis da Coordenadora Galega pola Paz. Foi un dos organizadores da protesta contra a guerra do Irak celebrada a semana pasada.

PACO VILABARROS

Que pretenderon coas mobilizacións da pasada semana en contra da Guerra do Irak?

En primeiro lugar queriamos denunciar que aínda sigue vixente unha guerra ilegal. En segundo lugar, coa mobilización queríamos amparar ao gañador das eleccións na decisión de ordenar volver as tropas do Irak. As mobilizacións sociais serven para censurar ou apoiar as decisións dos dirixentes.

Até que punto influíron as mobilizacións contra a guerra no resultado electoral?

Influíron na medida que axudaron a formar opinión. A resposta dos cidadáns contra a intervención bélica no Irak foi moi masiva. Especialmente hai un ano. Non se pode dicir que resultasen determinantes porque dende aquela xa pasou tempo. Pero si serviron para formar un caldo de cultivo que acabou pasándolle factura ao PP.

Por que a cidadanía se mobilizou máis nesta guerra que noutras?

A diferencia estivo en que nesta implicouse o Estado español. O Goberno tomou a decisión de implicarse nun conflito xunto a Estados Unidos e Inglaterra, pero coa oposición de dous países moi importantes dentro da UE, como Francia e Alemaña. O seguidismo de Aznar non foi ben visto polos cidadáns. Até agora as outras implicacións do Estado sempre foran a través da ONU. Ben para axudar na súa pacificación, ben con carácter de misións humanitarias. No caso de Irak, apóiase claramente a invasión dun país. Non existía ningunha xustificación, porque incluso os informes dos inspectores da ONU dicían que non se atopaban armas de destrución masiva.

Non todas as guerras son iguais?

Todas son iguais. O que ocorre é que na medida en que alguén se ve máis directamente implicado, aféctalle máis. Está a guerra de Chechenia, gran parte de África, o conflito árabe-israelita, etc. Pero ningunha desas nos toca directamente. A implicación é o que lle fai pensar á xente que é inxusta. Nos outros casos seguimos cos ollos pechados ante a morea de loitas que teñen lugar no mundo. En primeiro lugar porque non se dan posicionamentos tan fortes no seo da ONU coma no caso do Irak. En segundo lugar, porque os medios de comunicación pasan de largo por estes conflitos. Ao mellor informan un día, pero logo xa non volven presentarnos os mortos. Moitas veces os medios xogan un papel fundamental. Vémolo agora no Irak, onde oficialmente a guerra finalizou pero polo que aseguran os medios levan mortos máis soldados americanos agora que cando o combate era oficial. O que non nos contan son os ataques e as operacións que se están a levar alí a cabo. E todo o que non amosan os medios, non existe, porque a xente pode mirar para outro lado. Ademais, non sempre explican os intereses que hai detrás das guerras.

E cales son?

Todos os conflitos bélicos son conflitos económicos. Pero isto non é novo. Acontece dende o principio da historia. No caso de Irak o único interese era o petróleo. Pode dicirse que tamén interesaba tomar o país pola súa gran posición estratéxica, pero a razón máis forte era monetaria. Por iso agora parece que só se intervén onde hai algo que sacar, mentres que nos países pobres dá igual o que aconteza. Hai sempre sectores económicos que promoven os conflitos porque van sacar proveito deles. Sen dúbida, aquí vai haber quen tire beneficios da intervención no Irak. O que pasa, é que nin sequera niso se saca proveito porque a pesar de que as guerras favorecen a algúns poderes económicos, noutros casos prexudican a outros. Neste caso, vai afectar de xeito negativo ao comercio cos países árabes. Pero todas estas cousas o cidadán normal non as ve.

De quen é responsabilidade que o cidadán non perciba as causas dos conflitos?

Ao capital nunca lle interesa explicar porqué fai as cousas. O único que lle interesa é o beneficio. Tamén existe un problema na formación que se lle dá á xente. Aos gobernos non lles interesa que os cidadáns teñan a preparación suficiente para analizar as causas, porque deste xeito poderían cuestionalos moito máis. A mellor mostra é que só nos chaman para votar. Esa educación que nos están a dar reflítese en que logo falas con moita xente que di que non lle interesa a política. Cando en realidade estamos nunha sociedade na que todo o que se decide a nivel político nos afecta e polo tanto habería que falar dela.

Non percibe que a sociedade participa cada vez máis en mobilizacións sociais?

Penso que o das mobilizacións é cíclico e por outra parte enganoso. Por un lado teño esperanza nos chamados movementos antiglobalización que se están a dar no mundo. En parte é un síntoma de cambio. Pero até o momento, en xeral, considero que a sociedade está un tanto adormecida. A xente non se implica como debería nas organizacións sociais e tamén por iso non participa en política.

Moitas veces as propias organizacións sociais son as primeiras en afirmar que son apolíticas.

É certo. Este sentimento de apoliticismo está a impregnar toda a sociedade. Este é un problema grave. Por iso digo que o movemento social ás veces é enganoso. A xente non quere falar de política e as organizacións sociais tampouco porque a confunden co partidismo. Os grandes partidos axudaron moito nesta despolitización e por iso as organizacións sociais non queren falar de política. Eu estiven moitos anos na Federación de Asociacións de Veciños de Vigo. Cando nunha reunión tentabas falar dalgún tema polémico, a xente dicía que non había que politizar. As mobilizacións en Vigo son inmensas, pero non se quere falar de política. Hoxe en día vivimos con esta contradición.

Despois do 11 de setembro nos Estados Unidos iniciouse unha loita contra o terrorismo. Pensa que modificou a legalidade internacional?

A nivel mundial o terrorismo supón unha situación inquietante, pero os Estados Unidos valéronse dela para dar vía libre ás súas invasións sen que a situación mellore. O terrorismo non desapareceu despois de tomar Afganistán e Irak. Por outro lado, chámaselle terrorismo ao que a certos países lle interesa. Vémolo no conflito de oriente próximo. Os isrealitas poden entran cos seus tanques en territorio palestino e matar a quen queiran. Iso non se considera terrorismo. Cando un palestino se inmola levándose por diante a quen está a seu arredor iso é terrorismo. Semella que a diferenza está nos medios que se utilicen. A estratexia a seguir sería a de acabar co caldo de cultivo do terrorismo que non é outro que a pobreza. Unha persoa que non ten nada, que ve como se morre de fame a súa familia e aínda por riba hai países poderosos que non os permiten progresar, pode acabar facilmente no odio e no terrorismo. Acabando con estas situacións de desigualdade e miseria eliminaríase ese caldo de cultivo. Penso que ademais é posíbel acabar coa fame gracias aos grandes avances técnicos.♦

A década do BNG en Europa

ANA MIRANDA

O nacionalismo galego pode ficar fóra do Parlamento Europeo, tras unha lexislatura moi positiva. O BNG ben podería unirse a outras forzas para asegurar o seu deputado.

Protesta contra a guerra do Irak no Parlamento europeo. No centro, o deputado galego Camilo Nogueira.

A radiografía actual da Eurocámara apresenta a seguinte imaxe: 626 eurodeputados/as dos 15 Estados membros actuais da UE e 162 observadores/as dos 10 países que van ser Estados membros a partir de maio de 2004. O Estado español conta con 64 deputados/as que pertencen a distintas formacións políticas, entre elas o BNG, repartidas en distintos grupos parlamentares. A radiografía futura despois do 13 de xuño vai ser ben diferente, pasando a 732 escanos e 25 países representados. Así, nas vindeiras eleccións ao Parlamento Europeo de 2004, o Estado español perde 10 escanos pasando a 54, cifra que aínda vai ver diminuída a 50 no 2009. En termos de representatividade para os intereses galegos, e sempre dentro da correlación de forzas existentes, Galiza vai ficar ben disimulada, unha vez máis, coa anuencia do Estado e a compracencia dos grandes partidos que loitan por manter os seus escanos a costa de partidos de menor tamaño ou que só teñen representación subestatal. Mais non só o caso español. Coa excepcións dos países pequenos e de Alemaña, que mantén o seu número de escanos, moitos países van perder representatividade. Se Galiza tivese a capacidade de concorrer como circunscrición ás eleccións europeas, como Eslovenia, por exemplo, poderiamos ter sete eurodeputados e a un partido como o BNG corresponderíanlle proporcionalmente dous deputados. E xa sen comparar co esaxerado caso de Malta que vai contar con cinco deputados, ou Estonia e Chipre con seis. Escandaloso mais consentido. Porque os Estados teñen o instrumento da diplomacia e os que non temos Estado temos o instrumento pseudodiplomático da presión, da reivindicación fundamentada, ou dito doutra maneira, do que eu chamo o "método da perseverancia positiva". Por iso, as nacións sen Estado temos que continuar a nosa estratexia de incidencia política europea e internacional, estando presentes nos foros decisorios, tanto os de Bruxelas como no resto do mundo.

Nos pasados cinco anos, a importancia de que o BNG tivese representación parlamentar en Bruxelas supuxo un feito histórico, xa que o BNG na figura de Camilo Nogueira tivo a valentía e a a capacidade de expresar a súa estratexia nos temas europeos de importancia para Galiza mais tamén a participación e defensa en debates, decisións e coñecemento directo en temas de trascendencia europea e mundial como a defensa dos dereitos humanos, a cooperación, a mundialización, a cuestión das nacións sen Estado e as súas reivindicacións lexítimas en conexión con outras nacións sen Estado do mundo e a creación e Presidencia do Intergrupo de Nacións sen Estado do Parlamento Europeo, ademais de abrir contactos con partidos políticos de todo o mundo. Sempre actuando cos ollos postos en Galiza, pero cos ollos limpos e abertos para participar na evolución das relacións internacionais, dende un punto de vista protagonista, dinámico e aberto.

Porque non nos enganemos nin procuremos por norma achar inimigos na propia UE. As decisións políticas europeas incidiron en moitos casos negativamente en Galiza, non máis que moitas do Estado e menos aínda porque a UE ten menos competencias que as estatais; mais noutros positivamente, como calquera outras decisións de dereito interno, pois dá a impresión ás veces que se ve a UE como algo alleo, sen ser conscientes de que as decisións comunitarias tamén son ordenamento xurídico galego. Lembremos que na aplicación e xestión dos fondos estruturais e de cohesión, por exemplo, a incidencia directa da UE foi moi positiva en termos cuantitativos, mais moi negativa en termos cualitativos pola nefasta xestión da Xunta e do Estado. Penso que é xa necesario desterrar vellos mitos de maldades externas e concienciarnos aínda máis que sendo europeistas, que non "europapistas", os nacionalistas temos unha vía fundamental de proxección, non só vehicular polo feito de ter unha representación parlamentar en Europa, senón un micrófono aberto ao mundo, unha pantalla xigante na que actuar con absoluta igualdade e dende logo, sen ataduras. O que non podemos é desterrar a capacidade de crítica de certas decisións, mais partindo desta análise, saber que o problema está moitas veces na execución e non na decisión. Coido que isto xa é está asumido, máis convén lembralo de cando en vez.

O índice de participación e o modo de participación nas vindeiras eleccións europeas de xuño de 2004 vai ser fundamental para o caso de partidos como o BNG. A participación de voto máis alta nuns comicios europeos foi a das eleccións inmediatas á nosa adhesión a entón Comunidade Europea, cun 68,9%, baixando en 1989 a un 54,6%, volvendo a ascender ao 59,1% nas eleccións de 1994 e chegando ao 63, 4% das últimas de 1999. Vai ser difícil que se siga a tónica alcista de participación destas pasadas xerais, dadas as circunstancias excepcionais que foron, e tendo en conta isto, os comicios europeos en solitario poden espertar unha falla de interese ademais do suposto aberto do desbloqueo ou non da posibilidade de aprobación do proxecto de Constitución Europea.

O BNG, a través do seu grupo europeo, a Alianza Libre Europea (ALE), que este venres en Barcelona se constitúe como partido político europeo, con estatus xurídico e económico dos grandes partidos a escala europea, e no que vimos de participar, e a través do Intergrupo de Nacións sen Estado vén demandando insistentemente outra representatividade e circunscrición galega para as eleccións europeas como en Gales ou Escocia no Reino Unido, cuestión que vén negando sistematicamente o Estado, o único capaz, que non a UE, como lle manifestara expresamente ao eurodeputado do BNG, Camilo Nogueira, o Presidente da Comisión Europea Romano Prodi, para permitir que Galiza sexa circunscrición eleitoral.

Galiza ten proporcionalmente 3-4 deputados e nas vindeiras eleccións europeas vai contar proporcionalmente con 3. O BNG obtivo un total de 349.079 votos, o que equivale a unha taxa do 1,68% do conxunto do Estado e que deu como resultado a obtención dun escano. Gales, cun total de 2.226.000 habitantes ten direito a 5 escanos e o noso partido *partenaire* galés, o *Plaid Cymru* ten na actualidade 2 deputados, cun total de 185.235 votos e unha taxa de participación moi inferior á que tivo o BNG. Con estas cifras, a verdade é que a sensación de impotencia polo corsé legal que o goberno español se nega a afrouxar, supón que teñamos que enfrentármonos con decisión comparada a unhas eleccións complicadas, nas que insisto que a abstención vai ser un factor fundamental. Claro que vai depender de moitos factores, entre eles as decisións políticas que se tomen sobre a candidatura, que ten que ser a mellor, a máis sólida, como a case utopía de poder concorrer en solitario, ou a máis viábel solución de concorrer coaligados con outras forzas. A tendencia dos últimos resultados electorais vai impor posibelmente a segunda das decisións, cuestión que vai ser decidida no seu momento polos órganos de dirección do BNG. Penso que hai que examinar con detalle esta cuestión, non ter medos, non crer boa parte da publicidade institucional de que imos desaparecer do conglomerado europeo e ter claro que a nosa virtude en Europa, e noutras institucións, estivo na concorrencia como forza propia, aínda que agora as circunstancias destas eleccións igual non o permitan. O que si permiten indo en coalición é negociar coa nosa experiencia e credibilidade parlamentar e política.

> **"C**ómpre concienciármonos que sendo europeistas, os galeguistas temos un micrófono aberto ao mundo"

O Parlamento Europeo é, sen dúbida, a institución máis progresista e activa das institucións europeas, a institución na que os intereses dos cidadáns poden ser defendidos directamente a través dos deputados/as que os representan, onde o *lobby* cidadán e social ocupa un lugar protagonista, como a sociedade galega tivo no escritorio do BNG estes cinco anos. Coa inminente entrada dos novos 10 paises, a UE vai tomar unhas dimensións xeopolíticas que deben ser completadas con medidas de peso político específico no mundo e con vontade de decisión de constituírse nun referente da protección dos dereitos humanos e da democracia. Se a xeopolítica imperialista anglosaxona chega á expresión última no mundo do cinema, por exemplo nas películas de *James Bond*, debería a UE crear uns bos cimentos para que non lle pase o que lle ocorreu á fermosa película de Tornatore, *Cinema Paradiso*. E neses cimentos tamén estamos as nacións sen Estado, que temos que seguir incidindo politicamente e sen respiro. Por iso, o BNG non pode permitirse o luxo de desaparecer do Parlamento Europeo, e se non se aposta por unha cabeza de candidatura sobradamente coñecida, dadas as circunstancias destes comicios en solitario, corremos riscos enormes, aínda indo en candidatura conxunta. Caberían varias opcións posíbeis vista a situación estatal, vistos os anos de traballo europeo e as relacións existentes dentro do Parlamento, por exemplo coas forzas estatais da ALE, aínda que esa opción real e viábel non impide ter en conta outras posibilidades como unha coalición no marco da Declaración de Barcelona.

O BNG vai estar presente no Parlamento Europeo para continuar o traballo realizado até o momento e completar unha década da nosa presenza en Bruxelas continuando a falar de Galiza sen cancelas, coa elegancia analítica da defensa das causas xustas, que non perdidas, coa sinceridade de actuar polo ben público, co luxo de falar nunha lingua vehicular sen falsos pudores como o uso das nosas reivindicacións en lingua portuguesa. Supón a defensa dunha liña política, é a participación de Galiza na construción europea en condicións de igualdade e sen complexos.

Unha anécdota, hai pouco Mohamed Sidati, o Delegado da Fronte Polisario en Europa, díxome, "se non estades no Parlamento, quen se vai lembrar de nós?". Ou lembro cando Olívio Dutra, actual Ministro das Cidades do Brasil, veu hai uns anos ao Parlamento a apresentar a iniciativa do Foro Social Mundial e fomos nós inicialmente quen o escoitamos e lle procuramos contactos na Eurocámara. E destas anécdotas podería contar a moreas, é moita a xente de Galiza e de fóra de Galiza que se dirixe á oficina parlamentar do BNG no Parlamento Europeo, que demanda axuda, información, apoio. Non están en xogo só os intereses de Galiza, senón tamén a defensa dos intereses das nacións sen Estado, a primacía dos dereitos humanos e, dende logo, a promoción doutra visión de Europa e do mundo que teña máis en conta a realidade social, o multilateralismo e os valores democráticos como principio de actuación a escala mundial.♦

ANA MIRANDA é asesora parlamentaria en Bruxelas.

Carece da licenza municipal e será multada polas irregularidades

Un auto xudicial apraza o precinto das obras da papeleira de Celulosas

A.N.T.

Un auto xudicial impediu que o 24 de marzo operarios municipais do concello de Pontevedra precintasen a maquinaria de obra que realiza a ampliación de Celulosas de Pontevedra. Segundo o concello, as obras en cuestión carecen da necesaria licencia municipal e por esa razón será multada a empresa pontevedresa.

Unha das numerosas manifestación contra o complexo de ENCE en Pontevedra. PACO VILABARROS

En calquera caso, anúnciase un feixe de episodios na batalla legal que enfronta ao concello de Pontevedra coa Xunta e con Celulosas.

Contra Celulosas de Pontevedra está aberto un Expediente de Disciplina Urbanística no concello porque comezou ilegalmente unhas obras para preparar a construción dunha fábrica de tisú anexa á factoría de pasta de papel. Previsibelmente, o Expediente aberto concluirá co derrube das obras ilegais e cunha multa contra a papeleira.

As obras de ampliación e construción da fábrica de tisú nos terreos que Ence ten en Lourizán contan co apoio da Xunta de Galiza. A Administración autonómica procedeu a outorgar unha autorización a Celulosas, pero segundo o concello non motivou o seu fallo suficientemente.

Para levar adiante unha obra dunha empresa privada é obrigatoria a correspondente licencia municipal, pero o Xunta deulle ao proxecto de Celulosas a consideración de obra supramunicipal, o que lle permitiu obviar a esixencia de licencia. O propio presidente da Xunta, un dos mentores desta fábrica de tisú, realizou manifestacións que daban o visto bo á nova instalación industrial.

O concello afirma que a competencia para outorgar a licencia é municipal porque a obra afecta exclusivamente a terreos de Pontevedra, sen que se invadan termos municipais veciños. É mais, o concello advirte que a decisión da Xunta contravén a lexislación autonómica. A Xunta, pola súa banda, estima que a obra de Ence é supramunicipal porque socialmente afecta a máis concellos, argumento que non acepta a autoridade municipal.

Ao tempo de amosar o seu desacordo coa valoración da Xunta, o concello de Pontevedra procedeu a abrir o Expediente de Disciplina Urbanística en marcha. Agora, Celulosas escúdase nun conflito de competencias entre dúas Administración, Xunta e Concello, para seguir adiante coas obras en tanto non se resolven as diferencias entre o ámbito municipal e o autonómico. O propio xulgado que ditou o auto que impediu a paralización das obras indicou que de momento non poden poñerse en práctica medidas de execución como esta mentres non se resolva un recurso contencioso administrativo que a empresa presentou contra a decisión do concello de abrirlle un expediente. Este contencioso podería fallarse proximamente e daquelas o concello paralizar as obras, de modo que esta decisión do xulgado constitúe un aprazamento.

Por outra banda, o concello de Pontevedra tamén presentou un recurso contencioso administrativo. Neste caso é contra a decisión da Xunta de dar licencia a Ence amparándose na suposta supramunicipalidade da nova fábrica.

Pero os fallos xudiciais non significarían o final do enfrontamento. Son previsíbeis novos recursos tanto de Ence como da Xunta se os tribunais non ditan sentencias favorábeis, de modo que se enxerga unha longa batalla na que haberá novos episodios semellantes a este.♦

SANTIAGO

Outras voces, outras prioridades

XAVIER LÓPEZ

O cambio político en Madrid posibilita que as demandas municipais teñan unha nova dimensión. O alcalde quere que os grandes proxectos se fagan realidade nesta lexislatura.

Coma noutros sitios, o compás de espera rematou en Santiago coas eleccións e o seu inesperado resultado. Por unha banda, retomando antigos hábitos, o presidente da Xunta puxo a andar os seus conselleiros para elaborar unha restra de demandas a defender diante do goberno do señor "Zapateiro", que instituirá unha das vellas demandas de Fraga, a conferencia de presidentes autonómicos. Doutro lado, o alcalde de Santiago e os deputados electos da comarca, que estarán no grupo maioritario do Congreso, relén o seu programa electoral e prepáranse para defender en Madrid unha vintena de propostas sobre actuacións referidas á capital galega, entre elas a construción da estación intermodal da RENFE para acoller no futuro o AVE, a redución de prazos para a conexión por autovía con Lugo, os investimentos relativos aos polígonos industriais, o remate do periférico por detrás do monte Pedroso ou a estación depuradora de augas. Os socialistas comprométense a ser esixentes ao tempo que advirten que non cabe agardar resultados até 2005, ao estaren comprometidos os orzamentos para o exercicio vixente.

Mentres o acordo de goberno entre socialistas e nacionalistas composteláns deixa, polo momento, no dique o proxecto de aparcadoiro subterráneo a carón da Alameda (o popular Dositeo Rodríguez quedou polo de agora co mel emboutando as barbas e sen podelo lamber), incluído o posíbel e polémico túnel cara ao Pombal, outros vellos proxectos semellan estar máis perto. Así, nesta primavera acabada de estrear comezarán as actuacións para que Santiago poida contar cun tanatorio e crematorio en Boisaca, en canto se conte co preceptivo informe de Ambiente. Mentres tanto, é tamén inminente o desmantelamento do vello hospital xeral, que se fará sen usar explosivos e respectando o hospital vello.

Tamén hai previsións que non cambian: unha mostra dos atascos de peregrinos que nos agardan neste ano santo chegou a Santiago na pasada fin de semana; isto non fixo máis que comezar. Haberá máis.♦

NOVAS ENTREGAS DA COLECCIÓN TER RAZÓNS

Actores sociais, loitas reivindicativas e política popular.

ISABEL RAUBER

Adeus ao traballo?

RICARDO ANTUNES

NOVIDADE



O século XXI, Socialismo ou Barbarie

ISTVÁN MÉSZÁROS

A NOSA TERRA

MANIFESTO

As 175 persoas, maioritariamente do mundo da cultura e o ensino, que asinan o seguinte manifesto consideran que é factíbel un cambio na política galega e xulgan que a alternancia habida no Estado veu propiciada pola mobilización social xurdida con *Nunca Máis* e o movemento *Non á guerra*.

Seguir construíndo a esperanza

1. Hoxe é un día importante para as mulleres e homes e para os pobos que integran o Estado Español. Afortunadamente, Galiza seguirá presente no escenario político e a súa voz pode acadar unha nova dimensión nas decisións que afectan máis directamente ao noso país.

2. O novo escenario que se abre non é froito do azar senón produto da mobilización que dende hai meses se veu producindo, nomeadamente ante a maré negra do *Prestige* e a loita contra a guerra de Irak.

3. Esta mobilización, liderada polos sectores máis dinámicos da sociedade, en particular a intelectualidade e a mocidade, foi asumida e protagonizada polo conxunto da cidadanía porque os problemas máis graves aféctannos a todos.

4. Galiza tivo un especial protagonismo nesa brillante páxina de dignidade colectiva ao abrir o suco da mobilización. O movemento "Nunca Máis" foi a expresión manifesta, o lema galego que se espallou e se adoptou a nivel de Estado facéndose coñecido en todo o mundo.

5. Naturalmente, a brutal masacre de Madrid –ante a que os Galegos reaccionamos unanimemente sentíndoa na propia carne nosa– conmoveunos a todos, mais o evidente intento de manipulación do Goberno central non atopou diante súa unha sociedade disposta a se deixar enganar. Foi unha sociedade reflexiva e madura a que soubo utilizar a súa mellor arma para deter a perigosa dinámica que pretendía impór o PP.

6. Tamén para Galiza se abren novas perspectivas. É preciso agora saber estar á altura do que reclama a cidadanía: traballo honesto, tolerante e unitario de todos os partidos e sectores progresistas para renovar un país que outramente estaría abocado á desaparición.

7. Cómpre seguir construíndo día a día eses *"Nunca Máis!"* e *"Non á guerra!"* que son os dous polos inseparábeis dun mundo mellor.

8. Nunca máis debemos calar, resignados e fatalistas, porque o noso mal, todo mal, ten remedio. É a poder de vontade e unión como se resolven os problemas.

PACO VILABARROS

9. Dende a vella nación galega expresamos a nosa vontade de camiño común cos demais pobos do Estado nun escenario de igualdade e solidariedade, de respecto aos nosos dereitos nacionais e de avance cara un futuro de prosperidade.

10. A esperanza que estes días se abre, merece que todos deamos no esforzo o mellor de nós mesmos.♦

GALIZA, 15 DE MARZO DE 2004

Manuel Bragado Rodríguez, Henrique Harguindey Banet, Suso de Toro, Manuel Rivas, Rosa Aneiros, Pedro de Llano, Uxía Senlle, Ramón Chao, Ignacio Ramonet, Fran Alonso, Xosé María Álvarez Cáccamo, Fermín Bouza Álvarez, Miguel Anxo Fernán Vello, Bernardino Graña, Agustín Fernández Paz, Antón Costa Rico, Luís Álvarez Pousa, Xosé Vázquez Pintor, Antonio Fernández Álvarez, Maruxa Barrio Val, Miguel Vázquez Freire, Beatriz García-Ramos Macho, Marisa Núñez Álvarez, Rosario Belda, Xose Manuel Beiras Torrado, Arturo Casas Vales, Moisés Rodríguez Barcia, Montserrat Paz Núñez, Amada Traba Díaz, Manuel Forcadela, Gael Pérez Traba, Rocío Pena Blanco, Francisco Veiga García, Antonio García Teijeiro, Joaquín Sueiro Justel, Xosé Ramón Pena Sánchez, Celso Parada. Teatro do Morcego, Anselmo López Carreira, Cecilio Fonseca, Camilo Camaño Xestido, Antonio Nores Soliño, Euloxio López Gutiérrez, Luís A. Martínez Sobrino, Isabel González Casar, Miguel Anxo Murado García, Antón Fortes Torres, Agustín Díaz, Amanda Álvarez González, Xose Francisco Ferreiro Abelleira, Francisco Javier Constenla Acasuso, Avelino González, Xose Luís González Sende, Anxos Sumai, Mª Carmen Cabeza Pereiro, Santi Montes, Susana Parguiña Fernández, Alfredo Iglesias Diéguez, Isaac Pérez Vicente, Marta Pérez Pereiro, Gloria Sánchez, Marcos Valcárcel, Concha Baez Montero, Manuel Soto Castiñeira, Rosario Agudo Morán, André V. Salgueiro Armada, María Reimóndez Meilán, Xavier Queipo, Susana Losada Soto, Lourdes Maceiras García, Elena Martínez Pacheco, Miguel Nogueira Sieiro, Mercedes Espinosa Arévalo, Carlos L. Bernárdez, Fco. Peña Villar "Xico de Cariño", Patricia de Lorenzo González, Manuel Cortés Tallón, Xesús Ron Pereiro, Eduardo Estévez, Raquel Casal García, Antón Cortizas, Fernando Acuña Castroviejo, Emma Couceiro López, Dolores Vilavedra, Jorge Guitián, Xosé Manuel Moo Pedrosa, Pura Barrio Val, Luísa Abad, Ramón Nicolás Rodríguez, Manuel M. Barreiro, Cándido Pérez Betanzos, Roberto Pérez Pardo, Inma López Silva, Francisco Pillado Mayor, Esther Vázquez Otero, Xesús Veiga Buxán, Sandra Vilaseco, Ramón GB Pereira, Aurora Pereira Carballo, X. Luís Suárez Canal, Françoise Gauthier, Manuel Dios Diz, Xosé Manuel González, Agustín Bueno Rodríguez, Carmela Capeáns, Isabel Torres Antelo, Gonzalo Cao Sousa, Isabel Prada Bustillo, Yolanda Castaño, Isidro J.F. López Novo, Humberto Busto, Marga Romero Lorenzo do Val, Raúl Gómez Pato, Mª Carmen Leirós de la Peña, Carmela Cons Pintos, Santiago Prego Cabeza, Anxo Tarrío Varela, Carmen Campo Gándara, Francisco L. Vizoso, Francisco Xosé Candia Durán, Luciano Rodríguez Gómez, Elisa de la Peña González, Manuel Anxo Méndez Fraguas, Francisco Martínez Bouzas, Marica Campo, Xose M. Buxán Bran, Rexina R. Veiga, Lois Ríos Paredes, Antón Sobral, Emiliano Orizales Orizales, Xabier. P Docampo, Ángel Segovia, Xaime Domínguez Toxo, Caridad Sanz Bravo, Xosé Barreiro Otero, Ánxeles García Rivas, Xose A. Regos Varela, Daniel Beiras García-Sabell, Gerardo Casal Urcera, María Fernández Sanjurjo, Ramón Caride Ogando, Daniel González, Xoanca Albarellos Codesido, Paula Fernández, Pablo Camarero Pérez, Benxamín Vázquez González, Azucena Arias Correa, Araceli Villanueva, Ana María González Noya, Xan Traba Díaz, Ángeles Iglesias Pereira, Anxo Cabada Álvarez, Mercedes Oliveira Malvar, Xosé Ramón Blanco Sueiro, Sergio Rodríguez Villanueva, Penano Rodríguez López, Carme Corbalán, Mª del Carmen Pacín, Chefa Hermo Ínsua, Álvaro Xosé López Mira, Manuel Dourado Neira, Xavier González Carreira, Xavier Alfaya, Alfonso Álvarez Cáccamo, X.A. Fraga, Carlos Meixome Quinteiro, Xoán Carlos Chillón, Eva Rodríguez Barreiro, Antonio Graña, Matilde Llano, María Xosé Beiras Torrado, Ana Miranda, Vítor Vaqueiro.

GUISA E NAPO — UXÍA E BRAIS



SUBLIÑADO

O noso amigo Marcos

LOIS DIÉGUEZ

Escrebemos esta páxina coas sombras da tristura nos nosos ollos, abourados pola impoténcia de unir o nome de Marcos Cela a aqueles outros que nos deixaron en pouco tempo: Carme, a nai, Luísa Villalta, o profesor Vilela. A morte é dobremente cruel se sega a vida dos seres na súa mocidade ou na fronteira da madurez. E cando é asi só nos queda a posibilidade de erguer ao seu redor imaxes e símbolos para perpetuala. O símbolo de Marcos é un xardín que anda a construir no cosmos con estrelas e cometas e chafarís de po dourado, pois aqui o iniciou con flores de cores e erva tenra. Foi pintando a nosa cidade e mais as ribeiras do Miño con alegres manchas de frescor das que hoxe desfrutamos. Bo traballo na sua etapa de Concelleiro de Médio Ambiente durante o governo do PSOE e mais do BNG. O símbolo de Marcos tamén é a palabra florida en sorriso, o amor repartido entre as xentes para a procura do seu benestar. Por iso o botamos tanto de menos, precisamente agora, cando outros son os tratos, outros os feitos nas parcelas colectivas governadas por el. Por iso coidamos que a mellor homenaxe a ofrendar-lle é, simplesmente, recoñece-lo asi, e darlle ás persoas coma el que hoxe felizmente nos acompañan, ese tributo merecido. Agora, non cando se nos vaian.♦

Varias persoas xa entraron en prisión

En marcha máis de corenta xuízos contra o independentismo e outros movementos sociais

H. VIXANDE

O aumento da represión contra distintos movementos sociais levou a que estean en marcha máis de corenta procesos penais por diversas mobilizacións. A situación constitúe unha auténtica xudicialización da vida social.

Aínda que o independentismo é o sector máis afectado, proliferan os procesos penais contra distintos sectores sociais protagonistas de distintas mobilizacións de protesta, informou o organismo antirrepresivo *Ceivar* por boca do seu responsábel comarcal en Vigo, José Viana.

Aínda que hai meses que as forzas independentistas deron instrución aos seus militantes para que extremen o coidado nas pintadas que realizan, en Santiago de Compostela, na actualidade, hai abertos vinte xuízos nos que os acusados son independentistas que colocaron carteis ou realizaron pintadas en lugares prohibidos. Moitas das acusacións carecen de probas contundentes e moi frecuentemente as pintadas ilegais estaban situadas en paredes encaladas, polo que non se producían danos á pedra.

En Vigo prosperou un proceso contra outro independentista acusado de ameazar a un policía nunha pintada. Para incriminalo, empregaron probas caligráficas comparando a súa escrita coa pintada que lle atribuían.

En Compostela recentemente a policía detivo durante varias horas á plana maior de Nós Unidade Popular por acudir á sede da Xunta a entregar a cabeza dunha estatua de Franco que uns descoñecidos decapitaran en Narón. Tamén un participante nunha manifestación da Plataforma Nunca Máis está pendente dun xuízo por atentado á autoridade.

Algúns dos procesos xa se fallaron, como o que condenou a catro militantes da Assembleia da Mocidade Independentista e polo que dous dos acusados terán que cumprir unha pena de dous fins de semana de privación de liberdade e os outros dous unha semana.

Outro dos fallos recente foi o que levou a prisión a dous rapaces condenados a penas de catro anos por preparar unha acción contra o grupo neonazi Ultra-Sur. A acción non se levou a cabo e a única proba contra eles foron uns cócteles molotov atopados nas súas mans.

Aínda que as penas de prisión son en xeral de pouco tempo e a lei non obriga ao seu cumprimento, a acumulación de condenas si aboca ao cárcere, polo que basta dous xuízos contra unha persoa para levala á cadea.

O organismo antirrepresivo *Ceivar* tamén denunciou unha "represión non oficial" que se practica mediante ameazas, teléfonos intervidos ou chamadas aos centros de traballo de independentistas. O caso máis grave é recente, no posto de traballo dun militante de Nós-UP apareceu unha bala de arma de fogo.

O caso dos tres sindicalistas da CIG condenados polos incidentes nun piquete durante a folga do 20 de xuño de 2002 é o último exemplo de represión dos movementos sociais. Ese caso deu un paso máis, xa que se abriu unha investigación policial despois de que no proceso se coñecese o nome de máis integrantes do piquete, os cales actuaran de testemuñas da defensa durante o xuízo aos tres sindicalistas.♦

LUGO

A cumprir as promesas

ANTÓN GRANDE

As infraestruturas son a gran preocupación da cidade e da provincia. As promesas de Xosé Blanco teñen agora que se cumprir, baixo a ollada de empresarios, gobernantes locais e cidadanía.

Cando José Luis Rodríguez Zapatero tome posesión e forme goberno, terá riba da táboa un bo número de proxectos que lle afectan a Lugo. Será o momento, polo tanto, de comezar a cumprir as promesas feitas durante a campaña, en especial polo seu secretario de Organización e deputado electo por esta provincia, Xosé Blanco.

O gran bombazo das promesas socialistas nesta campaña foi a creación do Instituto Agroalimentario e Forestal, que serviría para potenciar os sectores lácteo e madereiro e que segundo Blanco, crearía 3.000 postos directos na cidade así como outros 15.000 indirectos.

Outra vella aspiración dos lucenses é a construción dunha nova ponte sobre o Miño –os empresarios dixeron no seu momento que farían falta tres máis para o desenvolvemento da cidade– que sirva para aliviar o tránsito nas outras dúas existentes, especialmente na vella ponte romana na que os atascos están á orde do día.

Tampouco se pode esquecer o famoso Plano Galicia, que lles afectaría especialmente ás infraestruturas, aínda que aquí depende das relacións de España coa Comunidade Europea, agora bastante deterioradas, e dos cartos que cheguen procedentes da UE.

Pero aínda quedan máis cousas. Por exemplo, a reversión dos antigos terreos militares das Gándaras ao Concello, nos que se pretende construír un novo parque industrial de dous millóns de metros cadrados e sobre os que existe un contencioso entre o concello e o Ministerio de Defensa pola súa propiedade.

Outra aspiración longamente agardada polos lucenses é a construción dunha nova terminal de tren, un proxecto aparcado pola propia compañía dende o ano 1999 coa desculpa de que se ía realizar unha modificación no proxecto técnico da obra.

A isto habería que engadir a desafección dos terreos da RENFE en Paradai, que a empresa se comprometera a facer tamén en 1999 e que seguen sendo un dos factores claves no bloqueo do desenvolvemento do Plano Paradai e, polo tanto, dunha parte importante da zona norte da cidade.

Finalmente, habería que engadir a petición do concello lucense de que se destine o denominado un por cento cultural de todas as obras feitas polo Estado en Lugo a proxectos que melloren o patrimonio cultural da cidade, entre os que destaca a construción dun paseo interior na Muralla, un parador de turismo ou a rehabilitación do pazo barroco no que se ubica a casa consistorial.

Como se pode ver, promesas non faltaron durante os días de precampaña e campaña. Agora só falla agardar que se cumpran. O tempo, de momento, comeza xa a contar cara atrás. ♦

Protesta contra o encoro. A.N.T.

Despois de moitos seren declarados inocentes

O avogado do Estado recorre a absolución dun opositor ao encoro do Umia

A.N.T.

A Audiencia de Pontevedra aceptou un recurso do avogado do Estado ante a absolución dun opositor ao encoro do Umia a pesar de que un vídeo deixa ás claras que o acusado, Santiago Cabrejas, non se resistira á autoridade.

"O avogado do Estado non recorreu por decisión propia, alguén lle mandou e o seu superior xerárquico é o subdelegado do Goberno", denunciou a portavoz da Plataforma contra o Encoro do Umia, Paloma Fernández. Para a Plataforma, o recurso constitúe unha sorpresa, despois de que practicamente todos os xuízos celebrados contra os veciños do Umia rematasen con absolucións e que nunca antes o ministerio público presentase un recurso contra os fallos.

Xa durante o xuízo, Paloma Fernández, actuando como testemuña da defensa, manifestara a súa convicción de que os incidentes polos que foi acusado Cabrejas foran provocados pola Garda Civil. O día dos feitos, 11 de agosto de 1997, era a última xornada do levantamento de actas de expropiación –que logo serían anuladas sucesivamente polo Tribunal Superior e polo Supremo– e durante as tres semanas que durou o proceso un forte continxente da Garda Civil estivera destacado no Umia sen que se producisen incidentes. "Tantos membros das forzas da orde desprazados só se xustifica se hai incidentes; curioso que chegasen o último día, cando todos estabamos moi contentos porque remataba o levantamento de actas", ironizou Paloma Fernández.

No vídeo que presentou a defensa queda claro que o acusado é inocente.

Antes do xuízo oral o fiscal acusara a Cabrejas de atentado á autoridade, pero a defensa presentou un longo vídeo onde quedaba clara a inocencia do acusado, de modo que o fiscal cambiou a cualificación dos feitos e acusouno de resistencia á detención. Isto último quedaba igualmente desmentido no vídeo e nas declaracións das testemuñas da defensa –a acusación nin sequera puido presentar testemuñas– e no propio fallo absolutorio a xuíza suxería que as probas contra Cabrejas eran falsas.

A parte da sorpresa por este recurso –poucos máis ordenará o subdelegado, dixo Paloma Fernández–, a Plataforma lembrou que sete anos despois das expropiacións os afectados continúan sen cobrar as indemnizacións e indicou que "a nosa loita foi sempre teimuda pero pacífica".♦

Nº 1.122 ● Do 25 ao 31 de marzo de 2004 ● Ano XXVII

Presidente da Federación de Sociedades Galegas na Suíza

Pedro Hombre

'Os emigrantes temos que ter representación directa no Parlamento galego'

MANUEL ALONSO

Despois duns anos de *impasse* a Federación de Sociedades Galegas na Suíza ven de elexir presidente a Pedro Hombre. A entidade agrupa á meirande parte dos centros galegos da Confederación Helvética e prepara o seu congreso de relanzamento para o mes de Outubro.

A Federación de Sociedades Galegas esmorecera nestes anos e agora vostede chega á presidencia cunha nova directiva. ¿Cal é a situación actual da Federación e do asociacionismo galego na Suíza?

A Federación de Sociedades Galegas na Suíza, dende o ano 2000 ao 2003, estivo aletargada. Os centros que formabamos a Federación, estabamos moi preocupados porque viámola morrer de vagariño. En decembro de 2003 entrou na secretaría a demisión do presidente Francisco Nogueiras e, despois de dúas reunións, nomeouse un comite transitorio até o Congreso, no que continúan os que estaban e propúxose a Cristina Pena e a min para pórmonos á frente da Federación. Nunha reunión celebrada en Berna a primeiros de mes acordouse un programa a seguir para este ano, celebrar o *Día das Letras Galegas* en toda Suíza, participar no Xacobeo 2004, e fixar o Congreso da Federación para outubro do 2004. Ademais dos centros que xa forman parte asistiron representantes de tres centros galegos interesados en integrarse na Federación. Daquela a situación é de porse man á obra de recuperar a actividade e loitar para unir o asociacionismo galego e recuperar, día tras día, a confianza na Federación.

¿Hai posibilidades de volver a momentos de meirande actividade? ¿Que papel terá a Federación?

O reto é volver aos momentos de gloria, ou sexa, retomar todas as actividades socio-culturais e sociolaborais unidos no cordón umbilical coa Galiza. Unha das cousas que causou satisfacción total entre os centros foi a edición da nosa revista *Diáspora* e a posibilidade de espallala por todo mundo, para que en Europa e outros continentes poidan coñecer as nosas actividades e preocupacións por mellorar as colectividades galegas. Tendo sempre presente o espírito compartido, que nos sobra aos galegos, con talante dialogante para buscar solucións e non crear enfrontamentos de ningún tipo, ou sexa, nin políticos, sociais ou relixiosos, etc... por considerar que estes teñen outros foros para ser debatidos.

A composición das asociacións, a súa actividade, ¿consegue ligar aos fillos xa formados enteiramente na Suíza?

As actividades congregan xentes moi diversas cunha mesma mentalidade de loitar por Galiza dende a diáspora. A mocidade está vendo que é preciso integrarse ás sociedades que os recibiron a eles e os seus pais. Moitos conseguiron un posto de traballo por ter coñecemento da nosa lingua pero a formación da nosa xuventude é moito máis ampla e de calidade, adaptada ás ofertas da demanda nun mundo laboral que na Suíza e en Europa exixe a máxima formación. Polo tanto estamos a mirar pola integración da xuventude nas asociacións e iso é fundamental para darlle continuidade ás sociedades galegas.

Actividade social, deportiva, cultural... pero cando se pensa nos centros galegos pénsase máis no bar, nas festas, na coesión do emigrante coa súa terra de partida. ¿Pódese explorar máis a actividade conxunta coa sociedade de recepción? Por exemplo, organizando actividades através da Federación con entidades suízas, coa Universidade. Ou sexa que os centros sexan servizo de coesión do emigrado pero tamén embaixada de Galiza. ¿Que ideas teñen nese sentido?

A Federación ten que pensar en manter a coesión dos galegos do exterior coa Galiza, porque a nosa patria é a nosa terra e a nosa familia a humanidade. As actividades coas entidades suízas están dando bos froitos. No campo cultural e no social é moi importante a integración, interesándonos, cada día máis, por coñecer as súas linguas, para poder compartir a diversidade cultural. Unha das apostas a curto prazo será organizar actividades a través da FSGS coas universidades invitando á sociedade receptora, para formar entre todos os centros servizos de coesión do emigrado, tendo sempre presente que os nosos centros galegos na diáspora estamos a cotío facendo de embaixadas da Galiza no mundo.

A.N.T.

¿Cales son as grandes cuestións pendentes que reclama o colectivo da emigración galega na Suiza á Xunta de Galicia?

Os galegos na Suíza, e en Europa, non podemos esquecer aos nosos paisanos que, por diversos motivos, vímonos obrigados a marchar do país, en momentos de moita dificultade. Hoxe a Xunta de Galicia está loitando para axudar as familias que, por malgoberno, deixaron os seus países en desesperadas situacións, como é o caso da América do Sul. A Xunta de Galicia soubo facerlle frente a aquela lamentábel situación. Podíase facer máis, pero en pouco tempo creou a Fundación de Cooperación co Exterior e a Mesa pola Emigración con representación de todos os entes sociais, políticos, empresariais etc... todo isto foi posíbel pola boa decisión do presidente da Xunta ao crear a Consellaría de Emigración. Aumentaron os orzamentos e pódeselle facer frente aos problemas da diáspora, facilitandolle a tantas familias o retorno á Galiza. En Europa nós pagamos para ter unha seguridade de vellez. Na Suíza soubemos crear o segundo pilar, que complementa a pensión e axúdanos a ter un retiro digno. Entre as cousas pendentes coa Galiza podemos sinalar a reclamación de que os galegos do exterior teñan os seus propios representantes no Parlamento Galego, que o Senado sexa a Cámara de representación territorial, que as viaxes desde Suíza a Santiago sexan abaratadas, porque é insoportábel que co custo dunha viaxe a Santiago, se poda pasar unha semana en calquera país de Latinoamérica con pensión completa incluída. Outros dous temas a sinalar serían a exixencia de modificar a Lei Orgánica de Réximen Electoral Xeral, aumentando os prazos de emisión de voto e pedir que a Xunta tome cartas no asunto da mellora da Formación Profesional dos galegos da diáspora, para poder satisfacer as esixencias do mercado laboral.♦

Recoñecen o traballo na defensa e promoción do país

A Coruña acolle a XII edición dos Premios *Moncho Valcarcel*

A.N.T.

Ás nove da noite do sábado 27 de marzo ten lugar no Hotel Crunia da Culleredo (Fonteculler 58) a cea anual que organiza a Irmandade Moncho Valcarcel e na que se entregan os galardóns correspondentes á XII edición dos Premios Moncho Valcárcel.

Os citados galardóns son o Premio Moncho Valcárcel pola Defensa da Terra, que se outorga a persoas individuais que se teñan destacado na defensa de Galiza, e o Premio Moncho Valcárcel pola Promoción da Terra, que está destinado a colectivos que tiveron un papel relevante, tamén, na defensa do país.

Os premios, que teñen recibido persoas como o escritor Manuel María ou empresario e artista Isaac Díaz Pardo e colectivos como Prescolar na Casa ou o Sindicato Labrego Galego, son designados pola directiva da Irmandade, despois de que os socios da entidade propoñan as candidaturas correspondentes. A terna de candidatos para cada un dos galardóns é anónima e o gañador dase a coñecer na cea da Irmandade.

A Irmandade Moncho Valcárcel naceu sete meses despois do falecemento, o 1 de febreiro de 1992, do crego das Encrobas e o galardón consiste nun busto cerámico de Moncho Valcárcel do que é autor Salvador Hernández. Para asistir á cea cómpre poñerse en contacto co secretario da Irmandade, Xácome Santos, no teléfono 981 221 454.

Por outra banda, a Irmandade Moncho Valcárcel conta cun proxecto inédito para realizar unha exposición itinerante que en dous meses comece a divulgar polo país a figura do crego das Encrobas. Para financiar a mostra recorrerá á venda dunhas pinturas cedidas polo artista Xabier Corredoira.♦

O Québec recoñece o dereito ao matrimonio das parellas homosexuais

VÍTOR E. RODRÍGUEZ BARCA
MONTRÉAL

O Tribunal de Apelacións do Québec vén de confirmar o dereito das parellas homosexuais a contraeren matrimonio. A sentenza, feita pública a pasada semana, ratifica unha decisión do Tribunal Superior do Québec con data de setembro do 2002. Estima o Tribunal que a definición do matrimónio como "unión exclusiva entre un home e unha muller" viola o estabelecido na Carta Canadense dos Dereitos e Liberdades, ao marcar unha discriminación por motivo de orientación sexual dos individuos.

Grazas á sentenza, o Québec convértese na terceira das provincias do Canadá en recoñecer este dereito. Falta agora que sexa o Tribunal Supremo do Canadá quen, no vindeiro mes de outubro, se pronuncie ao efecto. A decisión da corte canadense pode anular as leis particulares das provincias, aínda que non pode ter carácter retroactivo.

Quere dicir isto que, aínda no caso hipotético de que o Tribunal Supremo anule as medidas adoptadas polas provincias, os casamentos celebrados no intervalo existente entre a emisión das dúas sentenzas terán que ser considerados válidos a todos os efectos.

Entre a unión civil das parellas, oficialmente recoñecida no Québec desde xuño do 2002, e o matrimonio, ademais dun forte contido simbólico, hai unha diferenza no nivel de recoñecemento legal da unión. Así, no caso de que a parella trasladase a súa residencia a outra provincia, os membros da parella perderían todos os seus dereitos e poderían, por exemplo, ser forzados a declararen contra a súa parella diante dun tribunal. No caso do matrimonio, ao ser regulado por unha lei federal, os dereitos deben ser recoñecidos por todas as provincias,♦

IRMANDAMENTO ENTRE RIANXO E LUBIÁN

O galego, do Bierzo até o mar

XOSÉ M. SARILLE

Os irmandamentos entre concellos son un ritual de moi escasa transcendencia. Ás veces un xesto sentimental nacido do arreito de alguén, outras unha simples actividade folclórica para intercambiar excursións e algún grupo musical despois de varias visitas do alcalde, da corporación e dos viciños ao outro concello. Co paso do tempo nada permanece, agás a placa comemorativa e algún presente no salón de plenos.

Os irmandamentos, no entanto, poden axeitarse á que se supón que é a súa intencionalidade formal. Poden servir para que os viciños entren en contacto con outra cultura, con outro modo de vivir, de divertirse e de percibir a realidade. A maioría buscan o contacto con culturas alleas, sexan eficientes ou non. O que é raro é o irmandamento entre concellos cercanos culturalmente e próximos no espazo.

Hai cercanías negadas, forzadamente rotas por decisións políticas arbitrarias, abusivas, que non tiveron en conta a realidade social e lingüística. Ocorre isto cos concellos da franxa galega entre os ríos Navia e Eo, actualmente integrados na comunidade asturiana, co territorio galego falante da comarca do Bierzo e coas Portelas, ás que pertence o concello de Lubián. As sucesivas divisións administrativas levadas a cabo nas idades Moderna e Contemporánea, produciron esta división.

As necesidades e o azar da historia deron lugar a unha situación tan chamativa como as dos concellos extremeños de fala galega, os Tres Llugaris, na provincia de Cáceres, maioritariamente galego-falantes e cunha forte consciencia da súa identidade. Da emigración ou o que é o mesmo neste caso, da colonización deses territorios no século XII por galegos das Portelas precisamente, xurdiron eses *pueblos* que manteñen vivo o noso idioma ao sur de Salamanca.

Dentro da Comunidade Autónoma de Galiza, ninguén cuestiona a existencia do idioma galego, a necesidade da súa oficialización e a naturalidade de vivir as expresións culturais nosas como propias. Non aconteceu iso na franxa galego-falante de Asturias e Castilla-León. Alí, coas separacións administrativas modificouse moi seriamente o sentido de pertenza, a valoración do propio e a percepción da cultura e da forma de ser dos máis próximos, neste caso de nós, dos viciños das catro provincias. Coa división administrativa logrouse que nos vexan como diferentes.

A loita pola recuparación cultural e lingüística desenvolta nos dous últimos séculos en Galiza, vese como un fenómeno propio dentro da nosa comunidade, lóxicamente, mais o afastamento administrativo fai que resulte alleo, ou nen siquer se coñeza, nos territorios do galego exterior. Non hai moitos anos que se afirma o galego como idioma propio da cidadanía do Bierzo e do Navia-Eo. Antes chamábanlle *chapurreao* ou castrapo. É evidente que a división administrativa e a súa consecuencia, a de impedir a participación na deriva social da comunidade galega, produciu unha perda de identidade que hoxe afortunadamente está a cambiar. Mais non son só a consciencia lingüística e a especificidade cultural as que se esvaen. A vinculación vai ficando progresivamente apagada, e van desaparecendo todas as referencias, todos os resortes, psicolóxicos, de saber popular, de percepción do mundo. A falta de contactos e de relacións son os maiores separadores. A falta de recoñecimento oficial da lingua galega e da identidade desas zonas fai moi difícil a recuperación. Pior é aínda a indiferencia das institucións que por obriga legal deberían activar recursos e esforzarse por virar esa realidade, moi concretamente da Xunta de Galiza, máis allea que onte, pero menos que mañá, a todo o que cheire a normalización do galego.

> **'O** irmandamento acordouse entre todos os grupos políticos dos dous concellos"

En consecuencia, é necesario buscar vías para que as outras institución colaboren cos pobos que viven neses territorios. Que se esforcen por aumentar os contactos, enriquecer a cultura e recuperar a língua.

É igualmente positivo para os concellos da comunidade autónoma manter a ligazón e coñecer a conformación cultural desas zonas de fronteira, moi peculiares por viviren unha situación tan paradoxal. Algúns concellos, como Lubián, manteñen unha prolongada loita a favor dos direitos lingüísticos e culturais dos seus cidadáns e teñen moito que ensinar e que oferecer aos que se aproximen e queiran visitalos.

A interrelación, o contacto, o intercambio, son decisivos, para alén dos imprescindíbeis estudos filolóxicos e sistematizacións dialectais. Cómpre darlle un senso a esa pertenza cultural, facela útil, e non restrinxir a tarefa á afirmación básica, á evocación teórica e científica dunha comprobación. Tanto como afirmar a pertenza ao noso idioma das expresións lingüísticas deles, é preciso que se sintan partícipes da nosa convivencia.

Cando A Mesa Pola Normalización Lingüística decidiu impulsionar os irmandamentos, fíxoo tendo en conta o antedito, e considerando tamén que eses vínculos institucionalizados son símbolo dunha lingua que ten vontade de permanecer unida e de recuperarse, tanto dentro como fóra da comunidade autónoma de Galiza. Cando se pula pola recuperación do galego neses territorios, estase a facelo tamén polo galego de dentro.

■ **PROPOSTAS PARA O PRIMEIRO IRMANDAMENTO**

As propostas dos irmandamentos proceden d'A Mesa Pola Normalización Lingüística, que ten artellado un programa específico para ligar os concellos do galego exterior que o desexen con outros da comunidade autónoma. O marco, sendo inicialmente a identidade lingüística, ábrese a todos os aspectos da realidade socio-cultural e socioeconómica. A elección de Lubián como interlocutor de Rianxo derívase da súa cualidade de concello militante na defensa e promoción do galego desde hai moitos anos.

Tanto Rianxo como Lubián e A Mesa pretendemos que esta institucionalización teña permanencia, que non se limite a unha comemoración efémera. Queremos que haxa un traballo constante, con inicativas de ida e volta, desbotando o coñecido esquema de folclore e gastronomía. Serán as institucións as que comecen a promocionar os encontros, mais pretendemos que a medio prazo sexan a cidadanía e a sociedade civil as protagonistas das iniciativas.

O irmandamento acordouse entre todos os grupos políticos dos dous concellos, e foi aprobado nos correspondentes plenos, celebrados no pasado mes de febreiro.

A Mesa esforzouse para elaborar os criterios xerais de actuación, mais foi o técnico de cultura do Concello de Rianxo, Fernando Lavandeira, cunha eficiencia pouco frecuente neste recanto verde do noroeste, o que configurou case todo o programa imediato e a medio prazo.

Intercambiarán publicacións e dotacións bibliotecarias, estabelecerase desde o Concello de Rianxo un envío anual de libros en galego para a biblioteca pública de Lubián e para o centro educativo, comezando pola entrega de diccionarios, gramáticas de distintos niveis, libros infantís e de lectura. Posibelmente se convoque un certame de criación literaria e outro plástico. Rianxo asesorará a Lubián na normalización do idioma, con modelos de impresos e traducións. Entre as posíbeis iniciativas do programa, inclúese un espazo para Lubián na páxina web de Rianxo, con información turística, guías, hospedaxes, rotas, etc. Exposicións do concello de Rianxo, de Castelao, Dieste, Manuel Antonio, Paio Gomes Charinho, celebracións do Día das Letras Galegas, celebración dun día institucional, viaxes con actividades, acampamentos xuvenís e claro que si, izados de bandeiras, recepción de autoridades, comidas de fraternidade, mostras gastronómicas e actuacións de grupos folclóricos.

Todos queremos que a xeira comezada teña pervivencia e que co vagar necesario se vaia desenvolvendo ao longo dos próximos anos. A longa loita de Lubián, a grande vontade política de Rianxo e o interese d'A Mesa abriron esta nova fórmula de promocionar o galego. Pronto virán outros. Estamos de parabéns.♦

XOSÉ MANUEL SARILLE é directivo d'A Mesa pola Normalización Lingüística



Nº 1.122 ● Do 25 ao 31 de marzo de 2004 ● Ano XXVII

DESDE GALIZA

Que política económica cabe agardar do 'zapatismo'?

M.V.

O pasado día 22, un comentarista, afín ao PSOE, facía unha lúcida síntese da situación económica que deixa o Partido Popular. "Un 56,24% das familias, dicía, ten dificultades para chegar a fin de mes, o nível de endebedamento medio familiar é o 87% da renta bruta dispoñíbel e, logo de dez anos de ciclo económico positivo, hai un 12% de taxa de paro, un 30% da poboación activa está en traballo temporal e un 8% pertence á categoría de traballo parcial ou discontinuo".

Chama a atención que estas análises as comecemos a ler agora e non antes. Moi pola contra, en plena campaña electoral, desde tribunas proclives a Zapatero, se admitía, sen necesidade de matices, que "España economicamente ia ben". As cifras macro tapaban a situación real da poboación, até para estes comentaristas que, noutros ámbitos, non dubidaban en cargar con dureza contra Aznar.

Que política económica, en consecuencia, cabe agardar agora deste zapatismo, máis émulo contodo, cabe sospeitar, de Felipe González que do subcomandante Marcos? O máis probábel é que a dirección socialista deixe a un lado o talante insurrecto da xornada de reflexión, e propoña, por exemplo, o retorno de Pedro Solbes a unha carteira económica. Solbes, ministro no último goberno de González, marcou a liña que logo seguiría Rodrigo Rato, segundo confesión do propio ministro *popular*.

Con esa escolla, Zapatero acolleriase á estratexia trazada polo *felipismo* que, segundo Maravall, se distinguía por unha ortodoxia, non moi diferente da dos conservadores, na economía e por medidas progresistas nalgunhas materias sociais, capaces de compensar a balanza e de manter a fidelidade do electorado de menor poder adquisitivo. Non se prevén polo tanto sorpresas respecto ao xa coñecido. É dicir: rigor orzamentario, acordos coa gran banca, privatizacións e, por outro lado, melloras parciais na sanidade, na educación e nos servizos sociais. Sobre a precariedade laboral, cómpre lembrar que as empresas de traballo temporal foron creadas na etapa socialista, un dato que probabelmente descoñecen os votantes máis novos.

Pedro Solves, actual comisario europeo de Asuntos Económicos.

■ E COMO SE OBSERVA ESTA SITUACIÓN DESDE O PRISMA GALEGO?

O deputado do BNG no congreso, Francisco Rodríguez, que vén de reunirse con Caldera, sinalou que lle pedirá ao PSOE algunha medida positiva para o asteleiro ferrolán de Izar e un apoio claro á modernización do ferrocarril, as dúas cousas e algunhas máis a cambio de apoiar a investidura de Zapatero. Non hai, contodo e valorando as experiencias anteriores, moitas posibilidades de que o PSOE se volque con Galiza, e isto a pesar de que a proximidade dunhas eleccións autónomas vano animar a facer anuncios positivos e espectaculares nos vindeiros meses.

> "A proximidade das eleccións autónomas vai animar o PSOE a facer anuncios positivos e espectaculares nos vindeiros meses"

É o PSOE o que ten, en boa medida, a responsabilidade de que Galiza siga a ser hoxe unha das tres comunidades do Estado español con peores datos económicos e de que volva merecer a condición de obxectivo 1 europeo, malia que a entrada de países do leste na UE rebaixou sensibelmente as medias económicas da comunidade.

O PSOE é o artífice de que nos anos oitenta, durante a chamada reconversión industrial, *Astano* pérdese o 100% da súa carga de traballo, mentres Euskadi e Andalucía, con maior poder político, só reducían nun 25% a capacidade produtiva dos seus grandes asteleiros. Outro tanto sucedía entre os pequenos e medianos, pois se Galiza cedía o 65% das facturacións, no resto a porcentaxe situouse entre o 25 e o 30%. O PSOE privilexiou o eixo mediterráneo (as autovías galegas foron as últimas proxectadas, sendo Pérez Touriño director xeral responsábel de infraestruturas) e contribuíu, cunha negociación mala para Galiza na UE, ao desmantelamento da pesca e do agro.

Non hai que facer moita memoria para lembrar o vaticinio dun ben intencionado González Laxe de que iamos pasar da vaca ao microchip. Ou os anuncios reiterados doutros dirixentes socialistas daquel tempo de que Galiza tiña o seu futuro na cría de visóns.

Nada houbo de circunstancial naquelas políticas e nada cambiou, que se saiba, nas liñas programáticas do Partido Socialista, no que a Galiza respecta. O PSOE, como o PP, non cren nas posibilidades de autodesenvolvemento e defenden unha estratexia de país subsidiado, con, neste aspecto si, diferentes matices entre un e outro partido. Así, o PP bótalle en cara ao PSOE que os afectados polo *Prestige* cobraron ben antes que os do *Mar Exeo* e os socialistas poden presumir de que eles melloraran moito as pensións.

Non embargante, e sen menosprezar a importancia que para unha persoa ou familia poidan ter as axudas ou a asistencia social nun momento determinado, é de prever que a alternancia política pouco fará cambiar a situación económica de Galiza nos seus aspectos cruciais. PP e PSOE esquecen a defensa da súa capacidade produtiva, non atoparon até agora novos nichos de mercado significativos, á marxe dalgunhas iniciativas privadas que se desenvolveron ben, pero de forma independente ao contexto político e estratéxico galego, e si apoiaron, en cambio, ou mesmo executaron, políticas desmanteladoras das que seguimos a pagar o prezo cunha nova onda emigratoria da nosa mocidade máis activa. E cun engadido a respecto doutras épocas, alarmante e ilustrador: un de cada catro xóvenes que marcha conta con estudos superiores.

Esta renuencia das dúas forzas estatais a tratar a Galiza como un enfermo que pode curar e valerse por si, en lugar de como un enfermo crónico, preso do soro da "solidaridade", é a que ditamina a súa postura contraria á autonomía tributaria e financeira, entre outras. Peor resulta aínda, visto o reparto electoral, que, desde o punto de vista dos enfermos, o soro acaba por envicialos e as gañas de erguerse e volver traballar se vexan neutralizadas, máis unha vez, polo medo ao novo. Sábeno moi ben os que trataron con presos de longa duración: unha parte importante, despois de ser postos en liberdade, quere voltar ao cárcere.◆

A dinámica do autogoberno

MANUEL CAO

Os resultados do 14-M sitúan a Galiza nunha encrucillada semellante á da transición española da segunda metade dos setenta. O mapa político galego é, globalmente, moi semellante ao dese período cun claro predominio dos partidos non nacionalistas que representan case o 84% do corpo electoral, cun reparto favorábel ao PP en 9 puntos a respecto do PSOE. Un elemento diferencial é a presenza de dous deputados do BNG portavoces de perto do 12 por cento do electorado. En todo caso, a Galiza política está caractizada por un bipartidismo en ascenso que parece rachar coa perspectiva que se abrira cara á segunda metade dos noventa cun BNG que se convertía en alternativa ao PP deixando en terceiro lugar o PSOE. Diante desta situación electoral convén interrogarse polos efectos que terá para o autogoberno da nosa autonomía.

Previsibelmente, nesta lexislatura proporase unha reforma das institucións xerais do Estado empezando pola Constitución, algúns Estatutos de Autonomía e a integración das autonomías na arquitectura institucional do Estado e da Unión Europea. Tal como ocorreu a finais dos setenta, Galiza non conta con voz política autónoma maioritaria, como no País Vasco, ou moi relevante, como en Catalunya, senón que serán as forzas políticas estatais as que definirán a posición e o papel de Galiza. Neste sentido, sería moi positivo que o conxunto dos grupos representados no Parlamento de Galiza chegasen a unha proposta de reforma estatutaria consensuada que contemplara como eixos fundamentais a representación directa de Galiza no proceso de toma de decisións na UE en materias de competencia exclusiva e/ou interese especial para a autonomía, a redefinición das institucións estatais partindo do recoñecemento de España como Estado plurinacional e a asimilación de Galiza desde o punto de vista competencial e capacidade institucional a unha comunidade equiparábel a Catalunya e País Vasco.

A dinámica do autogoberno galego estará condicionada polas preferencias dos nosos cidadáns artelladas en organizacións políticas e sociais sendo, de novo, moi importantes as iniciativas da sociedade civil e as organizacións económicas. O papel e influencia da Xunta como goberno representativo dos intereses económicos, políticos e sociais de Galiza e como interlocutor principal cos axentes máis dinámicos da nosa sociedade ten que ser reafirmado e incrementado na proposta para o autogoberno de Galiza no século XXI. Nunha sociedade global e interdependente resulta esencial contar con institucións de autogoberno que faciliten a interacción, intercambio e integración co resto dos axentes mundiais en calquera dos ámbitos que se trate. As institucións de autogoberno aumentan o poder e revalorizan (*empowerment*) a Galiza como conxunto no escenario global e semella de interese común afortalar e consolidar as institucións autonómicas como centros destinados a artellar as preferencias políticas principais dos galegos.

Imaxe do Parlamento galego. PACO VILABARROS

> "Sería moi positivo que os grupos representados no Parlamento de Galicia chegasen a unha proposta de reforma estatutaria consensuada "

As posibilidades de que Galiza conte con institucións de autogoberno de primeiro nivel son maiores agora que no período preautonómico. O PP de Galiza mantivo diferenzas co modelo centralista de Aznar e o feito de atoparse na oposición en Madrid e ás portas das eleccións autonómicas contribuirá a acentuar o seu perfil autonomista. O PSdeG-PSOE apoia a reforma estatutaria favorecido polo triunfo do modelo Maragall-Zapatero fronte ás posicións de Bono-Ibarra sendo, tamén, o ambiente preelectoral favorábel ao autonomismo. Finalmente, para o BNG esta é unha boa ocasión para formular propostas ben definidas e asentadas no ideario que lle é propio como grupo nacionalista que poidan servir para mellorar a interlocución coa sociedade e co resto dos axentes organizados e competir nas vindeiras eleccións con maiores posibilidades de éxito.◆

Nº 1.122 ● Do 25 ao 31 de marzo de 2004 ● Ano XXVII

BILBAO

Maragallizase o PSE?

DANI ÁLVAREZ

O debate parlamentar do novo Estatuto comeza cunha oferta do PSE para reformar o actual Estatuto de Gernika.

O impacto do masacre de Madrid e a celebración das eleccións españolas atrasaron por unha semana o debate das emendas á totalidade presentadas ao proxecto de Novo Estatuto Político de Euskadi, elaborado polo goberno vasco. Cando, de partida, todos agardabamos que ningún grupo movese a súa postura de inicio, atopámonos cunha proposta do Partido Socialista de Euskadi que vén confirmar a sospeita que tiñamos moitos: a chegada de Josu Jon Imaz ao EBB ponlle en bandexa de prata ao PSOE un acordo. Jesús Egiguren, o presidente do PSE, na súa exposición, reiterou que os socialistas non están polo Plano Ibarretxe, e que eles só se conforman coa súa retirada. Até aí, nada novo: pero Egiguren ofreceuse ao goberno vasco para negociar unha reforma do Estatuto sempre e cando Ibarretxe renunciase ao seu Plano.

Deste xeito, os socialistas lograron capitalizar a atención destes primeiros días de debate. Estamos ante un ofrecemento tramposo pero, ao tempo, ilusionante para quen bota de menos no PSE algo do que ten Maragall. Tramposo porque non se pode a estas alturas ofrecer unha reforma estatutaria cando os socialistas non foron capaces de completar as transferencias do Estatuto de Gernika en catorce anos de goberno, e cando tras máis dun ano falando do Plano Ibarretxe, o único que fixeron foi repetir as receitas do PP. Pero é ilusionante porque precisamente o que sempre se lles achaca aos socialistas vascos é que non sexan como os cataláns, que lles falta sentimento e sentido de país, e que lles sobra dependencia de Madrid e sucursalismo.

"Euskal Herria sería outro país e tería menos problemas se Maragall nacese en Barakaldo". Esa é unha das frases favoritas de Arnaldo Otegi. Pero agora Patxi López ten as mans libres, logrou recuperar nas últimas eleccións para o PSE o carácter de segunda forza política do país, a diferenza de Nicolás Redondo Terreros, que o único que fixo foi afianzarse como socio subalterno de Jaime Mayor Oreja. Ofrecer unha reforma estatutaria na forma en que se fixo é errado, mais dar o paso adiante de formular que o Estatuto precisa unha reforma abre as portas a un novo horizonte, abre as portas a novos espazos de encontro e de pacto.

En todo caso, iso é o que non queren nin a ETA nin a esquerda abertzale. Nun comunicado, a ETA afirmaba hai uns días que a vitoria de Zapatero inaugura unha nova fase, e que o líder socialista debe ter xestos de valentía con Euskadi. Pero para a ETA non é unha mostra de valor pactar co PNV, o único que vale é negociar cara a cara coa organización. Haberá que agardar, porque estes días tamén circulan rumores de que a ETA para o Aberri Eguna (Día da Patria Vasca) podería decretar unha tregua. A día de hoxe, a única realidade é que a organización segue operativa ao cento por cento e que só conxelou os seus planos debido ao masacre de Madrid. É certo que estamos nun tempo ilusionante grazas á derrota do PP, pero as ilusións hai que dosificalas: non se pode pensar que todos os problemas se han solucionar sen buscarlles solucións.♦

PACO VILABARROS

Aburiño, Aznar

C. LORENZO

A entrevista de Juan Pedro Valentín a José María Aznar en Telecinco foi a única que se pode nomear como tal des que o aínda presidente do goberno central chegou ao poder hai oito anos. O director de informativos dunha canle que estivo fortemente presionada polo PP durante a última lexislatura (lémbrense os casos *Caiga Quien Caiga* ou *Crónicas Marcianas*) fixo as preguntas que todos levabamos no bico e deixou en evidencia o fraco estado de ánimo do até onte seguro e altivo Aznar.

Con dous únicos argumentos: a loita contra o terrorismo como bandeira da súa política e a honorabilidade do "mellor goberno da historia", Aznar quixo defender a xestión da crise do 11-M apelando ás vítimas e ao horrendo historial da ETA como pista fiábel. "Dixemos sempre a verdade". Mais por embaixo desta tona de sentimentalismo do emperador ao que lle amargan a retirada a Yuste, o líder *popular* mandou dúas mensaxes aos máis de 9,6 millóns de votantes: a vitoria de Zapatero tivo moito de manipulación da xornada de reflexión e calquera cambio na política exterior terá en contra o novo PP. O PSOE pode despedirse de volver ao consenso en Exteriores se tira as tropas do Irak. Seguindo o vello axioma de *mantenello y no enmendallo*, Aznar volta mirar á historia para que sexa ela (será cos criterios de Fernando García de Cortázar) quen o canonice.♦

A batalla de atocha

MIGUEL BARROS

O atentado de Atocha non é un feito illado, obra de tolos. Si é certo que matar é cousa de tolos, pero tamen o é que estas tolerías forman parte dun plano de resposta ao que os atacantes consideran unha agresión das democracias occidentais á cultura e os intereses do Islam.

A explicación do terrorismo islamista é un feito que pode ser interpretado dende polo menos tres teorías. A primeira, achacaríalle as causas do sucedido á resistencia do mundo musulmán para adecuarse ao sistema democrático e liberal triunfante fronte ao comunismo dende a caída do muro de Berlín, símbolo que separaba os dous modelos emerxentes da II Guerra Mundial. Segundo esta teoría, o futuro era do capitalismo como sistema económico e máis da súa manifestación política, a democracia liberal.

A segunda teoría enmarcaría a explicación dos conflitos como respostas das civilizacións agredidas pola pretensión occidental de homoxeneizar o mundo arredor dos seus valores. Segundo este enfoque os estados como causantes de enfrontamentos deixaríanlle a iniciativa ás relixións como expresións máis representativas das civilizacións distintas e alleas á occidental. Dende este paradigma a resistencia da media lúa ante os cruzados non semella ser outra cousa que a persistencia na oposición ao modelo universalista de dominio que pretende a fórmula do imperio universal conducida polos Estados Unidos.

A terceira e máis recente interpreta que América como imperio está nun proceso de descomposición. Proceso que dende o punto de vista económico precisa do control da maioría dos recursos enerxéticos mundiais e utliza os conflitos localizados para xustificar o seu papel de potencia hexemónica. Pero segundo os defensores da teoría da caída do imperio, a pretensión dos Estados Unidos de manterse como potencia imperial está condenada a fracasar porque a súa capacidade de produción tense fundamentalmente transformado nun gran mercado consumista (no ano 1945 os EE UU producían a metade da riqueza mundial, namentres que no 2001 o seu déficit comercial superaba os 450.000 millóns de dólares) esta tendencia a pasar da produción ao consumo sinala o fracaso futuro desta potencia industrial que na actualidade xa está ameazada directamente por outras áreas económicas tanto en Asia (a China e o Xapón) como en Europa grazas á Constitución da Unión Europea, espazo económico único, dotado da súa propia moeda. Consecuentemente, a hexemonía política dos Estados Unidos semella atoparse naquel proceso no que Roma só facía consumir o que importaba directamente das provincias do seu imperio, conduta económica que anuncia a perda do poder político.

Naturalmente, ningunha explicación monocausal resulta satisfactoria, por iso pensamos que os tres modelos explicativos achegan unha interpretación parcial da verdade. O mundo musulmán autoafírmase primando as características peculiares da súa democracia (caso do Irán). Por outra banda e segundo o paradigma do choque das civilizacións, o Islam non acepta a supremacía do cristianismo, esixindo pola contra o recoñecemento expreso da súa identidade no seo mesmo da nosa propia cultura (a polémica do veo nas escolas francesas). De acordo coa terceira teoría, a conduta dos líderes relixiosos musulmáns é un simple desafío ao poder militar e mesmo económico dos EE UU, na medida en que afirman o seu dereito ao control sobre as súas propias reservas de petróleo, e por outra banda cuestionan a capacidade militar de occidente mediante o desenvolvemento dunha forma de guerra na que en vez de soldados participan mártires que realmente cren que a súa morte está garantida por unha vida eterna no paraíso de Alá. Dende este punto de vista o suceso de Atocha foi unha batalla que o Islam deu en España contra o imperio universal. Desgrazadamente, o dominio é do imperio e España, nesta batalla, só puxo os mortos.♦

LIBRO DOS EXEMPLOS

BOROBÓ



PRESENTACIÓN NA CORUÑA
A CARGO DE
MIGUEL BARROS PUENTE,
GONZALO BOUZA BREI
E AFONSO EIRÉ LÓPEZ,
MODERADOS POR
ANTONIO CAMPOS ROMAI

NO SALÓN DE ACTOS DE CAIXA GALICIA O VENRES 2 DE ABRIL ÁS 20 H.

A NOSA TERRA

Nº 1.122 ● Do 25 ao 31 de marzo de 2004 ● Ano XXVII

Do medo e das palabras

MONCHO LEAL

Ninguén que crea que o futuro debe pertencerlles aos pobos pode estar de acordo coa colocación das bombas de Madrid. Iso é indiscutibél. O debate vén co macrabo xogo de manipulación da información. O ministro do Interior do goberno Aznar e militante da fracción católica dos Lexionarios de Cristo puxo a cara para representar, coma primeiro actor, esta obra. Amais de agochar probas, convocaron unha manifestación relacionando a repulsa dos atentados co acatamento da Constitución.

Onde está o limiar que ten cada persoa para soportar as mentiras do poder? Algunha xente teno moi alto. Foron precisos 200 mortos e dez mentiras repetidas para que se decatasen de que no goberno español estaba quen non ten ningún problema en utilizar os mortos ou o concepto de terrorismo para conservar os seus estatus. Será por iso que se chaman conservadores.

Pero estes días houbo algo máis. Unha resposta de boca en boca, cos teléfonos, correos electrónicos, a internet, diante das sedes do partido que manipulou todos os acontecementos. Para quen queira aprender, este feito amosou a capacidade que ten unha parte importante do pobo para mobilizarse. Coma cando, chegado un momento, se perden os medos de cada día, cando se conquista o verdadeiro significado das palabras. É no punto que resulta unha forza imparabél.

Palabras coma democracia, liberdade, independencia, paz, tan nosas, foron roubadas e alteradas nestes anos de anestesia social.

A esperanza nun mundo distinto está nas mobilizacións, na xente organizada, goberne quen goberne. Isto vívese noutras latitudes, ás que Europa permanece xorda e cega. O limiar alí non o pon a mentira, senón a necesidade, a nai da sabiduría.♦

O ex guerrilleiro Schafik Handal atribúe a derrota ao 'voto do medo'

A dereita gaña as eleccións salvadoreñas contra prognóstico

A.N.T.

Tony Saca, do grupo dereitista Arena, gañou con abrumadora maioría absoluta as eleccións presidenciais de El Salvador. O gran derrotado foi o ex guerrilleiro e candidato das esquerdas Schafik Handal, favorito até o inicio da campaña electoral.

Os inquéritos fallaron estrepitosamente en El Salvador. Hai unha semana anticipábanse uns resultados parellos que obrigarían a unha segunda volta. Mais o 21 de marzo, Tony Saca obtivo o 59,9 por cento dos sufraxios, co que asegura que a dereita seguirá no poder na república centroamericana.

Saca, ex xornalista deportivo e empresario de radio, fixo unha campaña moi dura en contra do seu adversario, o ex guerrilleiro Schafik Handal. Os resultados foron inmellorábeis. Mobilizouse o electorado, moitas veces mercé aos empresarios, que axitaron o medo ao comunismo e a pantasma da guerra civil.

Tony Saca, de Arena, e Schafik Handal.

Handal non quixo felicitar a Saca, ao considerar que se xogara con golpes baixos durante a campaña. Este destacado dirixente de esquerdas sufriu as connotacións coa tráxica historia recente do país, pola súa vinculación coa guerrilla e o seu ideario de ultraesquerda.♦

XXVIII ANIVERSARIO DO GOLPE DE ESTADO

24-M: A permanente lembranza do xenocidio arxentino

LOIS PÉREZ LEIRA

Outra vez temos que lembrar aquela triste data. Foi un 24 de marzo de 1976 cando os militares arxentinos puxeron en marcha unha das máis sanguinarias ditaduras e onde se puxeron a proba os mais sostificados métodos de terror e exterminio colectivo da historia da Arxentina e de Latinoamérica.

Hai días, logo do atentado perpetuado polo grupo terrorista Al Qaeda en Madrid, os peritos en temas de terrorismo, falaban sobre os efectos psicolóxicos dunha acción desas características. Sinalaban sobre a repercusión na saúde psicolóxica dos afectados, pero tamén a multiplicación dos efectos traumáticos sobre os seus familiares, veciños e o conxunto da sociedade.

A ditadura arxentina cando deseñou a sua acción de xenocidio e terrorismo de Estado, programou baixo a supervisión da CIA e o goberno norteamericano, a estratexia para sementar o terror en toda unha sociedade, co fin de que repercutise por varias xeracións. O método era simple, había que secuestrar e facer desaparecer 30.000 persoas. A maioría delas representativas do conxunto da sociedade: delegados sindicais, estudantes, loitadores sociais, sacerdotes comprometidos coas causas do pobo, etc.

En cada barrio, en cada escola, nas facultades, en cada municipio ou provincia tiña que haber desaparecidos. Persoas representativas que eran buscadas polos sanguinarios Grupo de Tarefas, compostos polas forzas armadas ou a policía.

Na maioría dos casos, os secuestrados estaban indefensos, non formaban parte de grupos armados, saían do seu traballo ou estudo, ou simplesmente estaban na súa casa coa familia.

Así foi como a ditadura planificou o exterminio de 30.000 persoas. A sociedade quedou inmobilizada, a acción psicolóxica cometida contra toda a poboación, paralizou calquera posibilidade de resposta.

As vítimas despois de seren torturadas, eran tiradas ao mar, moitas delas vivas, ou incineradas, para que non ficasen pegadas dos seus corpos, para que os familiares non puidesen darlles sepultura, para que non puidesen facer o dó necesário ante a morte dun ser querido. Así querían que a dor perdurase na conciencia e nos sentimentos de todo un pobo.

Estes métodos de terror foran utilizados polos nazis. Posteriormente implementáronse en países como Guatemala, Chile, Uruguai, etc. Pero nunca con tal saña e planificación como naquela Arxentina de 1976.

> "Naquel golpe había un obxectivo estratéxico, preparar o camiño para a imposición do modelo económico neoliberal."

Naquel golpe de estado había un obxectivo estratéxico, preparar o camiño para a imposición do modelo económico neoliberal.

Coa "paz dos cemiterios" chegaron as medidas do Fondo Monetario Internacional: privatizacións, entrega do patrimonio nacional, despece do Estado, desemprego, miseria e fame. O Estado español a través das súas empresas "modélicas" participaron do festín e o reparto da torta: Telefónica, Repsol e os bancos privados son claros exemplos diso.

Cando o traballo suxo foi completado, pasouse do terror represivo ao terror económico. Da desaparición de persoas por asasinatos á desaparición de nenos por mortalidade infantil e ao rapto dos fillos dos desaparecidos e a súa posterior adopción ilegal por parte dos torturadores que ocultaban os seus "fillos" que eles eran os asasinos dos seus pais naturais.

Hoxe, após vinte e oito anos daqueles tráxicos acontecementos, os arxentinos comezan a realizar o dó necesário coas súas vítimas a través da memoria e a xustiza. Durante todos estes anos déronse pasos moi importantes para perseguir os delitos de xenocidio e terrorismo de estado. Os xuízos de Madrid que instruíu o xuíz Baltasar Garzón contra os responsábeis dos delitos de lesa humanidade cometidos na Arxentina e Chile xeraron unha nova situación xurídica internacional. Estes procesos alentaron os xuíces e políticos arxentinos para que desen os pasos necesarios para que se declarasen anticonstitucionais as leis de *Punto Final* e *Obediencia Debida*.

Este 24 de marzo, *Día da Loita Contra a Impunidade*, debemos lembrar tamén os nosos compatriotas galegos desaparecidos: Inés Ollero, Elsa Martínez Mesejo, José Caamaño Uzal, José Nicasio Fernández Álvarez, Ramón García Ulloa, María Seoane Toimil, Manuel Ramón Souto Lestón, Antonio Adolfo Díaz, Rubén Castro, Juan Carlos Casariego de Bel, Urbano López Fernández, Manuel Gómez Aguirre, Salvador Barbeito.

O dereito á memoria debe ser un dos dereitos humanos fundamentais, para que barbaridades como esta non se volvan repetir e a humanidade aprenda e poida recoñecer os culpábeis, xulgalos e facer que paguen polos seus delitos.♦

LOIS PÉREZ LEIRA é coordenador nacional do departamento de Migración da CIG

Medra o pacifismo hebreo, que denuncia 'xenocidio en Palestina'

Sharon pon en alerta a Israel e os EE UU tras asasinar o líder de Hamas

CÉSAR LORENZO GIL

O asasinato do xeque Ahmed Iasin é un punto de inflexión na escalada violenta do Estado de Israel contra os palestinos. O propio goberno de Ariel Sharon coloca no punto de mira a Iasir Arafat e outros líderes da resistencia árabe.

Mulleres palestinas manifestándose diante da morada de Ahmed Iassin.

Abdelaziz Al-Rantisi é o novo líder do grupo de inspiración integrista islámico Hamas. As súas primeiras palabras, na calor dos funerais multitudinarios do seu antecesor Iasin pintaron un panorama de violencia, morte e rebeldía que "ha culminar na destrución de Israel". As rúas de Gaza bradaron ao seu ritmo, con centos de combatentes encarapuchados que levaban na testa a bandeira verde da organización armada e baixo o brazo a kalashnikov. "Palestina prefire a morte á entrega. O Islam nunca se renderá", finalizou Al-Rantisi, ao tempo que fervían os teléfonos das chancelerías occidentais tras o cambio de rumbo definitivo na relación entre Israel e Palestina.

A UE condenou rapidamente o asasinato de Iasin e culpou a Sharon de non facer nada a prol da paz. O seu responsábel de Política Exterior, Javier Solana, tirou da gabeta os papeis envellecidos da 'Folla de Ruta' e seguiu a defender un clima de distensión para avanzar no proxecto de convivencia en Oriente Medio.

Mais para os EE UU, o atentado israelita inscríbese dentro da "guerra contra o terrorismo", polo que a Casa Branca defende este tipo de accións. "O mundo é máis seguro sen fanáticos coma Iasin", explicou un portavoz da presidencia.

Con este amparo do seu aliado, Sharon continúa no camiño iniciado tras o 11-S: entrementres constrúe o valado que proscribe os palestinos, asasina os seus líderes (Iasin estaba eivado e o seu poder era simbólico, segundo os servizos secretos) e impide calquera tipo de normalización política nos territorios ocupados, aproveita calquera intervención pública para se erixir como adaíl da paz e da seguranza.

Co medo no corpo

Mais este duplo xogo do goberno israelita xa non calla entre a poboación. As enquisas mostran a minguante popularidade de Sharon, especialmente entre os máis novos e os habitantes de Tel Aviv, Haifa e demais cidades mediterráneas. Non en van, o movemento pacifista hebreo aumenta día a día. Paralelamente ao enterro de Iasin, en varias cidades houbo protestas destes grupos nas que estiveron, en gran medida, membros do Exército.

Para estas organizacións, o asasinato selectivo é contraproducente porque crea ansiedade perante os posíbeis atentados suicidas palestinos (o MI6 fixo públicas as cifras de máis de 250 árabes dispostos a se converteren en bombas ambulantes das axendas de Hamas). "Non hai paz sen negociación, non hai solución sen respecto polo adversario. Pola vía contraria, camiñamos cara ao xenocidio", rezaba unha das pancartas da mobilización de Tel Aviv.

Mais para o goberno israelita, a eliminación de figuras carismáticas na resistencia convén aos intereses pacifistas, ao rachar a sensación de invulnerabilidade destes. "Os seus sucesores saberán que só deixando as armas e sentando na nosa mesa poderán sobrevivir", explicou Efraim Halevy, ex director do Mosad, para *El Mundo*.

É posíbel que, seguindo esta estratexia, pronto sufran atentados Iasir Arafat ou o xeque Hassan Nasrala, dirixente de Hizbulá. Así o manifestaron diversas voces da Autoridade Nacional Palestina, que desvelaron que o *rais* xa mantén un programa de autoprotección, moi precario por mor do asedio a Ramala. A morte doutro destes líderes carismáticos podería supoñer un aumento da resistencia e un recrudecemento da intifada. Segundo os palestinos, esta é a opción que tomou Sharon como xeito de xustificar o incremento da violencia institucional. "O plano israelita só contén un final: a toma do poder absoluto nos territorios invadidos, a creación dun protectorado sen poder real e un proceso de neocolonización, dependente de Israel e dos EE UU de todo o Islam, como se demostrou na conquista do Irak", explicou Azzam Ahmed, ministro palestino de Comunicación. Diante deste "xogo á carta máis alta", é lóxico que tanto Tel Aviv como Washington estean dispostos a aceptaren atentados nos seus territorios en repulsa a esta política, o que mantén en alerta ambos os países, aínda baixo o fume do masacre de Madrid do 11-M.♦

AQUÍ FÓRA

A un tiro da vitoria

XULIO RÍOS

Contra case todo prognóstico, Chen Shui-Bian gañou as eleccións presidenciais en Taiwán. O presidente saínte fixo unha campaña moi intensa, mobilizando a boa parte do seu electorado e facendo xirar o debate electoral arredor das relacións coa China, tema inevitable en Formosa e no que se sentía especialmente cómodo pero que desta vez ía aderezado coa celebración en paralelo dunha primeira consulta plebiscitaria na que os taiwaneses debían expresar o seu parecer sobre a conveniencia de armarse máis para defenderse mellor dos mísiles que apuntan á illa desde o continente e sobre a naturaleza do diálogo coa China que, en opinión de Chen, debe ser de igual a igual.

Moitos observadores calculaban que Chen gañaría a consulta pero perdería a elección. A súa vitoria en 2000 explicouse en boa medida pola división nas filas do vello Kuomintang, que daquela experimentara unha escisión dando lugar ao Partido Pobo Primeiro, de James Soong. A raíz das eleccións parciais locais de 2002, ese cisma quedou superado, cimentado cunha vitoria inapelable en Taipei e unha derrota por moi pouco en Kaoshiung, a segunda cidade do país. Chen non partía como favorito e foi sempre por detrás do candidato opositor, Lien Chan, se ben ao comezo da campaña o número de indecisos era moi alto.

A inesperada derrota do Kuomintang desatou os nervios nesta formación. Lien Chan non acepta os resultados, viciados, di, por un atentado escuro e altamente beneficioso para Chen Shui-bian, a quen acusa de tramposo. Sen ese oportuno tiro na barriga, do que se recuperou en apenas cinco horas, o escrutinio podería presentar un signo moi diferente. Aínda así, foron moitos os votos anulados, uns trescentos mil (tres veces máis que na elección pasada e deles mais da metade en Tainan), que de ser revisados poderían deixar no aleiro a exigua vitoria de Chen, por escasos trinta mil sufraxios. Na actitude que adopte a Comisión Electoral Central ante as reclamacións guomindanistas descansará a lexitimidade do novo presidente. Taiwán enfronta a máis dura proba do seu proceso político dende o desmantelamento do sistema autoritario que implantara Chiang Kai-shek despois do triunfo de Mao no continente.

> "Taiwán enfronta a máis dura proba do seu proceso político desde o desmantelamento do sistema autoritario que implantara Chiang Kai-shek"

O carácter instrumental da consulta quedou de manifesto na valoración política que Chen realizou dos resultados na noite electoral. Nin unha soa mención á baixa participación no plebiscito, case a metade da rexistrada na elección presidencial, e inferior ao mínimo esixido do 50% para outorgarlle validez. Os electores taiwaneses dan a entender así que nas relacións con Beijing, se un opta pola vía da confrontación e mais no plano militar, leva todas as de perder. En calquera caso, non parece que ese fracaso vaia influír notoriamente en Chen quen non mudará a súa orientación soberanista por este resultado; de feito, xa anunciou a elaboración dunha nova Constitución para 2006 na que a identidade taiwanesa debe quedar cabalmente reflectida con signos de diferenciación claros a respecto da China continental.

Os resultados, positivos polo fracaso do referendo pero preocupantes pola vitoria de Chen, seguirán espertando os receos de Beijing, quen tratará de facer valer as súas relacións con Washington para templar os ánimos en Taipei. O prezo a pagar non será barato. A China é capaz de invadir o mundo, por moi afastado que estea, cos seus produtos pero non é quen de espertar o patriotismo dos taiwaneses, que están a un tiro de pedra das súas costas. As distancias enganan.

XULIO RÍOS é director do IGADI (www.igadi.org)

Nº 1.122 ● Do 25 ao 31 de marzo de 2004 ● Ano XXVII

O Deportivo enfróntase ao Milan máis serio de toda a tempada

A tríada de Riazor

CÉSAR LORENZO GIL

Os dez minutos na nube en San Siro obrigan agora o Deportivo ao máis difícil. Facer tres goles en Riazor é complicado, dado o estado de forma do Milan de Kaká, mais sen sacrificio, os coruñeses non poderán saborear despois da final de Alemaña.

O Deportivo foi en Italia un boxeador que abre os brazos para arfar e sofre unha malleira que o deixa k.o. sen remisión. Foi iso o que lle pasou entre os minutos 45 e 53, período fatal no que o Milan, comandado por un excelente Kaká, marcou tres goles e amargoulle o sono europeo aos branquiazuis.

E este golpe final é unha mágoa porque os coruñeses mostraron que estaban no camiño correcto. Afianzáronse en San Siro coa contundencia dun campión, controlaron a soberbia milanista dos primeiros minutos e acabaron por marcar. O tanto de Walter Pandiani era un bo sinal. Do uruguaio fora o gol en Torino, e finalmente os galegos acabaran gañando o encontro e a eliminatoria.

Mais o Milan é un equipo con moitos recursos, cheo de estrelas e nun momento óptimo de forma, que comanda con coraxe o *calcio* e se cre favorito para a Liga dos Campións. Por iso era lóxico pensar nunha reacción. Durante a primeira parte, o Dépor soubo facer un labor efectivo de defensa. Mais todo se esfarelou sen explicación evidente. Nunha síndrome fatal, caeron as gardas e fluíu con velocidade a calidade futbolística de Shevchenko, Seedorf, Inzaghi e especialmente Kaká.

O brasileiro empatou antes do descanso e dirixiu os seus compañeiros cara á remontada. Entre pases perfectos de vinte metros, Mauro Silva esvaraba na herba, Naybet acababa coa lingua fóra e ninguén comprendía como resolver o naufraxio. Pode ser verdade que Irureta non soubese ventar a traxedia e adaptar a táctica á maré viva *rossonera* mais hai que pensar en que o fracaso do 23 de marzo tivo tamén moito a ver con esa regra aritmética que poucas veces se cumpre no fútbol: con mellores xogadores e maiores salarios, a vitoria está asegurada.

Misión: A Coruña

A desfeita de San Siro obriga á fazaña na Coruña. Con certeza é complicado mais non imposíbel. O Deportivo ben pode marcar tres tantos e manter a porta a cero. Ao seu favor ten a capacidade de concentración que os homes de Javo amosaron en anteriores oportunidades e o nivel de sobremotivación que terá todo o deportivismo, desde a directiva e os técnicos até os seareiros, pasando por un plantel de xogadores moi consciente de que a oportunidade de se consagrar en Europa só pasa por Galiza unha vez cada cen anos.

En contra está esa incapacidade de de loitar contra o aceiro. O Milan é unha máquina sólida, moi capaz en todas as liñas, coa experiencia recente do campionato de Europa e a representatividade xa non só de todo o fútbol italiano, senón do que significa unha escola que a duras penas mantén a súa influencia neste deporte.

A única fenda é a confianza excesiva. Se Pandiani, Fran e compañía son capaces de furar pronto a porta italiana, é posíbel calquera cousa. Irureta, tan amante do rigor e da planificación, vai ter que optar polo caos. Só cun encontro revolto onde unicamente permanezan firmes os propios defensas pode haber oportunidade para escoitar de novo o himno da *Champions*. Polo menos, antes do outono.♦

O brasileiro Kaká leva un balón diante do deportivista Naybet.

Kaká, o deus neno

Ricardo Izecson Santos Leite (Brasília, 1982) é un xogador brasileiro atípico por historia persoal mais prototípico dunha escola de talentos inesgotábel que produce ano tras ano xogadores vivaces, excelentes no aspecto técnico e educados na busca permanente da imaxinación en cada xogada. E é diferente aos Ronaldinhos ou a Rivaldo e outros deuses do balón porque a súa historia non é de loita contra a miseria, de pelota contra a pallabarro do *barraco* con fondo de baía de Guanabara. Kaká naceu na capital federal entre ouro e *travesas* de pluma de ganso. De familia adiñeirada, medrou coma un deus neno, dotado para o fútbol e que apuntaba maneiras de galán de novela da *Globo*, con seus ollos azuis e rostro de eterno adolescente.

Na escola do São Paulo –a mellor neste momento no país– gañou cintura e capacidade competitiva, ao tempo que as grandes marcas xa se fixaban nel para uniren (caso de Beckham ou Anna Kournikova) espectáculo deportivo con técnicas de mercado. Hai malas linguas que afirman que viaxou ao Mundial de Corea-Xapón do 2002 por indicación dos seus patrocinadores (apenas xogou) mais agora, ano e medio despois, xa se converteu en ídolo do Milan e gran promesa do fútbol mundial, peza engadida a ese Brasil que xa parece temíbel de cara á Copa América do verán próximo.♦

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS
ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

Porto e Madrid, encamiñados

O Madrid sufriu para resolver o seu partido de ida diante do Mónaco (4-2). Os franceses xogaron con seriedade pero non puideron coa treboada de Zidane, Figo e Ronaldo. O resultado é moi vantaxoso para os madrileños aínda que os monegascos teñen sona de saíren moi concentrados ao céspede do Luís II. Hai que lembrar o duro 8-3 que sufriu o Deportivo na primeira fase. O gañador desta eliminatoria terase que enfrontar ao vencedor do duelo londinense entre o Chelsea e o Arsenal. O 1-1 da ida deixa todo no ar de cara ao partido que se celebrará en Highbury en dúas semanas. O Arsenal é favorito, xa que nunca perdeu nesta tempada e ten a vantaxe engadida dun gol en terreo rival, mais hai que lembrar o enorme potencial do Chelsea, un equipo preparado para gañar rapidamente títulos.

A sorpresa da competición é o Porto. Após a súa fazaña en Old Trafford, está perto da semifinal logo de vencer (2-0) o Olympique Lyonnais. Os franceses foron moi inferiores a un equipo máis *dragão* ca nunca, que conta cun dos mellores mediocampistas de Europa, o brasileiro nacionalizado portugués Deco.♦



Finou o escritor vasco Andolin Eguzkitza

Con cincuenta anos morreu dun ataque ao corazón o escritor vasco Adolin Eguzkitza (Santurtzi, 1953), autor de poesía e narrativa e investigador no ámbito da Lingüística. Presidente da Asociación de Escritores Vascos desde 1997 até marzo do 2002, Eguzkitza participou activamente en varios Galeuzcas, os encontros de escritores galegos, vascos e cataláns. Formaba parte do Consello Asesor do Euskera desde 1997. Entre a súa obra atópanse títulos como o poético *Pasaron mil anos e a auga segue o seu camiño* ou a novela *Baixo as sombras da morte*.♦



Xosé Luis M. Ferrín

Ferrín e Manuel María, de festa fóra

Os escritores Xosé Luís Méndez Ferrín e Manuel María celebraron fóra o Dia Mundial da Poesía. Ferrín asistiu ao lado de poetas dos cinco continentes á Festa que se celebrou en Venezuela e Manuel María participou na terceira edición do encontro que en Figueira de Foz se organiza por terceira vez para conmemorar a data. A Unesco decidiu nesta edición homenaxear o poeta Pablo Neruda, nun ano no que se cumpre o primeiro centenario do seu nacemento. En Compostela, un grupo de poetas percorreron as rúas e lembraron a ausencia de Luísa Villalta.♦



Bieito Lobeira.

As voltas do menhir de Currás

O menhir de Currás, que está encravado na parroquia do Campo do Concello de Marín, está de novo en perigo. En setembro do 2003 trasladouse de localización polo perigo que supuña a construción dunha variante da estrada e agora volve temerse pola súa conservación diante dunha nova obra de infraestruturas. O deputado Bieito Lobeira, do BNG, demandou no Parlamento unha nova localización para o monumento e os prazos para que se esta se desenvolva. Os veciños protestan pola improvisación da Xunta.♦

O COMETA CADAVAL



A NOSA TERRA
Nº 1.122
Do 25 ao 31
de marzo de 2004
Ano XXVII

Cultura

ANDRÉS PANARO

A semana de premios comezou cando Agustín Fernández Paz recibe a noticia de ser o gañador do Premio Irmandade do Libro que dará a coñecer o sábado os que triunfan nas outras categorías. O sábado será tamén o día grande do teatro galego coa entrega na Coruña dos Premios María Casares mentres no sector audiovisual xa se dan a coñecer os candidatos que optarán aos Mestre Mateo. En teatro non só están de premios senón tamén de festivais, dous días de curtas de teatro vivíronse na Sala Galán na xa onceava edición do encontro mentres que a Universidade de Santiago volve acoller até o día 30 o festival de teatro universitario. Vinte e cinco anos conmemorarán os *Milladoiro* cun novo disco que se comezou a gravar en Vilagarcía, os mesmos que pasaron desde a morte de Luis Seoane, a quen se recorda os días 26 e 27 cun congreso na Fundación que leva o seu nome. Noticia foi esta semana que a iraquí Zaha Hadid se convertese na primeira muller que consegue o premio Pritzker de Arquitectura, o máis prestixioso da disciplina, e tamén que Bob Dylan se "puxese a tiro" e aceptase actuar no Xacobeo. Tamén dará un concerto en Vilar de Mouros.♦

Cultura

Críticos e artistas reclaman novos espazos para a arte contemporánea

Consideran necesaria a apertura dun centro como o vasco *Arteleku*

C.V.

Salvador Cidrás e Mónica Alonso son dous dos nomes máis destacados da nova xeración de artistas. Os dous expuxeron xa no Centro Galego de Arte Contemporánea que dirixe Miguel Fernández Cid e formaron parte do ciclo *Miradas virxes* que estaba ao coidado do crítico e profesor David Barro no Centro Torrente Ballester de Ferrol. Os catro participaron nun debate sobre a situación da arte contemporánea que se celebrou no marco da exposición *Latitudes* de Cidrás e Alonso, na Fundación CaixaGalicia de Santiago.

Os participantes no debate ao redor da arte contemporánea en Galiza. A. PANARO

Tanto uns como outros coincidiron ao reclamar maior atención institucional para a arte contemporánea que tomaría corpo na apertura de máis espazos, na continuidade de proxectos e mesmo no cambio de bases "ortopédicas e obsoletas" de concursos e convocatorias. Os máis interesados eran os propios artistas que criticaron, en especial, a falta de plataformas para mostrar a súa arte fora das nosas fronteiras e a obriga de moitos dos seus compañeiros a abandonar o traballo creativo por non atopar posibilidades para desenvolver as súas traxectorias. "Necesitamos espazos continuos e establecidos. Sabemos o que queremos e estamos preparados pero moitas veces non temos os medios. Moitos teñen que quedar no camiño" dixo, por exemplo, Mónica Alonso.

Da parte das demandas dos artistas púxose David Barro, despois de aplaudir a iniciativa de Caixa Galicia como primeira fundación que abre as súas portas a un proxecto como *Latitudes,* comisariado por Xosé Manuel Lens. "En Galiza faltan espazos para arriscar con cartos institucionais. Continúanse convocando becas e premios que están fora do tempo. Síguense mantendo unhas bases absurdas nas que, por exemplo, só se inclúe escultura e pintura e non vídeo ou fotografía. En *Latitudes* o artista pode mostrarse tal cal é e iso é o que debe promover unha institución" dixo David Barro. Apuntou sen embargo Fernández Cid que de saída non vía el tan arriscada a aposta de *Latitudes* xa que o proxecto comezaba precisamente con dous dos artistas máis destacados publicamente da nova xeración. "Foi unha escolla conservadora xa que os dous son os máis significados, é ir sobre seguro pensei, pero cando vin a exposición levei unha sorpresa polo plantexamento novo que se mostra" sinalou, aplaudindo o "comisariado activo" de Lens. O director do CGAC defendeu que a situación mudou moito nos últimos anos e que mesmo poderían ser criticados por "censurar tamén os artistas dunha práctica máis tradicional" pero, a pesar desta afirmación, considerou que había aínda no país lugar para un proxecto como o vasco *Arteleku,* modelo de centro que foi referencia máis dunha vez no debate. "Fai falta un espazo como ese pero cando exista necesitaremos outro alternativo" afirmou o director do centro público de arte.

"Nos non temos o dinamismo que existe en Arteleku, que é visitado tamén por comisarios de fora. Falta intercambio, falta demanda e oferta de artistas co exterior" dixo Salvador Cidras, o primeiro artista galego que expón individualmente no Centro Reina Sofía. Diante da defensa da creación en Galiza dun centro como o vasco, o artista lamentou que o grande investimento se estea a dedicar á Cidade da Cultura "sen que ninguén saiba que vai pasar nela". "Os artistas que saen ao exterior é a través de pasos que deron eles mesmos, cun labor de francotirador" apuntou ao respecto Barros, nunha idea coa que coincidiu Mónica Alonso para quen un artista galego expón fóra "só cando se busca a vida persoalmente, conseguir exportar a obra é moi difícil".

Faltan 'os cultos'

Antes do fin do debate, os participantes responderon á pregunta de Lens sobre os máis importantes acontecementos nos últimos cinco anos. David Barro non tivo dúbida ao resaltar a apertura do MARCO en Vigo e a chegada ao Reina Sofía de Salvador Cidras, como comezo dun camiño "polo que, a partir del, irán outros". Aproveitou a oportunidade o crítico para engadir o que considera máis lamentábel dos últimos tempos que é, ao seu ver, a "desvinculación da sociedade culta galega coa arte contemporánea. Non vexo a escritores ou arquitectos nos museos ou as exposicións" dixo. Para Mónica Alonso o feito de entrar ela, Xoán Anleo e Salvador Cidras con coidadas exposicións no CGAC foi unha das mellores noticias dos últimos anos. Tamén para Fernández Cid a aparición desta nova xeración de creadores que están a abrirse camiño tamén fora de Galiza está a ser unha das máis interesantes novidades dentro da arte contemporánea máis recente.♦

Saramago presenta a súa novela 'máis política'

Ensaio sobre a Lucidez chega ás librarías o 25 de marzo

A.N.T.

Cunha tirada de 100.000 exemplares, a Editorial Caminho pon nas librarías o 25 de marzo a nova novela do Nobel portugués José Saramago. De *Ensaio sobre a lucidez* ten dito o seu autor que pode provocar máis polémica que o *Evangelho Segundo Jesus Cristo* e o que si se coñece é que esta será a novela "máis política" do alentejano.

Como o acontecemento literario do ano se presenta en Portugal o *Ensaio sobre a lucidez* de José Saramago. Xa a tirada da novela representa unha nova marca editorial en Portugal e, catro días despois de estar nos andeis das librarías o autor comezará unha completa xira de presentacións que terá o seu punto de partida en Lisboa o 29 de marzo cando Mário Soares, José Barata Moura e Marcelo Rebelo de Sousa acompañen o escritor no primeiro acto público arredor da novela.

Porén, a pesar do extraordinario lanzamento que prepara a Caminho, o argumento da nova novela xa está na boca de moitos portugueses. No seu último número, o *Jornal de Letras, artes e ideias* dedícalle a capa da publicación ao lanzamento e inclúe un amplo artigo do seu director José Carlos de Vasconcelos no que fai unha detida lectura da novela nun número no que se publican varios fragmentos do libro e unha entrevista co autor.

Pouco máis de un ano e tres meses despois da publicación a fins de 2002 d'*O Homem Duplicado* aparece este novo libro que remite xa desde o propio título ao seu *Ensaio sobre a cegueira,* obra coa que mesmo comparte algunha das personaxes. Continúa a liña do anterior libro, tamén na construción dunha novela próxima ao ensaio, "un libelo mais devastador –e creio que mais eficaz– que um ensaio en sentido técnico" di José Carlos de Vasconcelos.

José Saramago.

O torrente de votos en branco

A historia parte dunha xornada de eleccións lexislativas nas que a pouca abstención non pode facer imaxinar o resultado dos comicios. Cando se fai o reconto, os votos en branco sobrepasan o 70% dos efectuados, o que leva ao goberno a decidir repetir as eleccións cun resultado de 83% votos válidos pero sen destinarse a ningún partido, é dicir, os brancos aumentan aínda máis. Declárase o estado de excepción e inician investigacións para buscar os culpábeis desa situación excepcional, nunha situación na que varios membros do goberno van presentando a súa dimisión. "Saramago vai denunciando e desmontando os mecanismos dos poderes de uma democracia que o não chega a ser e gera no seu ventre os germes da ditadura. Contra a qual os cidadãos se insurgiram, votando em branco" comenta Vasconcelos despois da lectura da obra.

A nova novela do Nobel ten 330 páxinas e a tirada da primeira edición superará en 20.000 exemplares á do seu anterior libro *O Homem Duplicado*. A marca do autor segue a estar en *Memorial do convento*, que vendeu 400.000 exemplares só en Portugal. Segundo os datos da Caminho, o autor vendeu 2,5 millóns de exemplares dos diferentes títulos no seu país.♦

Canonizar

RAMIRO FONTE

Cada pecado leva a súa penitencia. O doce pecado da lectura leva a penitencia de que os libros acaban invadindo o noso espazo cotián. Perdémonos neste bosque de símbolos, ou de libros, e xa non sabemos ónde puxemos o volume que tanto nos interesaba ler. Reordenar unha biblioteca, escribiu Borges, é un xeito modesto de exercer a crítica literaria. Levo meses adiando o momento de ordenar a miña, aínda que unha gripe me encamiñou á relectura de Borges. Dous días metido na cama cos catro tomos da súas *Obras Completas*, repasando os contos, os poemas, os pequenos ensaios do arxentino, para así poder aprender a escribir ben.

Non me considero nin un bibliófilo, nin un coleccionista e si, acaso, un fetichista dos libros. Por patriotismo cultural busco primeiras edicións de literatura galega, e ás veces teño a sorte que acompaña a un bo fatalista coma min. Non me chamo a engano, sei que neste tempo de escritores orfos de lecturas e de sintaxe realizar unha autoconfesión de lector e estilista é como pedir a berros que te suban ó cadafalso. Volvendo ós libros, gústame ter ordenada a poesía, e sorpréndome dos matemáticos azares que establece nun andel a orde alfabética. Rosalía de Castro veciña, porta con porta, dese modernita portugués, Eugénio de Castro, que hoxe case ninguén le, e que escribiu uns sonetos moi interesantes, que captan as paisaxes das urbes galegas.

Non presumo de canonizador, aínda que quen coloca un libro no andel preciso está facendo un uso da crítica. Hai poetas que salvo porque un día me atraeron; outros hai que condeno porque sospeito que chegaron a embelicarme. Pero, por regra xeral, compórtome dun xeito condescendente cos libros de poemas. Incluso con eses poetas menores, case sempre malogrados, e autores dun único libro, que pasou pola nosa vida coma un sopro de aire.

Moitas novelas de novidades, todas elas xeniais, acabaron abandonadas, cando non intonsas. Ben sei que en repetidas ocasións eu tamén fun vítima diso que se denomina mercado literario e que, digámolo ás claras, ten pouco que ver coa literatura. Un xa non sabe ónde poñelas, e malicio que moitas irán ó Purgatorio do faiado. Con respecto ós libros de ensaio intento ordenalos por crer que se trata de volumes de consulta. Abofé que, en moitos casos, adoecen do mesmo defecto cá narrativa de moda, e están cargados dunha terminoloxía insoportable. En fin, que un acaba sentindo nostalxia dese verso de Quevedo, "con pocos pero doctos libros juntos" e, no canto de ordenar a biblioteca, dálle cabo a este artigo. Ben pouco canónico, por certo.♦

Rock in Rio, sucursal Lisboa

Faltriqueira estará no 'festival máis grande do mundo'

A.N.T.

A Lisboa só lle faltará a praia de Ipanema e o estadio de Maracaná para a finais de maio e comezos de xuño recrear por completo o ambiente dos tres anteriores festivais *Rock in Rio*, celebrados no Rio de Janeiro. O programa está completo e os organizadores falan xa do "festival máis grande do mundo" que se abre o día 28 de maio con Paul McCartney e conta con Peter Gabriel, Gilberto Gil, Sting, Mariza, Alejandro Sanz ou Britney Spears. As galegas *Falriqueira* acturarán o 4 de xuño.

O festival *Rock in Rio* adiantou nun día a súa apertura para acoller a xira de Paul McCartney, que dará un concerto en Lisboa. Porase así o punto de partida a outros cinco días de música a repartir entres tres escenarios temáticos, o mundo, a carpa raíces e un espazo dedicado á música electrónica. Quince mil puntos de venda de entradas habilitáronse para participar neste encontro que terá lugar no lisboeta Parque de Bela Vista, na que xa se coñece como Cidade do Rock e que tentará renovar o espírito que se viviu no Rio de Janeiro nos anos 1985, 1991 e 2001 a iniciativa do empresario do espectáculo Roberto Medina.

As grandes estrelas do mundo da música terán cita no "Escenario Mundo" que despois de acoller o concerto de McCartney abrirá a programación oficial con Peter Gabriel, Ben Harper, Jet, Gilberto Gil e Rui Veloso. Na segunda xornada do festival serán os *Guns 'n' Roses*, *Evanescence*, *Kings of Leon*, Charlie Brown Jr. e o emblemático grupo portugués *Xutos a Pontapés* os que subirán a un escenario no que lles darán paso na terceira noite a *Metallica*, *Incubus*, *Slipknot*, *Sepultura* e *Moonspell*. Britney Spears será a cabeza de cartel do 5 de xuño, compartindo xornada con *Black Eyed Peas*, *Sugababes*, e João Pedro Pais. A última noite de *Rock in Rio* acollerá concertos de Sting, Alejandro Sanz, Alicia Keys, Ivete Sangalo e Luís Represas.

Raíces musicais

Vinte bandas e artistas de todo o mundo levarán a Lisboa o mellor da *world music* na carpa que leva por título *Raíces* e na que estará presente o grupo galego *Faltriqueira*. Portugal, o Brasil, Alxeria, Vietnam, Camerún, Galiza ou Guiné terán algúns dos seus máis destacados músicos neste grande encontro cultural que pechará a fadista Mariza, considerada a mellor artista de Europa o pasado ano pola BBC. Estarán nese espazo do festival as catro compoñentes de *Faltriqueira* nun escenario que contará tamén coa presenza de Amparanoia, *Habana Abierta*, At-Tambur, Manecas Costa, Angelique Kidjo ou *Gaiteiros de Lisboa*. O programa complétase cos máis destacados *djs* que se darán cita na carpa electrónica, con actuacións que prolongarán o programa da Cidade do Rock até as catro da mañá. Tedd Patterson, DJ Carl Cox, Miss Bárbara Tucker ou John Digweed son algúns dos arredor de vinte convidados para este espazo.♦

Faltriqueira.

Pandeiros de Pontedeume

Entre concertos en Madrid e Barcelona xunto a *Oskorri*, *Oreka TX* e Kepa Junquera, as catro compoñentes do grupo de pandereteiras *Faltriqueira* non poden deixar de recoñecer que este venta ser un bo ano para elas. O convite para o *Rock in Rio* recibírono como unha boa noticia ao xeito doutras sorpresas que Carolina Rodríguez, unha das súas compoñentes, se apura a comentar. Entre elas, a chamada de Víctor Manuel para que cantasen un tema no seu último disco na lembranza do desastre do petroleiro e das mobilizacións de *Nunca Máis*, a colaboración no novo traballo de *Oskorri*, o encontro con Kepa Junquera ou a participación no programa do Forum 2004 de Barcelona no que actuarán o 24 e 25 de xullo.

Naceron hai oito anos como *Faltriqueira* pero foi hai cinco, ao interpretar o tema "A herba de namorar" no disco *Cabo do mundo* de Luar na Lubre, cando comezaría o lanzamento deste grupo no que todas as súas compoñentes son de Pontedeume. A partir de aí e en pouco tempo o nome do grupo comezou a soar, gravando despois en solitario e sendo reclamadas para participaren en numerosos recitais e discos colectivos como o *Femmes Celtes* publicado o pasado ano no que aparecen ao pé de Sinead O´Connor, Sharon Shannon ou Susana Seivane. "Non sei ben por que de repente a aceptación é tan grande. Sospeito que soamos diferente e nos concertos hai desde rapaces pequenos que saben as cancións até xente maior. Agora estamos montando novos temas dentro da música de raíz pero con distintas procedencias" explica Carolina Rodríguez.♦

XERAIS CRÓNICA



1979 2004
XXV
VINTE E CINCO ANOS DE EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA

O sarillo do tempo

Xosé Neira Vilas

Tras concienzudas consultas e asumindo o reto de ofrecer en poucas liñas a substancia das vidas e dos acontecementos relatados, Xosé Neira Vilas, un clásico vivo da nosa literatura, consegue engaiolar ao lector con cada unha destas pezas labradas pola crónica, a memoria e a palabra de raíz galega.

XERAIS
xerais@xerais.es . http://www.xerais.es

NARRATIVA

Vidas rotas

Begoña Paz publica 24 relatos sobre mulleres en situacións difíciles

Título: A ferida.
Autora: Begoña Paz.
Edita: Xerais.

O neno, ao baixar o lixo, topou cun gato e cun veciño. Con ambos e dous entrou en relación, ben distinta nos dous casos. Despois ve o coche do pai e faille uns cantos "arranxos". O relato non é máis, en pouco supera as dúas follas. Con todo, o relato é moito máis. A razón é que, cando hai brevidade no relato, esta provoca que fiquen abertas moitas posíbeis incógnitas, de xeito que o discurso ve multiplicados os seus focos de interese. Entón, quen o remata realmente é o lector, pois unha vez lido seguirá matinando naquelas portas que foron quedando abertas polo camiño. Eis unha concepción totalmente oposta ao relato clásico, no que o lector vai fechando portas no seu camiñar letresco deica que o narrador decide, por fin, permirtirlle o acceso á definitiva resolución. Dúas concepcións diametralmente opostas, dicimos: a clásica, burguesa, pasiva, expectativa, de sillón e pantufla; e a posmoderna, activa, dinámica, participativa, para a que é preciso un hábil manexo da suxestión, da evocación, e, desde logo, renuncia expresa a calquera tipo de condutismo para, así liberarse á vez que se liberan as expectativas do lector, pois para el o relato xa non será un universo pechado e concéntrico senón un átomo excéntrico. Dito doutro xeito, substitúese o pracer de que nos sexa ensinado polo pracer de descubrirmos.

> Begoña Paz mostra habelencia para saber narrar, para non contar nin de máis nin de menos.

Begoña Paz, narradora coruñesa que pasou por algúns obradoiros literarios (e do cal isto pode ser boa mostra), que nos deixara un relato en *Narradoras*, alén de colaboracións nalgunhas revistas literarias, é a autora do conto que resumimos no inicio. *A ferida*, o seu primeiro título en solitario, chéganos agora na colección Abismos de Xerais. Un primeiro volume que presenta a unha autora atenta ás novas formas narrativas, aínda que tamén con algunha eiva que urxirá corrixir en futuras entregas. O primeiro que salta á vista é o dominio da técnica narrativa do que a autora fai gala relato a relato, ensaiando, case sempre con claro éxito (menor no que atinxe ao ritmo), diferentes estratexias, sempre dentro do que se vén chamando narrativa curta ou moi curta. Con todo, os ollos do lector percibirán tamén uns usos língüísticos mellorábeis; alén dun pronome persoal moi inestábel, anótense tamén algúns evitábeis castelanismos (léxicos e morfolóxicos) e a necesidade de apertura a máis variados rexistros que dean colorido ao discurso.

Detalle da portada do libro *A Ferida* de Begoña Paz.

Os 24 relatos dos que consta *A ferida* percorren un amplo abano de situacións narrativas e de temas que transmiten un palpábel sabor de vidas rotas, amargor existencial, de máscara ou mascarada grotesca, de derrota, de decadencia. Sempre arredor da muller, protagonista indiscutíbel, e con bastante frecuencia arredor do desexo e/ou do amor. Coma nun parto, o libro encétano seis relatos que focalizan o sexo (desexo) e o amor. Logo, pouco a pouco, desde "Corpo de mudanzas" vaise socializando, sen que iso signifique abandono, deica rematar cun relato onde non hai nin sexo, nin desexo, nin amor, senón que testemuña xustamente a carencia (social e tamén individual) de afecto entre a xente. Así, o libro convértese nun labirinto no que se perderon as vidas, das que se relata algún intre trascendente, deses que serven para explicala enteira, ou, mellor dito, dos que serven para que nola expliquemos. Nisto, na selección do momento narrativo, amósase non só habelencia narrativa senón tamén boas doses de sensibilidade. A sensibilidade necesaria para saber cando é momento de desatrancarnos unha ventá indiscreta a esta ou aquela vida, de xeito que nós, lectores, esteamos en condicións de imaxinar todo o que non se conta; e a habelencia, o saber narrar, para non contar nin de máis nin de menos.

As vidas que son contadas nos relatos son as vidas que imaxinamos a partir de fragmentos nos que se (re)crean situacións que a ningún lector lle han parecer estrañas, pois son dun gran realismo. Ás veces dun realismo cruel. Salientan especialmente os casos de violencia de sexo (xénero), como en "O cubo" ou "True love". Algo semellante a un fatuum tráxico pendura sobre a muller, impedíndolle ser feliz. Nin sequera cando se trata de alguén especial se ve libre ("Ela") do abismo vital. Nin sequera cando se trata de amor platónico este é satisfactorio ("Sempre sucia"). Máis ou menos disimulada, a marxinalidade ("Dezasete quiñentas") apodérase das personaxes, incapaces do que (eufemisticamente) se considera un vida normal, porque, aínda que crean que así é a súa modesta vida, cando menos se agarde chegará o golpe que llela desfaga para sempre ("Fotos"). Sen esquecer esas tantas veces nas que o amor non responde a criterios de lóxica ou razón e nos empeñamos en amar a quen nos fai dano, ou outras onde resulta case imposíbel entender como non se pode amar a alguén así ("O peso do meu desexo", "Azul"); a parella perfecta non existe ("Pandoro e o princípe azul"). Esta é unha vida gris ("Cadeas"), sen que se albisquen posibilidades de mellora futura ("Danzando baixo a luz do sol").

En definitiva, denúnciase un amplo abano de situacións, ás veces preto da marxinalidade ou mergulladas de cheo nela, facilmente recoñecíbeis. Esta familiaridade, este pre-coñecento, do mundo que se vai narrar leva a autora a ensaiar diferentes fórmulas de estrañamento que vistan o relato, demostrando grande habilidade para converter esas atmosferas xa coñecidas noutras dotadas con algún ingrediente de misterio que incide sobre as personaxes ou sobre o narrador.♦

XOSÉ MANUEL EYRÉ

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

1. ÁMOTE.
Xosé Carlos Caneiro.
Galaxia.

2. BAROÑA OU MORTE.
Pepe Carreiro.
Toxosoutos.

3. A XERACIÓN PERDIDA.
Francisco Castro.
Galaxia.

4. A ESFINXE DE AMARANTO.
Antón Riveiro Coello.
Galaxia.

5. OS MEUS OLLOS.
Ramiro Fonte.
Xerais.

NON FICCIÓN

1. AS NORMAS ORTOGRÁFICAS E MORFOLÓXICA DA LINGUA GALEGA.
Xosé Feixó (Ed.).
Do Cumio.

2. NORMAS ORTOGRÁFICAS E MORFOLÓXICAS DO IDIOMA GALEGO.
Varios autores.
RAG - ILG.

3. HISTORIA DE GALICIA.
Ramón Villares.
Galaxia.

4. O SARILLO DO TEMPO.
Xosé Neira Vilas.
Xerais.

5. O DEMO MERIDIANO.
Xosé Chao Rego.
Xerais.

Librarías consultadas:
***Cartabón* (Vigo). *Couceiro* (A Coruña). *Michelena* (Pontevedra). *Pedreira* (Santiago). *Souto* (Lugo). *Torga* (Ourense).**

CONTA DE LIBROS

A vida flúe

Non queres que o poema te coñeza mereceu o II Premio Caixanova de poesía e consagrou a súa autora, María do Cebreiro, como unha das voces máis importantes das novas xeracións. Conxunto de cincuenta poemas nos que aparece coma unha veta máxica a vida, un fluxo constante en cada verso. Moitas referencias ás experiencias propias, á literatura (Elliott), ao cinema (*Terra sen pan*, *O paciente inglés*) ou á xeografía (río Neretva, Santiago, Brooklyn, Berlín). Editan Caixanova e o Pen Club de Galicia.♦

Rosalía na voz de Angueira

Xerais publica ***Rosalía de Castro. Antoloxía*,** un libro-CD que inclúe unha escolma poética da autora padronesa e un disco no que o tamén poeta Anxo Angueira recita catorce dos poemas rosalianos máis famosos. A antoloxía divídese en áreas temáticas, desde a xeografía á nación, pasando polos costumes, os sentimentos e a situación da muller. A obra conta cun limiar de Xosé Luís Méndez Ferrín e reproducións de cadros de Xenaro Pérez, Serafín Avendaño, Pedro Pérez de Castro, Román Navarro, Ovidio Murguía, Arturo Fernández e outros.♦

Irlanda en feminino

Manuela Palacios é a encargada de editar o volume ***Pluriversos: Seis poetas irlandesas de hoxe*,** que publica Libros da Frouma, de Edicións Follas Novas, en edición bilingüe. As escollidas son Eavan Boland, Paula Meehan, Nuala Ní Dhomhnaill –que escribe en gaélico–, Mary Dorcey, Medbh McGuckian e Anne Le Marquand Hartigan. Este volume conta co financiamento do goberno do Eire e está traducido pola propia Palacios e Arturo Casas.♦



O CORDEL

O Povo de Guimarães

Nº 1.269. 5 de marzo de 03. Prezo 0,50 e.
Dirixe: Álvaro Nunes.

Esta publicación fai os 26 anos neste mes. Para comemorar esta data, Hélder Rocha, José Craveiro, Salgado Lobo e Carlos Falcão recuperan artigos publicados en momentos chave do periódico. Ademais, o xornal mantén, ao longo de marzo e abril, un programa de actividades culturais e lúdicas. Esser Jorge entrevista a Domingos Lopes de Miranda, ex dirixente do Vitória de Guimarães, club de fútbol representativo da comarca. Isabel Machado indica a influencia do aumento do desemprego na cidade. Silvestre Barreira dá conta das previsións para saúde do Secretario de Estado, Carlos Martins.♦

Terceiro Tempo

Nº 242. Marzo de 04. Prezo 1,80 e.
Dirixe: Daniel Soto.
Edita: Tempo Visión.

Celso Míguez preséntase optimista á World Series Light, antesala da fórmula un. Hai un estenso resumo da Copa do Mundo de saltos que se disputou en Vigo entre o 13 e o 15 de febreiro. Dáse conta dos resultados dos Campionatos de España de karate nas categorías de cadete e junior, nos que Galicia acadou catro medallas de bronce.♦

Perfiles

Nº 196. Marzo de 04. Prezo 3 euros.
Dirixe: Fernando Mendía.
Edita: ONCE.



Gabriel Sanz entrevista a José Luis González, director da Oficina da Comisión Europea en España. Mayte Antona presenta un debate entre as catro primeiras forzas políticas españolas ao redor do seu programa social para a nova lexislatura que agora comeza. Chema Doménech fai unha reportaxe sobre a Fundación 'Padre Garralda', que acolle ex presidiarios camiño da volta á sociedade. Juan Fernández-Miranda repara na medida do décimo proposto polo economista Paul Kennedy para acabar coa pobreza.♦

NARRATIVA

Un clásico de Bernardino Graña

Reedítase *Planeta de ratos tolos*

Título: Planeta de ratos tolos.
Autor: Bernardino Graña.
Edita: Everest.

Sae ao mercado unha nova edición de *Planeta de ratos tolos*, de Bernardino Graña. Se no ano 90 era publicada na colección Barco de Vapor de SM, agora é a editorial Everest a que resucita este libriño para alimentar a expectación e o goce dos lectores máis novos e dos que non o somos tanto.

El- Rei Carolo, recoñecido afeccionado á plácida escoita de boas e variadas historias, proponlles aos seus xenros, no banquete da voda destes, a posibilidade de contar unha historia que dure até que se poña o sol. Sen ser esta súa proposta un reto que poida derivar en traxedia pola súa non consecución por parte dos seus dous novos fillos –Paramés e Arandel era o nome destes dous novos membros da Familia Real–, o certo é que o resultado da encomenda convértese nunha sorte de *Mil e unha noites* que a todos ha agradar.

> Literatura popular que serve para educar os máis novos no xeito de vida do autor.

A través dun conto central sobre dous ratiños, os dous oradores implicados comezan a estender a historia narrando outras paralelas xurdidas das diferentes experiencias dos dous roedores. A historia que se ía contar nun principio até que se pu-


Bernardino Graña. A.N.T. / Arquivo

xese o sol, non remata xa en días grazas ás divagacións coas que os contistas van enriquecendo as aventuras e desventuras do ratiño meigo e o ratiño paspán.

Foxe así o autor da organización clásica da fábula na súa estrutura máis simple: introdución, nó e conclusión, para mergullar o lector nun ensarillamento de historias, todas elas conectadas entre si pola historia principal, onde se afondará sobre comportamentos propios do ser humano que, a dicir verdade, nin o fan mellor nin debe sentirse orgullo deles.

A través dos relatos –aquí está reflectido o omnipresente didactismo do conto en xeral e da fábula en particular–, os oradores explican as consecuencias nas que soen derivar comportamentos excesivamente discriminatorios e desprezativos cara aos nosos conxéneres. A desaprobación por parte de animais, árbores e natureza en xeral cara ao egoísmo e egolatría do galo Quirico, a situación límite na que se atopa o Rei Xovinián por crerse un Deus na terra dende o cargo que ocupa, ou a desconfianza enfermiza do cervo Melado e o lobo Agrisado, son as caricaturas perfectas duns personaxes que son vítimas das súas propias accións.

É un recurso este moi do gusto de Graña. A literatura tradicional, xurdida da oralidade, atrae especialmente o escritor de Darbo que ve neste tipo de contos, fábulas e relatos unha boa escusa para explotar o aleccionamento implícito que se conclúe deles. A defensa da natureza –tan presente na literatura de Graña–, a crítica dos que "non aman nin saben de amor", forma parte do seu xeito de ver a realidade. Perante a ilusión de albiscar un mundo mellor, o autor sérvese da educación a través da fantasía e dos valores propios dos contos de raigame popular –que curiosamente é a literatura máis internacional que pode haber. Bernardino Graña dálle moita importancia a esta literatura porque a ve como un instrumento utilísimo para o achegamento desta visión da vida aos máis novos, xa que eles son o futuro e deben aproveitarse destes coñecementos.

E se a mensaxe que nos poida mandar a través deste texto queda sucintamente explicada, é de xustiza facer mención á especial habilidade do autor no eido estilístico. A súa prosa é coidada, clara e esteticamente impecábel. En *Planeta de ratos tolos* fai mostra dun oficio e uns recursos que, por un lado, definen e fanse recoñecíbeis na súa prosa e, por outro lado, denotan un gusto exquisito pola pulcritude que flúe polas súas páxinas.

A Bernardino Graña non só hai que telo como un escritor de culto pola súa poesía –faceta pola que posibelmente sexa máis recoñecido–, senón que tamén pola súa prosa destinada aos que comezan a coller afección pola lectura. Un clásico.♦

HÉITOR MERA

POESÍA

Os poemas sinxelos e libres de María do Cebreiro

Título: Non queres que o poema te coñeza.
Autora: María do Cebreiro.
Edita: PEN Club / Caixanova.

Á procura dunha voz propia, singular e irrepetíbel, uns poetas hai tempo que atoparon a suposta sedución da escuridade, moitas veces só un galimatías tan sorprendente e impenetrábel como insubstancial e gratuíto, e outros pasan o tempo sondeando as posibilidades expresivas dunhas formas saturadas de atributos nas que a fala, enfática e afectada, é inimiga do ritmo e da intuición: poucos son os que ao explorar o segredo da palabra consiguen estimulantes efectos expresivos e tensas e depuradas sensacións.

> Na poesía de María do Cebreiro latexa a vida.

Pois ben, María do Cebreiro (28 anos), en *Non queres que o poema te coñeza*, Premio Caixanova 2003, ofrece unha voz singular en poemas sinxelos e libres e imaxes sensíbeis e espidas e é quen de esfumar a realidade máis puramente racional e amosar a emoción que dela se desprende: a vida abrolla nos seus versos de maneira suxerente e turbadora e deixa unha estraña e esvaída sensación de asombro e lonxanía, de irónica distancia, a filtrar os soños e as verdades polas fendas da voz e da memoria.

Lúcida e irónica afirma que *A escrita non se fai,/ non se pode ser hábil/ no poema: mesmo se ten lugar fóra do mundo/ limita coa materia, corre polos tendóns/ ata dar no papel, e aquí dorme de pé*, amosa a tenrura íntima do instante –*Vexo os nenos pasar. Veñen da escola ou vanse./ Levan libros na man e caramelos./ Levan o sol debaixo dos zapatos./ As súas voces encheron o lugar no que escribo*–, a harmonía da luz e da memoria –*A poesía facíame crer/ que o tempo era un espacio na luz*–, a voz que prende no silencio dunha emoción –*Algunhas veces pasa/ que nos deixamos secuestrar por unha voz/ e o son daquela voz prende unha idea/ no noso corazón*–, ou sons de soidade e turbación.

María do Cebreiro.

Na poesía de María do Cebreiro, unha longa indagación sobre a existencia, latexa a vida, o aroma esencial da realidade e desde o segredo cotián esperta unha voz cara á tenrura a explorar ritmos e formas, imaxes acendidas e silencios singulares: a íntima representación do sentimento.♦

XOSÉ MARÍA COSTA

Cultura

FOLK

Co pandeiro na man tes festa segura

As *Pandereteiras do Miñor* reivindican o traballo musical de base

Fora nun serán chumbizo e frialleiro no alto de Borreiros, co salón de actos da Asociación Recreativa do lugar atestado. Viñeran para a ocasión xentes de Belesar e de Sabarís, tamén de Mañufe, Donas e Morgadáns; nunha sorte de mestura xeracional das que o fan sentir a un coma en familia. Non menos de 150 persoas nos deramos cita alí para contemplarmos a xa tradicional festa societaria de Nadal. Actividades todas elas artelladas coa vontade de irlle dando corpo a un ámbito de encontro participativo que nos retrotrae aos principios democráticos, cerne da preocupación e o compromiso do galeguismo, xa desde fins do XIX. En suma, unha achega ao traballo socio-cultural de base desenvolvido no 2003 con poucos medios, bon gusto e moita dignidade.

Entre un ir e vir constante de público, tivemos a ocasión de saúdar vellos coñecidos; o amigo Xosé Manuel Oliveira, facendo camiño no ronsel formativo-divulgativo encetado polo seu avó (o mítico Pepe "O Moreno", de Lavadores); mais tamén a agradábel sorpresa de escoitarmos unha nova e prometedora formación: "Pandereteiras do Miñor".

Soubemos que este grupo xurdiu da necesidade de lles dar saída ás inquedanzas de coñecer a terra que se pisa, partindo da experiencia propia sen desbotar a herdanza dos devanceiros. Arestora elas –Moncha, Cristina, Pilar, Ester, Rosa e Suri–, son conscientes de estaren a dar os primeiros pasos. De que en pouco máis de dous meses de ensaio a carón de Rosa Filgueira de Vigo, non se poden facer marabillas. "Temos que mellorar a técnica, a voz, e ampliar coñecementos" di Cristina. Contodo, agasalláronnos cuns maneos e foliadas cheos de frescura, e cunha peza crítica e retranqueira que chaman "As coplas do chapapote". A pesar das súas profesións e das consabidas cargas familiares, reservan relixiosamente un tempo semanal para o encontro de seu e o intercambio.

Segundo Moncha, o feito de xuntarse coas compañeiras a carón da lareira na súa casa de Camos, significa unha liberación anímica. Escorrentar as "malas sombras" pois, "co pandeiro na man tes a festa segura, e podes rir ou mesmo chorar". Romper con certas rutinas e hábitos que ela denomina "pouco gratificantes". Pili di, "agora canto no traballo, cando estou na casa... Estou moito máis atenta a todo o que ten que ver coa vocalización. Cando te metes a cantar aprendes tamén a valorar o que fan os demais; porque educar a voz non é doado, e o pandeiro require moita constancia".

Congratúlanse asemade ao veren como as súas fillas Cali, Antía e Duna se están a impregnar do seu quefacer musical. Din que quere ir-indo paseniño. Seguir desfrutando e facendo festa, "aquí ou acolá". "Onde xurda".

E un servidor, que viu nacer de iniciativas semellantes non poucos grupos (Pandereteiras do Berbés, Tarxa, Etnográfico a Buxaina...), acredita na viabilidade e boa aceptación destas formacións; pois o que levan andado estas seis mulleres a día de hoxe en por si, xa é todo un éxito. Segundo Moncha, o exemplo está callando, "é moi probábel que nos vindeiros meses se vaian incorporando outras amigas". (Quen dixo que a canción non é cousa de mulleres? Sen elas, mesmo non habería nin idioma.

Por tanto, os meus parabéns. Porque tendo en conta que a rexión natural do Miñor é aínda un libro aberto no tocante á literatura oral, elas –ou calquera outro grupo–, teñen, sen dúbida, múltiplas posibilidades para o estudo e a re-interpretación.

Un camiño vizoso, en suma, polo que andaren á descuberta. Ánimo, e que as fadas vos sexan propicias!♦

RODOLFO DACUÑA

ROCK

Lei de normalización musical

Safari Orquestra, vangarda do rock en galego do século XXI

Acaba de saír á rúa unha maqueta dun *novo* grupo de rock, *Safari Orquestra*. A noticia non tería nada de especial se non for porque quen a saca é un grupo galego, que se expresa e canta na nosa lingua e, sobre todo, pola calidade musical. Non é común isto e non debe, xa que logo, pasar inadvertido.

Tense pensado e falado moito sobre os porqués do estancamento do rock na nosa lingua. O certo é que un, que medrou nos oitenta e foi asentando a súa paixón musical dos noventa até hoxe, non recorda ningún fenómeno equiparábel, no rock galego, á explosión de criatividade que foi capaz, por exemplo, de facer visíbel o noso folk (sen entrarmos en cuestións delicadas, como a ausencia de infraestruturas, a mala distribución na propia Galiza ou outras que darían moito para falar). Teño asistido e participado en conversas nas que, desde o gosto pola música e o compromiso nacionalista dos intervintes, se debatía acaloradamente sobre o compromiso dos grupos, sobre como *normalizar* o rock en galego, como facelo visíbel, se ten ou non futuro. Lembro como un amigo me dicía hai uns anos, como exemplo da anormalidade da nosa música, o difícil que é que unha canción de rock en galego forme parte dese conxunto de cancións que nos evocan unha relación, un lugar, unha noite, que nos apetece escoitar a soas na nosa casa ou gravarlla no CD a un amigo.

> Facer música en galego supón traballar sen saber se alguén escoita.

Os membros de *Safari Orquestra* son nacionalistas. Pero ademais gústalles a música (e non é unha afirmación gratuíta). Todos sabemos como, moitas veces, temos mercado discos case por militancia, organizado concertos sen nos fixar moito na calidade musical, simplemente polo feito de cantaren os grupos en galego ou seren de colectivos afíns, ou como algunha xente –grupos incluídos– parece concibir a música galega como de consumo só en horario nocturno dos pubs de *atmósfera* nacionalista compostelá.

Desde os *Skornabois* que formaron parte do bravú até a actual formación, pasando polos proxectos de *Alcarpa* ou *Elviscristo,* Xermán e Emilio veñen demostrando que a súa paixón pola música, por un lado, e a aposta por elaborala na nosa lingua, por outro, non se esgota xa antes de levala a cabo, como lles ocorreu a algúns outros. O rock na nosa lingua, se é seria, é unha aposta moi arriscada, que custa cartos, tempo, ilusións e pon en perigo o equilibrio emocional dos músicos. Supón traballar sen saber se alguén escoita, enfrontarse á incredulidade, aos prexuízos e a incomprensión de moitos outros músicos, á inexistencia de vieiros e canles de difusión dos discos, á ollada cara a outro lado dos responsábeis de radios e televisión –mesmo públicos–, á falla de redes de salas de concertos estábeis.

Safari practica o safari musical, depreda por todas as terras e sons, vive rodeado de música. Mesmo chega a levar os seus gostos a outras orellas (pinchando en festas ou *pubs* baixo nomes dispares: *Fanfarria da Carraxe*, *Nairobi All Stars*...). Devoran publicacións musicais ou traballan en tendas de discos e aínda lles dá tempo de estaren ao tanto do que ocorre na cultura galega e mundial contemporánea, ou de organizar actividades desde as Redes Escarlata. E o seu principal compromiso, como artistas, é coa propia arte, desde a terra e o tempo que viven. *Safari Orquestra* chegou ao convencemento de que o seu principal compromiso debe ser facer boas cancións. Ofrecer un produto musical de calidade que poida apaixonar a quen lle goste a boa música, sexa o receptor de onde sexa. Facer cancións que se pinchen con normalidade nun *pub,* que escoitemos gozosos nas nosas casas. Existe mellor maneira de contribuír á normalización da lingua que sendo un referente de prestixio para a mocidade que ama a música, que pensa en montar un grupo e ve que se poden facer discos de enorme calidade sen deixar a un lado a súa lingua?

Se *Os Resentidos* marcaron os anos oitenta e crearon discos diante dos que se rendeu a crítica de todo o Estado (*Rockdelux*, por exemplo) e se nos noventa, *Os Diplomáticos* foron quen de articular con intelixencia todo o bravú, que permitiu crear canteira e dimensionar e agrupar a nivel galego experiencias illadas, teño o convencemento de que *Safari Orquestra* pode ser o referente simbólico dunha nova etapa do rock na nosa lingua.♦

XAVIER CAMPOS

Quico Cadaval

'O teatro non pode desperdiciar a Cunqueiro'

CARME VIDAL

Por Álvaro Cunqueiro demostra grande admiración literaria e unha certa proximidade creativa. Di mesmo que pertencen ao mesmo século, e non é só de datas do que fala Quico Cadaval. O seu último traballo trata precisamente da adaptación e dirección da obra *O ano do cometa* que o Centro Dramático Galego (CDG) representa en Compostela antes de comezar a súa xira por todo o país. Director, autor teatral e xenial contador, a Cadaval recoñéceselle o ser pioneiro en converter os contacontos en espectáculo.

Vostede é contador de historias, precísase ter unha para levar á escena unha obra de teatro?

Precísase unha historia que che apeteza contar e que lle poida interesar a alguén. Seguimos sendo aristotélicos e unha obra ten que ter unha fábula e unha trama, que son cousas diferentes. A fábula é o que se conta e a trama como se estrutura.

Poderíase dicir que opta entón por obras con fábula?

Opto. Estou moi anticuado, pasado de moda, como todo o mundo.

Atopa ese material en Cunqueiro, do que xa adaptou o *Simbad* e do que agora converte en teatro e dirixe *O ano do cometa*. Defende que non se pode malgastar o seu valor. Recoñéceo como un grande autor para o teatro?

O autor son eu, xa que que escribo a obra. Pero desde unha actitude de oficio tes que saber compoñer unha peza teatral e traer a materia que ten Cunqueiro. Tamén é certo que el mesmo pide continuamente teatro. Os personaxes sábense personaxes, fan posta en escena, comentan o vestiario. Hai na súa obra conciencia teatral. En Cunqueiro existe unha etapa vangardista antes da guerra, logo outra de transición onde é tradicionalista e na que aínda non explotou como o fará a partir do *Merlín*. Por que digo que non se pode despilfarrar? Porque é un dos grandes creadores do século XX, precisamente por esa calidade de ter unha grande acumulación de motivos tradicionais –que o poden facer *anticuado,* como eu o chamo de mofa– e unha idea absolutamente moderna da liberdade creativa. A reivindicación de liberdade dos surrealistas ou o lector activo que demandan James Joyce e Marcel Proust están en Cunqueiro, en especial en obras como o *Sochantre* ou *O ano do cometa*. El é un dos grandes ao que desprezaron os anticuados de verdade, os realistas españois dos cincuenta. Cunqueiro é periférico no sistema español daquel tempo, é un raro porque os outros andaban co tema da verdade. Porén, era central no sistema mundial, na tradición de Valle-Inclán ou de Proust e anticipándose case vinte anos a Italo Calvino. Somos unha literatura esmagada e marxinal e non temos tantos xenios como para non aproveitalos. Aínda hai moitos estúpidos ilustrados que habitan as nosas cidades e practican a cultura en castelán porque consideran que é cultura mentres a galega é unha persistencia rural con catro románticos. Cren que son Borges por falar a mesma lingua e cítano para apoiar unha idea indefendíbel desde a razón. Cunqueiro estaba nunha operación estética diferente. Trátase dunha personalidade artística única, da súa propia modernidade. Entende a Sartre pero di que é un pesado. Logo demostrouse que así era. En cambio, interésalle moito máis Beckett.



A. PANARO

Á marxe desa admiración literaria, intúese certa proximidade ao autor.

Cando te mostras moi atraído por algo ou é pedantería, proximidade ficticia, ou real. A ficticia serían aqueles que din, seguindo co exemplo, "son moi de Borges" que é a estética da intelixencia. Os seus textos proceden do pensamento e por iso lle gusta citalos aos estúpidos, porque cren ficar intelixentes. Cunqueiro e eu estamos no mesmo século, no XX. Xa non somos do anterior pero tampouco estamos neste. Xa é abondo cando case todo o mundo continúa no XIX.

Unha parte da profesión non se leva ben co CDG. Como é o seu traballo no teatro público?

Gocei de toda a liberdade que se pode ter. Pedíronme un Cunqueiro pero fun eu o que escollín a obra, o reparto, o escenógrafo e iluminador que quixen, o figurinista... Os actores da obra son espectaculares, xente que podería estar gañando máis cartos e aquí os ves, facendo a Cunqueiro.

En todas as súas actuacións, en especial como contacontos, está afeito a ter público, algo que a miúdo lle falta ao CDG.

Espero que iso se harmonice neste espectáculo. Impórtame moito ter público, se non hai ninguén para escoitarte pouco importa o interese que teña o teu discurso. Niso tampouco son do século XXI porque hai un certo orgullo en determinados artistas por seren minoritarios. A democracia non é só o goberno da maioría senón tamén a existencia das minorías e a liberdade de expresión. Son as tres cousas. O artista debe preocuparse por ter unha minoría suficiente.

Como se consegue iso para o centro de teatro público?

Non son eu quen vai cambiar o CDG. Neste momento está enfrontándose cun atranco que está relacionado co aburrimento e iso é mal para todos, para o país e para a arte. A min encheume de pracer ver como os rapaces dos institutos gozaban coa obra. Iso é importante porque sei o difícil que é, pasounos tamén co *Códice Calixtino,* que lles encantaba.♦

'Traballar na *Operación Triunfo* portuguesa foi artisticamente bo'

O seu paso pola TVG fora precisamente como contador de historias. Para moitos foi unha sorpresa saber que era profesor de *Operación Triunfo* (OT) na televisión portuguesa.

Foi unha experiencia marabillosa cun resultado satisfactorio, a pesar das miñas dúas carencias que eran non falar ben portugués nin saber nada de música pop. Mesmo con esas deficiencias toda a experiencia acumulada serviume para facer un traballo con resultados interesantes, con popularidade na rúa, recoñecemento por parte da RTP e cariño dos rapaces. Estiven nas dúas edicións que se fixeron e voltar para acá foi difícil. Xa sei que se esperaba que dixese que fun para gañar cartos, que tamén fun, pero o balance é positivo e artisticamente moi bo.

Axúdalle ao teatro que a xente traballe na televisión?

Son actores e a televisión é un dos lugares de traballo. Pode sustentar profesionalmente moita xente e darlle unha popularidade que suma público para o teatro. Temos un problema, que somos menos que os madrileños e eles son o centro dunha cultura lingüística. Somos menos e ninguén de fóra vén vernos, o que significa que é moi difícil vivir do teatro. Estamos obrigados a ter éxito e temos que pensar no que pode interesar. Non podemos intentar ser como a televisión senón complementala, dar o que non pode dar ela nin o fútbol e tamén aproveitarnos da súa popularidade.

Que traballase en Portugal é casualidade ou é que realmente hai comunicación profesional entre os dous países? Técnicos, actores e directores galegos traballan con certa normalidade alá e mesmo hai colaboración entre compañías privadas e tamén a través do CDG.

Por exemplo, Carmela Montero é a estrela da maquillaxe portuguesa. No teatro semella máis rechamante pero igual no transporte de conxelados funciona mellor o eixo Porto-Vigo e iso non sae nos xornais. En canto ao teatro, a relación existe porque é unha saída natural cortada artificialmente. Agora saín na televisión pero xa antes tiña traballado moito en Portugal. Fun escollido para OT porque un produtor me vira na Semana do Libro de Beja.

Noutros campos da cultura a desconexión é maior.

Porque como nación provocámoslles mal corpo aos portugueses. Somos como un irmán bastardo que saben que é irmán pero non o queren levar ás festas. Os do teatro pertencemos a un oficio estraño. Somos arrieiros, andamos no camiño e é alí onde atopamos os portugueses.

En breve estará na xira *En son de festa,* xunto a Tanxarina, Leilía e Treixadura.

Cada quen irá co seu espectáculo pero a min gustaríame facer algo conxunto, que saíse un cabaret-folk, por exemplo. Hai moitas cousas que os artistas fan e logo non sacan.

Nalgunha ocasión preséntase dicindo que xa contaba antes de nacer.

É unha forma de falar pero é precisa formación teatral para saír ao escenario, mirar o público e contar a historia. A acción é teatral e nas táboas hai que facer as cousas de verdade. Na literatura amañas, no cine fas montaxe pero na escena se hai que ir dun lado para o outro, hai que facelo. Cando contas interpretas que a outra persoa entende. A clave é que é un diálogo pero no que só fala un.♦

Cultura

Luís Tosar gaña o premio ao mellor actor no Festival de Mar del Plata

O lapis do carpinteiro favorita do público

GUILLERMO SANTOS
MAR DEL PLATA

***O lapis do carpinteiro* foi moi ben acollida no XIX Festival de Cinema de Mar del Plata (Arxentina), no que alcanzou dous premios de referencia. Luís Tosar recibiu o galardón ao mellor actor e a fita obtivo a vitoria entre o público, que a escolleu coma a mellor das presentadas.**

A pesar da crise na que vive o país austral, nada menos que 120.000 persoas aproveitaron o comezo do outono arxentino para se achegaren ao festival. Destes, case o 80 por cento escolleu *O lapis do carpinteiro* como a mellor película.

Antón Reixa, director da fita e único dos do elenco que asistiu ao festival, manifestou a necesidade de que no mundo enteiro se coñeza a existencia dunha arte propiamente galega. "Somos un país con abundancia de artistas e técnicos, cunha cinematografía en expansión que representa o pobo cunha lingua e unha cultura de seu", explicou durante a presentación do filme.

Cando tivo que recoller o premio ao mellor actor, no nome de Luís Tosar, Reixa foi máis lonxe. "Hoxe é un día especial porque se cumpre o primeiro aniversario da invasión do Irak. Quixera adicarlles este recoñecemento aos dez mil iraquís mortos, aos máis de



Luís Tosar nun fotograma da película.

douscentos asasinados no masacre do 11-M en Madrid", engadiu. "Tomara que dunha vez por todas poidamos conseguir a paz, vivamos onde vivamos e falemos a lingua que falemos."

Estas palabras foron respondidas pola ovación unánime dun público que se ergueu en agradecemento dunha historia que emocionou os asistentes. Entre os espectadores e o público sentou moi ben esta historia que serve de lembranza para os fusilados e perseguidos polo fascismo nas rías galegas, moi perto do corazón do xenocidio arxentino de hai vinte e cinco anos.

Premios repartidos

Aínda que o cinema arxentino foi beneficiado no palmarés final, os galardóns estiveron moi repartidos. *Buena vida delivery*, de Leonardo Di Cesare, obtivo o *astor* de ouro ao mellor filme, que tamén conseguiu o premio ao mellor guión. *O outro lado da rua*, do brasileiro Marcos Bernstein, levou o premio á mellor fita latinoamericana. O *astor* á mellor dirección foi para Benedef Fliegauf, por *Dealer* (Hungría). Amais de Luís Tosar, galardoaron a interpretación da italiana Nicoletta Braschi, por *Mi piace lavorare*, de Francesca Comencini e a do arxentino Alejandro Urdapilleta, por *Adiós, querida Luna*. Este filme recibiu tamén o Premio Especial do Xurado.

O saqueo de Menem

Na presente edición víronse boas fitas e outras non tanto. Amais de filmes como *Carandiru*, de Héctor Babenko ou o propio *Lapis*, que xa viviron unha xeira comercial moi importante en todo o mundo, o público recibiu con interese títulos tales como *Memorias del saqueo*, de Pino Solanas, un intento de documental "de investigación" sobre o inmenso roubo que as privatizacións de Carlos Menem e a débeda externa produciron na Arxentina, traendo fame ao país con máis alimentos do mundo. O filme é cru e inclúe a rodaxe da morte dunha crianza desnutrida en Tucumán. Curiosamente, o presentador da película foi o propio presidente arxentino, Néstor Kirchner, quen non quixo avaliar as conclusións desalentadoras, que tanto pexan no seu mandato.

Xa no capítulo da información eminentemente industrial, unha manchea de produtores italianos –a meirande parte deles vinculados dun ou doutro xeito ao emporio de Silvio Berlusconi– asinou un convenio co Instituto Nacional de Cine y Artes Audiovisuales para producir varios filmes, aproveitando a preparación técnica do elenco local e os baixos custos de produción. Como novidade, estes filmes contarán con publicidade explícita. Na presentación do acordo, moitos dos asinantes do negocio subliñaban que se *O Señor dos Aneis* se tivese filmado na Arxentina en troques de Nova Celandia, o seu custo final acabaría reducido nun 90 por cento, e sen perder chisca de espectacularidade paisaxística.♦

Voces do jazz en Pontevedra e A Coruña

Inclúen concertos de Dianne Reeves e Rosa Passos

A.N.T.

Dentro do *Ano da música,* o Concello de Pontevedra organiza o seu ciclo *Voces do Jazz* que ten como convidados a Rebekka Bakken, Rosa Passos e Kurk Elling. O ciclo da Fundación Pedro Barrié de la Maza traerá á Coruña a Dianne Reeves, o saxo de John Zorn e o grupo *Count Basie Centennial Project,* o último proxecto da *Tuxedo Big Band*.

Tres grandes voces do jazz soarán o 27 de marzo e o 3 e 25 de abril no Pazo da Cultura de Pontevedra. No primeiro, o público poderá sorprenderse coa forza vocal de Rebekka Bakken, unha das grandes revelacións dos últimos anos. Bakken naceu en Noruega pero a súa traxectoria profesional desenvólvese en Nova York, cidade na que vive. Como aval presenta o seu traballo *The Art of How to Fall* no que o jazz toma sons do rock, do folk ou mesmo do *funk*. Toma o relevo no escenario a cantautora brasileira Rosa Passos que fai transitar o jazz polo camiño da bossa nova ou a samba. A cantora tenlles posto voz a temas dos grandes músicos brasileiros como João Gilberto, Gilberto Gil, Chico Buarque ou Tom Jobim nos comezos da súa carreira musical alá polos anos setenta. Pechará o ciclo de Pontevedra o barítono Kurt Elling, un dos nomes máis sobresaíntes do novo jazz malia ter xa no seu haber unha dilatada traxectoria de actuacións, tanto nas catedrais do jazz americanas como en concertos en Sydney ou Tokio.

Cantar con tres *grammys*

Tamén tres concertos se desenvolverán na Coruña, no marco do IX Ciclo de Jazz da Fundación Barrié, que teñen como escenario o Palacio da Ópera. A cantante Dianne Reeves poralles inicio o 18 de abril ás actuacións acompañada polo piano de Peter Martín, o contrabaixo de Reuben Rogers e a batería de Greg Hutchinson. Con dous premios Grammy consecutivos por *The Calling* (2001) e *In The Moment* (2000), Dianne Reeves conseguiu de novo o galardón na súa última edición por

Rosa Passos.

A Little Moonlight, considerado polo xurado como o mellor disco de jazz vogal da convocatoria, no que a artista recrea dez temas, considerados clásicos, de autores como Cole Porter ou Richard Rogers. Nada en Detroit está considerada unha das grandes voces do jazz e entre os seus numerosos traballos destacan a colaboración na homenaxe que Daniel Barenboim lle dedica a Duke Ellington.

Se a voz está tamén no inicio, o ciclo da Coruña dálle paso logo á música instrumental cun concerto no que o saxo de John Zorn será a estrela indiscutíbel. Formado na música clásica, case ningún estilo e influencia escapa da inmensa curiosidade de Zorn, autor de composicións que son interpretadas por músicos de rock, clásicos ou de jazz. Na Coruña actuará o 24 de abril coa formación *Electric Masada*. Pechará, ao día seguinte, o ciclo o concerto da formación *Count Basie Centennial Project,* que ten as súas orixes no grupo *Banana Jazz,* que a comezos dos anos oitenta buscaba rescatar o tradicional jazz de Nova Orleans da man dos irmáns Paul e Henri Cheron. Despois de dar o golpe nos anos noventa coa creación do grupo de dezaseis músicos *Tuxedo Big Band* chegan á Coruña co seu último proxecto, co que conmemoran o centenario do nacemento de Count Basie que se celebra neste 2004.♦

A FROUSEIRA

Ordenar a memoria

XERARDO PARDO DE VERA

Botaba eu xa de menos un despotismo ilustrado. Si, aínda que non sexa o máis recomendábel. A falla dunha auténtica democracia, ao menos poder contar cunha caste gobernante atenta a uns principios xerais medianamente aceptábeis: a xustiza, a verdade, a honradez e unha certa cultura, malia que todos eles non sexan , ao fin, máis que un só: a Xustiza, a constante vontade de darlle a cada un o seu. Sen chegar a aquela definición tan chusca do internacionalista profesor Luna que escusaba con sorna o réxime do xeneral Franco: "vivimos nunha ditadura legal atemperada polo incumprimento das leis (segundo e como)". Vivía eu, ou sobrevivía, nun non sei que, que por unha parte non digamos que digamos e pola outra que quere que lle diga, como lle respostou un petrucio de Cervantes a meu pai cando lle preguntou, no canto de levantar unha acta, se recoñecera os uniformes dos que lle queimaran un palleiro. Vivía eu, xa digo, nun disparate onde un aspirante a ministro (que axiña o foi, e aínda aspiraba á presidencia) dicía moi claramente que "*estoy en política para forrarme*", e outro poñía nun mesmo andar os Harlem Globetrotters e a Don Quijote. Existía eu, en fin, nun país afeito á mentira e satisfeito do gran logro de mentir coa lei na man, iso si. (A dereitona ten un segredo, que en realidade non o é, que consiste en ter sempre o as pra o tres, a lei pra a comenencia). E como xa non me saían as contas pensei se mesmo tolearía, tan grande era a miña confusión. "*Ordene su memoria*", aconsellábame un bo profesor de Dereito Civil cando eu, que pasara toda a noite contemplando unha carreira de *Seis Días,* confundía os nomes dos grandes tratadistas, moitos deles italianos e alemáns, cos non menos sonoros dos ciclistas seus compatriotas. Atribuíalle eu enormes logros doutrinais a Fernando Terruzi coa mesma temeridade que me parecía estar vendo a Messineo despegarse do pelotón, ou vía a Mucius Scaevola loitar na chegada con Van Looy. Hei ordenar a miña memoria, si. Porque xa non sei se Celia Villalobos actuaba nun ministerio ou no *Club da Comedia,* se Juan José Lucas fixo parella –desparella– con Chiquito de la Calzada ou se a Federico Trillo lle deu o nome algún dos Tonetti (máis non creo, eran intelixentes). Hei ordenar a memoria. E que ninguén ma volva desordenar por que entón xa non respondo de min.♦

Santalices

MAR BARROS

Licenciado en Dereito e tamén gaiteiro, Santalices salvou a zanfona da súa desaparición. Construíu instrumentos, deu conferencias, escribiu artigos especializados e realizou gravacións en discos que agora se veñen de reeditar.

Comezou a tocar a gaita de man do gaiteiro de Penalta, aquel a quen Curros Enríquez inmortalizou nos seus versos, e descubriu case por casualidade o mundo da zanfona, ao ver esa voz no órgano da catedral de Santiago. Así nacía unha das paixóns máis interesantes que se produciron no eido da música de raíz galega e que deixou importantes testemuños, tanto en forma de instrumentos que el elaboraba e perfeccionaba no taller, como de documentos e gravacións.

Agora a discográfica Boa Music, guiada polo compoñente de Milladoiro Antón Seoane, vén de publicar o disco *Música para Gaita e Zanfona de Faustino Santalices*, unha reedición de todo o material que o músico deixou gravado ao longo da súa vida. En total dezaseis temas que foron rexistrados entre 1927 e 1949 en dúas sesións distanciadas no tempo. Dúas pezas inéditas danlle corpo a este novo traballo, que como apunta Antón Seoane, "é moi necesario porque as novas xeracións de músicos descoñecen a figura decisiva de Santalices, sen a cal estaríamos falando agora da zanfona como un instrumento do pasado".

"Recordo de sempre a paixón do meu pai pola música", comenta Faustino Santalices, o fillo do zanfonista. "A música naceu comigo. Eu acompañábao co tamboril e as cunchas con tan só dez anos, iamos polos talleres realizando as súas investigacións e cando tiña un par de anos máis tocaba con el na actuacións". Para o fillo de Santalices, o seu pai "é a alma da zanfona", unha figura decisiva na musica tradicional galega. "Se el non tivese ese interese e a perspicacia de dar a coñecer e recuperar a zanfona, non existiría", engade.

Para Antón Seoane, Santalices representa "a outra faciana da música tradicional galega, a que vai máis alá das gaitas. Sería esa que nos une ao máxico e ao medievo e que vén dada pola zanfona".

1927-1949

A primeira das gravacións que se inclúen neste disco levouse a cabo alá polo 1927, da man da casa Discos Ragal. Nela, Faustino Santalices aparece como voz e zanfona no *Canto de romería* e *Canto de seitura*, e como gaiteiro, acompañado de Modesto Sánchez, interpretando composicións como a *Muiñeira de Cartelle* ou o *Pasacorredoiras de Arnoia*.

Tiveron que pasar algúns anos, antes de que o gaiteiro volvese entrar nun estudio de gravación. Desta vez escolleu a rúa Colón de Madrid, nun edificio no que se atopaba a editora Discos Columbia. Con case 73 anos fixo unha gravación sen paradas nin retoques, na que nalgún momento participou o seu fillo tocando as cunchas. Daquela sesión nunca se publicaron dúas pezas para zanfona que neste disco aparecen como primicias. Por unha banda estaría unha marcha procesional do século XVI e pola outra unha antiga alborada popular galega.

Acostumados ás dedicatorias nos seus discos ao Cardenal Quiroga ou Carmen Polo, para esta reedición a discográfica decidiu excluílas.

Investigación rigorosa

O 28 de febreiro de 1956 saiu do prelo de Gráfica Bao (Lugo) o primeiro tratado que sobre un instrumento popular se ten publicado no país, *A Zanfona*, con prólogo de Ramón Cabanillas e no que sacaba á luz datos descoñecidos sobre o tema. Catro anos despois falecería o seu autor, en palabras de Cabanillas "o meirande coñecedor da nosa anterga e venerábel música".

Xunto a este documento publicáronse algúns máis, froito do traballo de investigación sobre a cuestión técnica e a experimentación nos talleres. Non embargante, o xeito de tocar e mesmo a composición destes instrumentos antigos veu mudando nos últimos tempos. "Agora estanse a modernizar incluíndo pezas alleas á zanfona, xírase de diferente maneira, algo que non vai moito co que é, pero contra o que é moi difícil loitar nos tempos que corren musicalmente", comenta o fillo de Santalices.

Con motivo da presentación da reedición deste material histórico no café Moderno de Pontevedra, o programa de Radio 3 Discópolis, espacio que dirixe José Miguel López, emítese o xoves dende esta cidade. No acto, encadrado na programación conmemorativa do centenario do disco galego, o fillo do zanfonista interpreta varias pezas recuperadas por Santalices.♦

NIF de SEMANA
Nº 1.122 ● Do 25 ao 31 de marzo de 2004 ● Ano XXVII

PACO VILABARROS

CAN DE PALLEIRO, PERIGO DE EXTINCIÓN

MAR BARROS

Os refráns recollen a súa vagancia e a literatura a súa vida perra. Castelao, Otero Pedraio ou Cela incluírono nas súas obras buscando o enxebre e o rural. Xa recoñecida como raza, o can máis propio do país, o can de palleiro, encóntrase en perigo de extinción.

Hai quen di que o bo can de palleiro é aquel capaz de falar, aquel que co seu ladrido pode dicir se se achega alguén a casa ou a vaca se soltou da traba. Para outros é o que coida o gando, acompaña os vellos a pasear e vai ao monte co cazador. O can máis famoso do país, e que moitos dan en cualificar como a raza galega por excelencia, popularmente carece dunha definición unitaria, sendo para a maior parte da xente simplemente un cruce entre diferentes animais. Sen embargo, o can que mitificou a sabedoría popular, espallado por case todas as vilas de Galiza, atópase en perigo de extinción, a pesar das iniciativas que se están a desenvolver dende a administración e asociacións privadas para protexelo e perpetualo. Segundo os criterios establecidos pola FAO que fan referencia ao número de exemplares existentes, o can de palleiro sería unha raza en estado crítico.

"Abandono do propio e invasión das razas con recoñecemento". Estas serían as causas ás que moitos expertos atribúen o descenso destes animais en todo o país, "especialmente nun momento no que a escolla dos animais domésticos é vista como un indicador que corre parello ao nivel económico e social".

Asociado co rural e a tradición, unha parte importante dos galegos preferiu durante as últimas décadas mercar cans máis recoñecidos e con pedigree, fronte a unha raza que se tiña como mestura de moitas outras. Así o Sultán de sempre que estaba atado ao palleiro foi avantaxado por aquelas Laikas pastores alemáns ou os collies que se deron en chamar case todos Lasie.

"Resulta crucial dende o punto de vista social, cultural e produtivo a conservación dunha riqueza forxada ao longo do tempo", comenta Roberto Díaz Rei especialista na recuperación do can de palleiro. "Pero cómpre, neste momento, concienciar a poboación da súa valía, que moitas veces por descoñecida ten sido menosprezada", engade.

Neste sentido, dende hai máis de tres anos o can de palleiro está declarado oficialmente como raza galega, o que aínda que para moitos expertos non deixa de ser un feito puntual, ten consecuencias destacadas. A administración está a elaborar un rexistro que permita controlar o censo, ademais de crear a definición da raza por medio do seu estándar e asegurar a súa cría en pureza.

Orellas guichas, fociño afiado e altura media, o can de palleiro continúa nas vilas do país, no campo coas vacas e coidando da casa, lonxe de exposición e mostras caninas nas que compiten cans máis espectaculares. Curiosamente, nos últimos tempos e case parello a denominación de raza, exemplares de palleiro comezan a asistir a este tipo de actos.

Actualmente non existen centros específicos para a recuperación destes animais, que aínda que se ben seguen en perigo de extinción, o seu número ascendeu nos últimos anos lixeiramente.

Letras de palleiro

Popularmente maltratado e socialmente repudiado o can de palleiro tamén tivo o seu oco na arte. Tal foi a súa presenza que deixou o seu recuncho da eira para deitarse dando voltas en múltiples pasaxes literarios escritos durante o século pasado. Otero Pedraio na obra O Fidalgo, Cunqueiro ou Cela viron nestes animais unha personaxe perfecta para as súas fantasías literarias. Pero quizais fora Castelao o que mellor recolleu a figura do palleiro nas súas estampas, nas que mostraba cans famélicos, desprestixiados, badulaques aos que non pagaba a pena nin matar.

De todos os xeitos, sería o refraneiro o que consagrou no maxín popular á figura do can de palleiro. Moinante, escuálido e fiel, así pasou esta raza, como un "can furabolos" en palabras de Camilo Xosé Cela ou como diría Cunqueiro, "doutorado de filosofía e de eficacia".♦

Anxos Riveiro

‘A da Cabaza antes era unha feira, agora unha festa’

A.N.T.

Esta fin de semana vaise celebrar en Pontevedra a Festa da Cabaza, un dos festexos tradicionais que vén de ser recuperado nesta cidade. En que vai consistir?

Para esta edición, a Concellaría de Festas organizou un programa, no que se inclúen actividades musicais, exposicións e obradoiros centrados no cultivo e usos da cabaza, ademais do apartado gastronómico. Desenvolverase na zona vella da cidade a partir das once da mañá do sábado, hora na que se abrirán os diferentes postos e comezará a impartirse o taller. Ademais na praza de Curros Enríquez actuará a agrupación folclórica Celme.

Como era a feira da cabaza antes?

Tiña outras connotacións. Antes a xente do rural traía á cidade ás súas cabazas para vendelas, produtos que logo se utilizaban para gardar a auga e o viño. Sen embargo, tradicionalmente a feira celebrábase no barrio da Virxe do Camiño. Dende o concello escolleuse como novo lugar da festa a zona vella, buscando que esta proposta de carácter lúdico e cultural sexa un elemento dinamizador da cidade.

Cando deixou de existir como feira e cando se recuperou como festa?

A finais dos setenta a Asociación Amigos da Cultura restaurou esta celebración pero caeu novamente no esquecemento. Dende hai catro anos e co obxectivo de recuperar unha festa histórica e pór en valor o patrimonio cultural e natural da comarca, dende o concello vense desenvolvendo esta actividade en torno a festividade de San Xosé.

E a próxima cita é a da Festa dos Maios.

Estamos a traballar nela. A mediados de abril faremos a convocatoria a colexios e a centros culturais e de veciños, para que elaboren os seus Maios que se colocarán o primeiro dese mes na praza da Ferrería. Esta festa conta cunha moi boa acollida e cada ano a participación é maior.♦

Deseños de Abraldes, David Rubín e, abaixo, Miguel Porto.

XENIOS SEN MERCADO

MAR BARROS

Spielberg reclama a Miguelanxo Prado para a súa serie de animación *Men in black*. Gogue leva a caricatura a Hollywood e os mellores debuxantes do país publican as súas obras fóra. Non hai mercado para o cómic galego, casualmente cando a calidade dos traballos vive a súa época dourada.

Dargaud, unha das editoriais de cómic máis destacadas de Francia, onde o consumo de banda deseñada é case unha cuestión cultural, destaca na súa paxina web unha sección adicada aos novos talentos. Nela están recollidos os traballos de case a totalidade dos debuxantes galegos, dende Kiko Dasilva até David Rubín, pasando por Abraldes ou Alberto Guitián. Á editorial francesa debéronlle parecer cando menos orixinais estas viñetas á hora de colgalas na internet. Non embargante, as empresas do país non semellan estar tan impresionadas. Editoras que só publican aos artistas consagrados e vendas moi baixas conforman o panorama no que se atopan os debuxantes, xusto nun momento no que a calidade dos traballos está a espertar interese incluso máis alá das nosas fronteiras.

“Non temos nada que envexarlle ás novas creacións que están a xurdir en Francia, –comenta Leandro Barea-. Coa intención de sorprender, no país fanse moi bos traballos”. Para este debuxante e director artístico da revista infantil Golfiño, que recentemente deixou de publicarse, pódese dicir que se está a atravesar “un momento histórico no cómic galego en canto a calidade”, pero ao seu ver o problema das editoriais segue a ser crucial á hora de vender e espallar a obra, porque “aquí non arriscan se non teñen certeza de que vai ser un éxito”.

A creación do colectivo Chapapote, a raíz da catástrofe, a publicación de varios álbumes temáticos no último ano como H2Oil ou Freda, o afianzamento de revistas como BD Banda, o xurdimento da publicación Barsowia a cargo do grupo Polaquia e a participación do público cada vez maior nos certames galegos son a outra cara da moeda.

Francia, Estados Unidos ou Bélxica aparecen como puntos destacados dende onde se demanda a creación galega. Abraldes ten na súa carpeta contratos e propostas norteamericanas e Miguelanxo Prado traballa para Spielberg. Gogue, David Rubín, Kiko Dasilva tamén están a dar pequenos pasos por fóra. “Temos que emigrar, só de obra, porque en Galiza non está tan consolidada a banda deseñada como noutros países”, comenta Leandro Barea. É por isto que moitos autores acoden ás novas tecnoloxías, especialmente internet, aínda que para a maior parte deles a rede non é un bo medio para consumir e publicar cómics, pero si “un bo escaparate que abre moitas portas”.

BD impresa

Dos magazines cutres, cos traballos fotocopiados e con grampas, pasouse a outras publicacións de maior calidade pero de vida incerta. Revistas que non compiten cos fanzines e que nalgúns casos estanse a consolidar número tras número. A este grupo pertencería a revista BD Banda, que dirixe o debuxante Kiko Dasilva, que xa leva cinco anos.

“Pasamos de ser unha revista cun carácter máis experimental a converternos nun produto comercial”, comenta Kiko Dasilva. Semestral, a toda cor e con xente da canteira, BD Banda vén de ser escollida para participar no salón de Barcelona, unha das citas máis importantes no Estado. Sen embargo, para o debuxante “bótanse de menos publicacións coma o Golfiño”.

Nun contexto de crise xeral a nivel de vendas que vai máis alá do país, con revistas estatais que non venden e cunha vida inestábel, Kiko Dasilva ve necesario “reformularse o mercado”. “É algo xeracional - comenta. As crianzas de agora non len cómic porque non se publica material axeitado a súa idade. Ao non haber ese relevo, o mercado reséntese, baixan os lectores e moitas publicacións teñen que pechar”.

Co peche de Golfiño, a publicación mensual Bule-Bule, de A Nosa Terra, sería un dos poucos exemplos que se están

O odio

XURXO G. LEDO

O odio é unha emoción moi humana que todos experimentamos algunha vez en maior ou menor intensidade. Dende os cativos até as persoas ilustradas de recoñecido prestixio.

A xestión do odio xa non é tan común e así temos as perosas individuais que simplemente odian e aquelas que organizan e planifican co odio como fío condutor.

Eu podo odiar un inimigo porque está a facerlles dano aos meus seres preciados ou a min mesmo e consecuentemente podo defenderme deses ataques para evitar o dano. Outra cousa ben diferente é utilizar o odio para procurarlles dor ou desagraza a outras persoas. Entón entramos no terreo da crueldade e da disfunción que pode chegar a ser patolóxica. A persoa ou o colectivo ao que odiamos representa o noso obxectivo non porque nos ataque senón porque desexamos facerlle dano e desa forma mitigar o noso odio, que curiosamente non vai a menos senón que se mantén e incluso medra.

No eido político electoral estamos a comprobar como os segundos clasificados atacan os primeiros con todo tipo de acusacións non para gañar senón co fin de facer dano e darlle saída á carraxe que levan dentro. Non atacan os terceiros ou cuartos, que poden ser igual de odiosos, atacan o primeiro tratando de xerar un clima tenso onde uns culpan os outros e ninguén reflexiona autocriticamente.

Nesta dinámica, a tendencia é a de provocar sufrimento, espallar dúbidas sobre o futuro que está por chegar pero que é pintado como negro, dando a sensación de que inevitabelmente os problemas son cegados.

A serenidade, nestes casos, é unha boa compañeira e a intelixencia emocional unha curiosa ferramenta que non todos estamos preparados para empregar. Eu, dende a miña humilde cadeira, invito os feridos polo odio a que non deixen que ese odio se converta en enfermidade de morte, altamente infecciosa e ademais moi contaxiosa.

Os animais que dicimos que non pensan, son capaces de entender cando remata un ciclo e empeza outro. Seguro que se miran cara arriba e lle preguntan a ese Deus que os acompaña, este lles dirá que non sempre se gaña e que hai que saber perder.♦

SITIOS

ANTONIO GUERRA, *ROCHO*



ROCHO

As Ermidas

Percorrendo as estradas afastadas das rotas turísticas é posíbel atopar lugares de beleza singular. Impresionan a primeira vez e provocan a necesidade de voltar para sorprenderse de novo. Un destes sitios é, sen dúbida, o santuario das Ermidas, na aba sudoriental de Cabeza de Manzaneda, pertencente ao concello do Bolo e lindeiro co de Manzaneda.

Unha das alternativas de acceso comeza na estrada que vai da Rúa a Pobra de Trives. No lugar de Freixido agalla o desvío que leva á Gudiña. Despois de pasar por Portomourisco e Lentellais, chégase a Outar de Pregos. Un camposanto e unha igrexa inacabada indican que estamos en Resurrección. A paisaxe muda de súpeto, ábrese, por sorpresa, a gorxa do río Bibei, que entalla o santuario entre imponentes rochas. A altitude, de unicamente 85 metros por riba do mar, conforma un microclima mediterráneo con tendencia continental. As oliveiras abondan polos bancais compartindo o espazo coas cepas de nomeados tintos e brancos, como os de Riquián, Soutipedre, Chandoiro ou Santa Cruz. Lagares, muíños, pisóns e unha almazara para a produción de aceite dan mostra dun rico patrimonio agrario.

Estes lugares forman parte da Ribeira Sacra e, primeiramente, foron habitados por ermitáns, que tras a invasión musulmá foron xuntándose en pequenos mosteiros como os de San Vicenzo, A Mata, Grixóa... As primeiras referencias do santuario encontrámolas a finais do século XIII, en tempos de Sancho IV, coa aparición da imaxe da Virxe nunha cova. No século XVI o bispo Alonso Mexía de Tovar, tras a súa milagreira curación, mandou erguer o santuario, aumentando a sona dos prodixios e a devoción. Outra tradición apunta, coma significativa, aos xudeus que, expostos á expulsión, debían demostrar a súa conversión con achegas monetarias, actos de piedade e a renuncia das súas crenzas.

Existen vestixios anteriores como castros, tramos de calzada e outras construcións defensivas así coma os peares dunha ponte romana derruída.

Hoxe, esta fermosa aldea das Ermidas está ocupada por apenas cincuenta habitantes, as casas son de pedra con teitado de lousa, solainas e corredores que fan as veces de secadoiros.

O santuario está organizado ao redor do adro, que lle dá entrada ao conxunto. A obra é do barroco rural galego chamando a atención que estea orientada cara ao nacente, contrariamente á liturxia. O ábside está labrado na propia rocha e a fachada adórnase con columnas salomónicas. Á dereita, podemos ollar o edificio administrativo, con arcos de medio punto sobre peares de impostas. No seu interior hai cinco locais, en tempos ocupados por artesáns, e, na parte alta, uns arcos acollen estatuas a tamaño natural con escenas da paixón. Á esquerda, o pórtico adintelado con columnas dórico-toscanas, ficando no centro o cruceiro. As fontes tamén teñen a súa impronta: a da Dormiñona hoxe dálle nome a unha agradábel hospedaría.

Unha boa época para visitar As Ermidas, sen desbotar calquera outra, é a da Semana Santa. Sobre todo o venres, cando se celebra a procesión do Vía Crucis, á que acode un xentío que fai a pé o empinado percorrido das 14 capelas, que albergan tallas en madeira que impresionan polo seu dramatismo e policromía, hoxe apagada polo paso do tempo. O domingo de mañá ten lugar a estoupa do Xudas, representación do triunfo do ben, no que se lle prende lume a un lardeiro de palla até que rebenta pola acción dos petardos que leva no interior.

De atravesar a ponte, pódese continuar a rota pola estrada que leva a Soutipedre, Cesures e Manzaneda e que nos permitirá aprezar o curso do río e a cambiante vexetación.♦

COMENTARIOS DIONISÍACOS

IRMANDADE DOS VINHOS GALEGOS

Albariño/Alvarinho

A caste Alvarinho/Albariño é das mais transfronteiriças ainda que também a Bastarda/Merenzao ou a Tinta Rouriz/Arauxa, a Loureira Marques/Loureira e outras, pervivem paralelas ao Atlântico, mais bem baixando ao largo da história de Galiza para Portugal.

E, ainda que as uvas som iguais, temos que constatar diferenças entre os vinhos resultantes, produzidas mais pola orientaçom das prantaçóns e a enologia.

Como o rio Minho vai correndo do Este ao Oeste a maior parte das plantaçons portuguesas estám orientadas ao Norte, enquanto que as galegas se orientam ao Sul. Isto produze menos horas de insolaçom, menor integral térmica e portanto menor maduración, ou seja, os vinhos portugueses som mais ligeiros de grado e mais ácidos, e os vinhos galegos som mais maduros.

Começarom os portugueses a produzir há muitos anos, com o seu "Palácio da Breijoeira", enquanto em Cambados só mantinha o facho aceso o "Palácio de Fefiñanes", único que se engarrafava nos anos 70. A história evoluiu rapidamente e agora há mais de 170 adegas de Alvarinho na Galiza e menos de medio cento de Alvarinho em Portugal, entre Melgaço e Monção.

As práticas enológicas também som algo diferentes, já que os galegos praticam a fermentaçom maloláctica, prática que poucas adegas portuguesas realizam, ademáis de mayores investimentos em prensas neumáticas, maceradores em frío, temperatura controlada, etc. Quer dizer, o galego seria um vinho mais tecnológico, em geral e, na maioria dos casos, já que hai constatadas excepçons por ambas as beiras do Minho.

Umha das catas comparativas mais interessantes organiza-a o Irmandinho D. Guillermo Campos, na vila de Salvaterra do Minho, polo mes de Agosto, a dos Vinhos Deliciosos. E na última prova tivemos a oportunidade de constatar estas diferenças, que correspondem também a um gosto generalizado. Os catadores-bebedores na Galiza gostam de vinhos mais maduros, mentres que em Portugal vai melhor o gosto dos vinhos mais verdes, ácidos e ligeiros.

Triunfarom alí os vinhos portugueses das adegas de Reguengo de Melgaço, Solar de Serrade e Portal do Hidalgo e por parte galega os Pazo San Mauro, As Laxas, Pedro de Soutomaior e Señoria de Sobral. Sem conhecer a procedência, a cegas os catadores poderíamos determinar se o vinho que estávamos a provar era de umha ou da outra beira do Minho, apesar de que todos eles eram monovarietais Alvarinhos/Albariños.

Isto nom é desfavorável nem quer dizer mais que cada um mantém a súa personalidade, adaptada ao seu mercado, e a diversidade e variedade sempre é enriquecedor. Temos, as vezes, umha certa homogeneidade nos vinhos galegos, que fam mesmo desaparecer as identidades e peculiaridaes de cada marca, com levaduras seleccionadas e tratamentos standard. Polo menos, temos a possibilidade de cambiar algo o gosto e estilo, a umha e outra beira do Minho, e só por isso, vale a pena viajar e cruzá-lo, ademais de para comer o bacalhau, em boa companhia. A enofilia nos junta por acima das antigas fronteiras: que viagem os bebedores, nom os vinhos.♦

www.sursumcorda.net

QQQOC

FRANCISCO CARBALLO

'Que Quede Quen O Conte", testemuña e defensa do mundo rural. Trátase dunha publicación única, verde, breve, válida. Feita para sementar sempre. Que dá para reflectir e para ouvir ao cuco na silveira, á bubela agachada nas gallas, ao merlo na sebe.

MINI (X. Luís Rivas) escribe enriba da mancheta: "Debemos rescatar vellas verdades extirpando desta terra o que hai mal feito para rematar dunha vez coas vaguedades".

Seguen páxinas de denuncia e de "vellas historias". Os irmáns Peleteiro saben contalas, cantalas e bebelas nunha cunca de ribeiro. Boa introdución á ciencia de A. Martínez Oca, que achega un longo, debuxado e apurado artículo: "O mundo rural hoxe". As súas afirmacións contratan coas que anualmente dita Gonzalo Fernández para a Coren ourensá. Son compatíbeis coas de Lidia Senra. Conclúe M. Oca: "Para que os programas de desenvolvemento rural teñan éxito, é necesario vertebrar accións de "abaixo-arriba", con medidas discutidas democraticamente e coa implicación, sen marxinación das sociedades existentes ou de nova creación, previa unha información xeneralizada que evite que só os achegados (familiares ou políticos) afíns co poder se beneficien duns recursos destinados ao conxunto dos habitantes do medio rural" (p.9).

Leva *QQQOC* gráficos, mapas, análises do agro galego, do mar do *Prestige*, de *Nunca máis*. Todo envolto en poemas e co peche de Ramón Muñiz na contraportada: "As formigas poden vencer o elefante. A súa cantidade dálles posibilidades para atacaren os flancos e a súa cativez fainas menos vulnerábeis ás súas defensas. Deste xeito, en cada rincón de Galiza onde haxa un grupiño de bos e xenerosos se debe contrarrestar a desinformación dos grandes xornais coa información-formación de modestas publicacións alternativas que lle devolvan ao pobo a dignidade ultraxada por denigrantes programas e contidos dos poderosos medios públicos e privados. Como *O Lorcho*, *Nerio*, *Carnota*, *Irimia* etc., que florezan mil publicacións populares máis.

QQQOC ten enderezo e correo: Montecelo, 39, San Pantaleón das Viñas, 15319 Paderne, A Coruña. QQQOC@terra.com

Escriben persoas que aman, traballan, loitan e inventan cambios produtivos no espazo rural: un sorriso, unha fraternidade, porque fan voltar ás anduriñas, aos xílgaros e aos castiñeiros. Un presente con futuro.♦

MEMORIA DE FERRO

ANTÓN PATIÑO REGUEIRA

Lola, Amparo e Xulia as de Ribadavia

Rexentaban o quiosque da estación de ferrocarril de Ribadavia e alí despachaban melindres, rosquillas e pavías de Beade e Vieite. Tamén licor café e viños do Ribeiro de gran sona, que lles servían para aforrar, no día a día, e manter a casa porticada da rúa do xuíz Viñas número 2. Nela vivían e dalí saía a masa de fariña de pan trigo con destino ao forno da mesma rúa. Chegaban logo as viandas ao quiosque da estación para facer coincidir a súa venda en quente co horario de saída e chegada dos comboios.

Lola tivera de solteira un fillo que criou co apoio das súas irmás. Sempre andaron moi unidas no seo dunha familia ben numerosa. Chegaron a sete, tres homes e catro mulleres. Isolina, elas e máis Paco, Camilo e Guillermo. Os maus tempos do 36 fóronos pasando coa perda dalgunha amizade no camiño, mais, curados da desfeita maior, sentiron chegar outra de Europa. Era a dos xudeus perseguidos que, as irmás Touza Domínguez, Lola, Amparo e Xulia comprometéronse en salvagadar xuramentadas nunha rede de apoio. Elas eran quen desviaban cara a Portugal a todos aqueles que escapaban do gaseamento e a persecución cando chegaban a Galiza.

As irmás Touza Domínguez vivían en Ribadavia. Na imaxe, a Porta Nova.

Lola Touza teceu a malla clandestina co concurso dun familiar taxista. O coche de punto de Xosé Rocha Freixedo pasou a ser de confianza. Como tamén o era o de Xavier Míguez *O Calavera*, tamén con praza de taxi en Ribadavia. Á chegada dun tren sinalado, de noite ou de día, Lola, sempre atendía os viaxeiros en situación de auxilio. Agachaba os fuxidos na súa casa e dáballes mantenza e descanso coa complicidade familiar das súas irmás.

No silencio da noite elexida apuraban a condución cara a fronteira. No auto de Rocha ou do *Calavera* enfiaban por Reza, Paixón, Arnoia e Merens, encomendándose á sorte. As lendas do Rego do Gato, da Pedra das Pechaduras e do Burato das Chairas quedaban atrás por Rabiño, Cortegada, Casal, Trado e Desteriz camiño da salvación. Logo Ponte Barxas e unha fronteira onde abeirar os fuxidos.

Eran anos de fame, mais Lola, Amparo e Xulia trasegaban sen medo a xudeos e perseguidos que viñan xa marcados e contactados desde Monforte. Os enlaces conducíanos até elas e o seu quiosque da estación, correndo sempre cos custos de coches e máis guías, que agardaban na raia de Portugal.

Lola morreu o 26 de xuño de 1966. Amparo descansou o 6 de febreiro de 1981 e Xulia desapareceu o 6 de xuño de 1983. Xuntas viviron e xuntas están enterradas no cemiterio de Ribadavia. As faldriqueiras das irmás Touza Domínguez sempre tiveron fondo para sacrificarse na honra dos seus antepasados e da liberdade dos descoñecidos.♦

O BARDO NA BRÊTEMA

RUDESINDO SOUTELO

Vive a música galega

A formação humana do indivíduo tem de proporcionar-lhe ferramentas válidas para governar adequadamente o mundo das emoções, sentimentos e paixões. A habilidade técnica é importante para desenvolver pessoas aptas nos distintos âmbitos profissionais, mas nada disso é realmente útil se os indivíduos não têm competência emocional e por tanto social.

A filosofia é fundamental para articular estruturas mentais baseadas em valores éticos, analíticos e estéticos. A carência de noções filosóficas reduz o indivíduo a valores primários –económicos e reprodutivos. Agora que foi retirada do ensino são as canções e baladas de moda as que construem a lógica reflexiva da juventude.

À poesia nunca lhe prestaram muita atenção, e agora reduzem também a música na educação; na prática é como retirá-la completamente. Levamos caminho de possuir a sociedade emocionalmente mais incompetente da Europa.

Poucas vozes ouço contra esta estultícia política que nos vai despojando da condição humana para converter-nos em simples seres produtivos. Sentir e pensar não deve ser politicamente mui correcto. (Neste ponto chega-me a terrificante nova dos comboios da morte. Toda acção produz uma reacção e assim vamos ficando todos cegos.)

É louvável que numa sociedade musicalmente surda, como a nossa, exista gente que acredite na música como valor ético, ademais de estético, e promovam iniciativas para achegar a música culta aos escolares.

O poder absorvente da música culta é tão importante que em quase meio século de vivência musical nunca vi um profissional, nem estudante de Conservatório, dar em drogas. Mesmo a simples prática da escuta atenta da música culta pode proporcionar prazeres estéticos muito mais elevados e abrir novos canais de percepção do entorno.

O Concelho de Lugo desenvolve um modesto ciclo de concertos didácticos sob o título "Vive a música" e nele é que encontramos quase todos os tópicos dos programas de iniciação, mas se o menciono aqui é porque timidamente assoma algum autor galego como Ernesto Campos.

Estes concertos não vão normalizar o contacto dos escolares com a música culta e muitas vezes vão ser uma anedota passageira. Por tanto é muito importante que nos primeiros contactos, quiçá únicos, os estudantes descubram que existem compositores vivos no seu entorno. Isto ajuda a despertar curiosidade pela música culta e considerá-la como algo próprio e próximo. A partir daí todo é mais fácil.

Se não prestigiamos a nossa música culta em todo lugar e ocasião, estamos a gerar um soterrado auto-ódio que leva a perpetuar aos Carminhas Burranas em todos os âmbitos sociais e de poder.

Os concertos didácticos deveram conter unicamente compositores galegos –é possível, próximo e construtivo. De nada serve percorrer meio mundo se não sabemos o caminho para a nossa casa. Vive a música galega!♦

A construción nacional no discurso literario de R. Otero Pedrayo

CARME FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN

Ao longo deste estudo realízase unha rigorosa revisión crítica da obra narrativa de Ramón Otero Pedrayo ao tempo que se establecen cales son os elementos ficticios que o autor utilizou para a creación dunha novela nacional.

A NOSA TERRA

O Trinque

O Lapis en DVD

Premiada no festival de Mar del Plata da Arxentina como favorita do público; galardoado Luís Tosar nesa mesma convocatoria, é óptimo o momento de achegarse de novo a *O lapis do carpinteiro*, de Antón Reixa, película baseada na novela de Manuel Rivas que pon en imaxes a represión fascista na Galiza do 1936. Nos videoclubs e nas tendas xa está dispoñíbel a versión en DVD ou VHS.♦

LeCeR

Coordinación: Xesús Vaamonde Cid

GUIEIRO DE CULTURA E ESPECTÁCULOS

Sugarless

A banda madrileña estará co seu potente directo o mércores 31 no *Clavicémbalo* de **Lugo**, presentando o seu último CD titulado ***Vértigo***. O sábado 3 tocarán na *Iguana Club* de **Vigo**.♦

Ames

■ **TEATRO**

O LIBRO MÁXICO
Migallas Teatro estará o venres 26 con esta obra para público infantil no *Centro Sociocultural*.

O Barco

■ **CINEMA**

ELEPHANT
Poderemos ver esta fita, dirixida por **Gus Van Sant,** no cine clube *Groucho Marx* este xoves 25 ás 22:30 h. O sábado 27 e domingo 28 ás 17, 20 e 22.30 h. e o luns 29 ás 22:30 h. proxéctase a fita dos irmáns **Farrelly *Pegado a ti***. O mércores 31 e xoves 1 ás 22:30 h. chegará á pantalla ***En América,*** de **Jim Sheridan;** e o venres 2 e luns 5 ás 22:30 h. e o sábado 3 e domingo 4 ás 17, 20 e 22:30 h. poderemos ver ***Te doy mis ojos,*** de **Icíar Bollaín**.

Grupo Magnificat

O venres 26 vai dar na igrexa de *San Mamede* de **Carnota** un concerto de música sacra. O sábado 27 poderémolo escoitar na *Catedral* de **Mondoñedo**.♦

Xornadas sobre Luís Seoane, o venres 26 e sábado 27, na fundación que leva o seu nome na CORUÑA. Á dereita, un gravado seu.

■ **TEATRO**

SE NORMAL...
...Vota substancia Bucanera.
A compañía **Bucanero & Eme2 Producións** representará esta peza, de **José Luís Prieto,** o venres 26 ás 22:30 h. na *Casa da Cultura*.

Betanzos

■ **EXPOSICIÓNS**

PEDRO MARUNA
A *Fundación CIEC* albergará, durante o mes de marzo, a obra gráfica deste autor.

Cambados

■ **EXPOSICIÓNS**

SEBAS ANXO
As súas obras pódense ver na galería *Borrón* até o 13 de abril.

A Caniza

■ **EXPOSICIÓNS**

JOSÉ LUIS SANS BOGA
Colga a súa pintura, até o 31 de marzo, no *Centro Comarcal*.

O Carballiño

■ **TEATRO**

VANZETTI
A *Casa do Concello* será o lugar onde **Teatro do Atlántico** represente esta obra o venres 26.

Carballo

■ **TEATRO**

MOLIÈRE FINAL
Talía Teatro vai representar esta obra o venres 2 no *Pazo da Cultura*.

Cariño

■ **TEATRO**

MALICIA
Poderemos ollar esta obra de **Eme 2 Producciónss** o sábado 27 na *Casa da Cultura*.

Cee

■ **TEATRO**

A BRANCA ROSA
OS PIRATAS
O sábado 3 a compañía **Teatro do Morcego** actúa no salón de actos do *Concello*.

Celanova

■ **EXPOSICIÓNS**

DIÁSPORA GALEGA
Mostra sobre a emigración á América, que permanecerá até o venres 2 na *Casa dos Poetas*.

A Coruña

■ **ACTOS**

ROTEIROS A PÉ
A asociación cultural *Colectivo Camiños* organiza roteiros abertos á participación de calquera persoa interesada, por un prezo de 1,5 euros, con saida desde a *Estación de autobuses*, sobre as 11 da mañán dos domingos para voltar á tardiña. O domingo 4 de abril van realizar o roteiro de *Bandoxa*, por terras de Val de Deus, Nogueiras, Naballo, Barrosa, Ribeira, Fajo e Rodeiro. Máis información no telf. 649 759 734 (David).

XORNADAS
SOBRE LUÍS SEOANE
O venres 26 e sábado 27 vanse celebrar, na sede da *Fundación* adicada ao ilustre escritor e pintor, estes encontros arredor da súa figura, nos que se conta coa participación de destacados persoeiros da cultura como **Xosé Luís Axeitos**, **Xesús Alonso Montero**, **Isaac Díaz Pardo**, **Xosé Díaz**, **Pepe Barro**, **Mª Victoria Carballo-Calero**, **Alberto González-Alegre**, **Antón Patiño**, **Antonio Garrido Moreno**, **Mª Antonia Pérez**, **Euloxio Ruibal**, **Manuel F. Vieites** e **Iolanda Ogando**. Máis información nos telf. 981 544 882 ou 981 957 023.

CATRO MAÑÁS
CON FUTURO
A *Fundación Barrié* organiza este ciclo de obradoiros didácticos para alumnos de 10 a 13 anos, cos que tratan de achegar a arquitectura á sociedade, a través da participación dos seus membros máis novos e a experimentación cos materiais. O sábado 27, os mestres **Manuel** e **Francisco Aires Mateus** impartirán un obradoiro sobre ***A transformación do presente, o corazón do tempo***. Esta actividade é de balde previa inscrición en www.fbarrie.org.

■ **CINEMA**

CGAI
Dentro do ciclo adicado a **Akira Kurosawa** este xoves 25 vaise proxectar ***Dersu Uzala***, ***El Cazador*** (1975). O ciclo *Escuela de Barcelona* continúa o venres 26 ás 18 h. coa fita ***Cada vez que...*** (1967), de **Carles Durán,** e, ás 20:30 h, poderemos ollar ***Nocturno 29*** (1968), de **Pere Portabella**. O sábado 27 proxectarase, ás 18 h, ***Lejos de los árboles*** (1970), de **Jacinto Esteva;** e ás 20:30, ***Dante no es unicamente severo*** (1967), realizada polo mesmo director xunto con **Joaquín Jordá.** O luns 29 ás 20:30 h. proxectarase ***El encargo del cazador*** (1990, **Joaquín Jordá**). A *Producción Galega* chega o martes 30 ás 20:30 co video de **Modesto Pena *Loréns, El paisajista gallego*** (2003). O mércores 31 comeza *Seúl Express*, espazo adicado ao cinema surcoreano, coa fita de varios directores ***If you were me*** (2003). Máis información en www.cgai.org.

■ **EXPOSICIÓNS**

PRINCIPIÑOS
Podemos ver esta serie de retratos de princesas, infantes, damas e duques até o 16 de maio no museo de *Belas Artes*.

ÁLVARO DELGADO
A obra deste artista permanecerá na galería *Ana Vilaseco* até o sábado 27.

UN MAR
DE POSIBILIDADES
Fotografías de **J. Cuetos** e **R. Otero** até final de mes na *Escola de Imaxe e Son*.

GALICIA VISTA
CON OJOS DE JOVEN
Mostra de fotografías que se pode visitar na sala de exposicións *Salvador de Madariaga*.

MIES VAN DER ROHE
Arquitectura e Deseño en Stugart, Barcelona e Brno. Organizada polo Vitra Design Museum, a mostra xunta os mellores deseños de mobles do arquitecto, do período 1927-31, presentados no seu contexto : as vivendas experimentais en Weissenhof, Stuttgart; o Pavillón Alemán en Barcelona e a Vila Tugendhat en Brno. Ludwig Mies van der Rohe (Aquisgrán, 1886 - Chicago, 1969) é unanimemente considerado como un dos mestres que maior trascendencia e influencia na arquitectura do pasado século. Na *Fundación Barrié* até o 2 de maio (www.fbarrie.org).

CENTRO DE
FORMACIÓN DO
BANCO PASTOR
A mostra reúne maquetas e paneis dos oito anteproxectos presentados por outros tantos arquitectos bolseiros da Fundación ao concurso por invitación para a construción dun *Centro de Formación* para Banco Pastor na Granxa do Pampillal (Mondego, Sada). Na sede da *Fundación Barrié* até o 2 de maio.

Su Ta Gar

O grupo máis clásico do heavy euskaldún presentan o seu último traballo *Itsasoz beteriko mugetan* (Gor, 2003) co seu potente directo o venres 26 ás 00:30 h. na *Iguana Club* de **Vigo** e o sábado 27 ás 22:30 no *Mardi Gras* da **Coruña.** Venda de entradas (a 8 euros) en *Elepé, Columna* e *Tipo* en Vigo; e *Portobello* e *Noni's* na Coruña (na billeteira costará 10).♦

WILDLIFE
PHOTOGRAPHER OF
THE YEAR 04
As obras do prestixioso premio de fotografía da natureza, recoñecido como o máis importante do mundo, organizado pola *BBC Wildlife Magazine* e o *Museo de Historia Natural* de London estarán expostas até o mes de xullo no *Aquarium Finisterrae*.

■ **MÚSICA**

MERCEDES PEÓN
Este xoves 25 ás 21 h. no teatro *Rosalía de Castro*, poderemos escoitar os temas do seu último disco *Ajrú*.

Mercedes Peón canta este xoves 25 na CORUÑA.

Refree

Alter ego do autor independente **Raül Fernández**, que esta de xira de presentación de *Nones*, considerado mellor disco estatal do 2003 pola revista *Rock de Lux*. Un cruce entre a tradición mediterranea e o jazz, cancións en catalán e castelán que poderemos escoitar o venres 26 na sala *Garufa* da **Coruña**; e o sábado 27 no *Vademecwum* de **Vigo**.♦



Carteleira

DESAPARICIONS. Uns indios fuxidos dunha reserva secuestran á filla dunha granxeira. Esta, coa axuda do seu pai, que viviu moitos anos entre os indios, séguelles a pista coa intención de liberar a rapaza.

A MALA EDUCACIÓN. Historia dun seminarista que acabará sendo travesti e ionqui. Almodóvar volve demostrar que é un gran director de actores, pero que non é capaz de enfiar ben unha trama. Xiros innecesarios que, polos pelos, non fan naufragar a película.

OCÉANOS DE LUME. Un indio mestizo americano recibe a invitación para participar nunha carreira ancestral que se celebra polo medio do deserto entre Arabia e Damasco e na que corren os mellores cabalos do islam.

DIÑEIRO SUCIO. Unha banda de delincuentes dá un golpe pero se fai con diñeiro do FBI que está marcado, polo que deben colocalo por menor prezo no mercado, pero cando van facer a operación, os cartos desaparecen.

CANDO MENOS O ESPERAS. O maduro e don xoanesco Nicholson deixa a súa paixón polas novas e galantea cunha Diane Keaton que non agacha as enrugas. Hai un fallo final do guión. Alguén pode crer que unha muller escolla a Nicholson e deixe a Keanu Reeves? A directora, Nancy Meyers, non se atreve a romper cos algúns tópicos.

KILL BILL I. Sophie é traizoada polas súas compañeiras do grupo das víboras asasinas e cando esperta do coma no que quedou, decide vingarse de forma moi violenta. A banda sonora, excepcional.

BIG FISH. Un home volve á súa casa porque o seu pai está moribundo. Pretende coñecer a verdadeira historia da súa vida e non as fabulacións que sempre contou, pero o seu pai é obstinado e insiste na súa versión.

ZATOÏCHI. Un masaxista cego e espadachín chega a unha localidade xaponesa controlada pola mafia e coincide con dúas geishas que queren vingar o asasinato da súa familia, co que se alían para levar adiante os seus plans.

COLD MOUNTAIN. Nos compases finais da guerra civil americana, un combatente do sur deserta para reunirse coa muller que ama, a quen apenas coñece. No retorno, poderá comprobar que as miserias da guerra tamén as padecen os civís.

O XURADO. Nun xuízo contra as empresas de armas, cólase como xurado un home que lle ofrece ás dúas partes influír nos seus compañeiros para conseguir unha condena ou unha absolución a cambio de dez millóns de dólares. Intriga.

LOST IN TRANSLATION. Un home e unha muller a quen separan 25 anos, coñécense de visita no Xapón. Teñen en común que ningún dos dous entende o país e que ambos están nun momento de crise nas súas vidas: están desorientados. Comedia romántica.

DOCE EN CASA. Título que di case todo. Doce fillos son demasiados. Non hai tempo para caracterizar as personaxes. Falla, ademais, pola falta de definición entre comedia e obra cómica. Poucos *gags* e febles. O guionista parece andar sempre escaso de tempo e a fita faise longa. Steve Martin non luce como debería.

21 GRAMOS. O mexicano Alejandro González Iñárritu (*Amores perros*) volve cunha película en inglés. Unha muller perde o seu home e dúas fillas nun atropelo. Montaxe anovadora con fondo de melodrama. A destacar Sean Penn e Benicio del Toro, aínda que o director non é capaz de tirarlle todo o partido ao portorriqueño.♦

O Xacobeo coa Mocidade

Neste festival, que está de xira polo país, podemos escoitar a **Tri Bus Band** e varios **Dj´s.,** ademais de espectáculos de baile e videocreación. O sábado 27 ás 21 h. chega ao *Pavillón de Deportes* de **Verín**, onde poderemos escoitar, tamén, a **Lamatumbá**. O sábado 3 de abril ás 21 h. estará no *Recinto Feiral* de **Pontevedra**, onde o programa complétase co concerto do grupo **Laio**.♦

O porqué das cousas

Esta produción de **Nove-Dous Teatro** poderase ver no *Edificio de Servizos Múltiples* de **Culleredo** o venres 2 de abril; o sábado 3 representarase no *Teatro da Beneficencia* de **Ortigueira**; e o xoves 8 será no *C.C. Torrente Ballester* de **Ferrol**.♦

A grande ilusión

Este xoves 25 a compañía **Teatro do Morcego** representa esta obra na Casa da Cultura de **Monforte**; o venres 26 estarán no edificio de *Servizos Múltiples* de **Culleredo**; e o venres 2 no *Centro Multifuncional* do **Carballiño**.♦

Schsss... calma

Fulano, Mengano e Citano chegan con esta obra o venres 26 á *Casa da Cultura* de **Boiro**; o sábado 27 actúan no teatro municipal *As Torres de Santa Cruz* de **Oleiros**; e o xoves 1 de abril no auditorio *Semana Verde* de **Sillleda**.♦

El Cruce

Esta compañía representa o xoves 25 ás 20:30 h. no teatro *Principal* de **Ourense** a obra ***He visto dos veces el Cometa Halley,*** de **Ernesto Caballero**, un espectáculo sobre *Rafael Alberti*. O venres 26 estarán, ás 21 h, no *Pazo da Cultura* de **Pontevedra**.♦

Cara de Plata

Obra que representará **Al Suroeste Teatro** este xoves 25 no *C.C. Torrente Ballester* de **Ferrol**; o venres 26 no *Auditorio Municipal* de **Vilagarcía**; e o domingo 27 visitan o *Auditorio Municipal* de **Narón**.♦

Monólogo do imbécil

O actor **Santi Prego** representa a biografía dun tipo desde o mesmo momento da súa concepción, alá nos sesenta, até agora mesmo. Unha historia surrealista, tenra, cómica e fantástica. O venres 2 no teatro *Coliseo Noela* de **Noia** e o sábado 3 no *Auditorio Municipal* de **Cangas**.♦

Orquestra Sinfónica de Galicia
Vai dar dous concertos, o xoves 25 e o sábado 27, ás 20:30 h. no *Pazo da Ópera*, baixo a dirección de **Víctor Pablo Pérez**.

Festa Empuje.net
Para conmemorar o II aniversario, os promotores desta páxina *web* organizan catro días de concertos cos que pretenden amosar as diferentes opcións culturais que se están movendo na cidade. Este xoves 25 no café *O Alfaite* e con entrada libre, tócalle o turno á música de autor con **Luis Moro** e a escritora **Lucía Aldao.** O venres 26, **Tocho Kachet, Galerna** e **Delhampa** levarán o seu hip hop á sala *Mardi Grass*. E o sábado 27, poderemos gozar no *Playa Club* co pop-rock de **Triángulo de Amor Bizarro**, **A.L.U** e **Stay Pretty**. O prezo para cada concerto e de 3 euros. O domingo 28 relaxarémonos cunha sesión **chill-out** gratuíta no *Patachim*.

A brasileira Rosa Passos estará o próximo sábado 3 en PONTEVEDRA dentro do ciclo *Voces do Jazz*.

Ferrol

■ **EXPOSICIÓNS**

Jesús Otero-Yglesias
A galería *Sargadelos* amosa a pintura deste artista.

SGHN
A Sociedade Galega de Historia Natural abre ao público o seu museo, no que se poden contemplar esqueletos de diferentes animais e unha colección de pegadas e de minerais, entre outros elementos. O horario é de 9:30 a 13:30 e de 16:30 a 20:30, de luns a venres.

Gondomar

■ **TEATRO**

Grazas, meu señor Santiago
Co gallo da celebración do *Día Mundial do Teatro* o grupo do IES "Auga da Laxe", *Vichelorrego,* artella a actuación de **Santi Prego** e **Mª Xosé López Villar** coa representación desta obra, o venres 26. Ese mesmo día concederanse os premios de carteis sobre teatro.

Lalín

■ **EXPOSICIÓNS**

Mª Luísa Gómez
Podemos ver as obras desta pintora no museo *Ramón Mª Aller*.

■ **TEATRO**

Un tranvía
de nome desexo
Poderemos gozar con este clásico adaptado por **Balea Branca** o venres 26 no *Auditorio Municipal*.

Lugo

■ **CINEMA**

Una ventana
hacia la música
Dentro deste proxecto, que *Caixa Galicia* pretende convertir nun espazo para a divulgación e o coñecemento da ópera, o mércores 31 na *Aula Sociocultural* da entidade poderase ollar en DVD ***Jenufa,*** de **Leos Janácek**, gravada no festival de ópera de *Glyndebourne* e interpretada pola **London Philarmonic Orchestra**, **The Glyndebourne Chorus** e **Roberta Alexander**, **Anja Silja**, **Philip Langridge** e **Mark Baker** no reparto, baixo a dirección de **Andrew Davis**.

■ **EXPOSICIÓNS**

Acertos e desastres arquitectónicos
...na provincia de Lugo a través de fotografías, até final de mes, no *Colexio de Arquitectos*.

A memoria do xeo
O *Museo Provincial* acolle esta mostra de fotografía até o 4 de abril.

Valdomero Moreira
Até este venres 26 o seu traballo pode verse na Deputación Provincial.

Urbano Lugrís
Até o 2 de abril a *Fundación Caixa Galicia* acolle esta mostra con obras procedentes dos fondos da súa colección.

Louza da Cartuja de Sevilla
As pezas da colección do ***Museo Pickman*** podense ver, até o 29 de abril, no *Museo Provincial*.

■ **MÚSICA**

Pablo Líquido
Este xoves 25 poderemos escoitar a este xenuino cantante e compositor no *Clavicémbalo*. No mesmo lugar o venres 26, poderemos gozar dunha noite de rock galego coas bandas **Forraje** e **Kambotes**. E o sábado 27 tocaralle o turno a **Gecko Turner**, músico extremeño que nos apresentará o seu último traballo, *Guapapasea*, soul e poesía da rúa impregnada de cor sureño.

■ **TEATRO**

Bodas de Sangre
Alquibla Teatro representa o clásico de F. García Lorca este xoves 25 ás 20:30 h. no auditorio *Gustavo Freire*.

Monforte

■ **TEATRO**

Os cárceres
do olvido
Producións Librescena vai representar esta obra o xoves 1 na *Casa da Cultura*.

Nigrán

■ **MÚSICA**

Grupo Vocal Aisis
O *Templo Votivo do Mar* de Panxón acollerá, o venres 26 ás 9 da noite, este concerto de música relixiosa.

Ordes

■ **MÚSICA**

Medusa
O grupo vigués presentará o seu último disco este venres 26 a partir das 23 h. no *Badulake-Rock* con entrada de balde.

Ourense

■ **ACTOS**

I Jornadas da
Historia da Galiza
A *Universidade de Vigo* e *AGAL* organizan estos encontros nas aulas da *Faculdade de Humanidades e Ciencias da Educación* do *Campus Universitario*. Este xoves 25 de 19:30 a 21:30 **Francisco Carballo** falará sobre a ***Alleación da igrexa galega***. O martes 30 poderemos escoitar a **Felipe Senén López** que explicará ***As orixes históricas da arte popular galega***. O mércores 31, o profesor **Isaac Alonso Estraviz** disertará sobre ***A literatura popular galega: orixes históricas e manifestacións***. O xoves 1 de abril **José Manuel Cid** clausurará as xornadas coa conferencia ***A educación na República***. Para matricularse ou solicitar máis información dirixirse a barbosa@agal-gz.org ou ourense@agal-gz.org

25 Anos
de Comunicación
Caixa Galicia organiza este ciclo no que poderemos escoitar ao xornalista **Diego Carcedo** que impartirá a charla ***La Corresponsalía, periodismo sin fronteras***, este xoves 25 nas *Aula Sociocultural* da entidade.

■ **EXPOSICIÓNS**

Efraín Almeida
Este venres 26, ás 20 h, o artista brasileiro inaugura a mostra *Las Lágrimas* na galería *Marisa Marimón*. Aínda que estudou pintura, escultura e gravado, a finais dos oitenta decide traballar coa escultura en madeira, onde se percibe a influencia da artesanía do noroeste brasileiro, do Ceará, a súa rexión de orixe. Nesta ocasión poderemos contemplar, ademais de esculturas, acuarelas e taraceas, coas bágoas como principal argumento. Até o 8 de maio.

X.M. Tomé
As súas pinturas e deseños poderán ser ollados na galería *Visol* até o 23 de abril (de luns a sábado de 18:30 a 21 h.).

Mantelius
O Centro Cultural da *Deputación* acolle as pinturas de **José Antonio Ocaña**.

Gala e Dalí, máis
aló da intimidade
Até o domingo 28, na Aula de Cultura de *Caixanova* poderemos ver esta mostra, formada por máis de 60 fotografías tiradas por **Marc Lacroix** nos anos setenta, dous módulos estereoscópicos (cos que investigaron a pintura en tres dimensións) e varios libros e debuxos do artista.

■ **TEATRO**

Fausto
Teatro de Ningures representa esta obra o sábado 27 no teatro *Principal*.

Padrón

■ **EXPOSICIÓNS**

María Zambrano
Diálogo romántico con María Zambrano é a mostra que podemos contemplar na *Fundación Camilo José Cela* até o 30 de abril

As Pontes

■ **EXPOSICIÓNS**

Xoves Artistas
Os traballos de diferentes autores exhíbense no *Mercado Vello* até o luns 29.

■ **MÚSICA**

Dr. Funkstein
Esta banda dará un concerto o venres 26 na *Zona Zulú*.

Pontevedra

■ **CINEMA**

Woody Allen
Este xoves 25 poderemos ollar a fita ***Todo lo que quiso saber sobre sexo y nunca se atrevió a preguntar*** (1972), en versión orixinal e subtitulada en español, ás 20:30 h. no teatro *Principal*.

Quérote para sempre
O cineclube *Pontevedra* proxecta o mércores 31 ás 19:45 e 22:15 h. no *Palacete de Mendoza* (Pza. De Sta. María s/n) esta película danesa do 2002 dirixida por **Susanne Bier**, que trata da vida de catro persoas implicadas nun accidente: culpabilidade, comprensión, axuda, infidelidade, abandono e, por suposto, amor. Entrada libre.

■ **EXPOSICIÓNS**

No país
de Nunca Máis
As fotografías de **Xurxo**

O expléndido grupo de títeres *Tanxarina* estará co seu espectáculo *Contaloucos* no *Liceum* do PORRIÑO este venres 26.

O extremeño Gecko Turner toca o sábado 27 en LUGO.

Ciclo de Cinema Clásico

O martes 30 ás 19:30 e 22:15 h. no espazo para a cultura de *Cajamadrid* de **Pontevedra** poderemos ollar a fita ***Vértigo (De entre los muertos),*** dirixida en 1950 por **Alfred Hitchcock**, dentro deste ciclo organizado pola *Universidade de Vigo* e o cineclube *Pontevedra*, en coordinación co cineclube universitario *Kinema* da cidade olívica e o cineclube *Padre Feixóo* de Ourense. O mércores 31 ás 20:30 h. no auditorio do *Concello* de **Vigo** proxectarase ***O Crepúsculo dos Deuses*** (1950), de **Billy Wilder**. En total seis fitas fundamentais, en formato cinematográfico e versión orixinal subtitulada, como mostra de seis visións diferentes e coetáneas en tres países do mundo, entre 1950 e 1960. O prezo por sesión é de 2 euros.♦

Discípulos de Otilia & Costo Rico

Estes dous grupos cataláns darán dun concerto o venres 26 ás 22:30 na sala *Anoeta* de **Vigo,** e o Sábado 27 ás 23:30 na sala *Burbuja* de **Ourense.** *Discípulos de Otilia,* ska, reggae e punk, presentarán o seu último CD *Wateke!;* e *Costo Rico,* mestizaxe, fusión rumba, reggae, ska..., farán o propio con *El Patio*.♦

Albert Plá estará o venres 2 de abril no *Pazo de Cultura* de PONTEVEDRA

Para a inclusión de información nestas páxinas do *Lecer* pregámosvos nolas fagades chegar antes dos luns. Pódese facer a través do correo, Aptdo. 1.371, 36200 Vigo; por Telf., 986 222 405, por Fax 986 223 101ou correo electrónico info@anosaterra.com

Lobato permanecerán, até o mércores 31, na galería *Sargadelos*.

LEOPOLDO NÓVOA
Podemos ollar a retrospectiva deste autor, *Obras para unha década 1993/2003,* na sala de *Caixa Galicia* até o 4 de abril.

JOSEP LLINÁS
O *Colexio de Arquitectos* acolle unha mostra sobre o seu traballo até este domingo 28 de marzo.

■ **MÚSICA**

VOCES DO JAZZ
O sábado 27 ás 21 h. no teatro *Principal* poderemos escoitar a máxica e afinadísima voz de **Rebekka Bakken**, cantautora noruega que, sen dúbida, fascinará o público. O sábado 3 será o turno da brasileira **Rosa Passos**.

ALBERT PLÁ
O vindeiro venres 2 de abril, o músico interpretará, no *Pazo da Cultura,* textos e cancións do poeta **Pepe Sales**, acompañado pola actriz e discjockey, **Judit Farrés**, do seu disco *Canciones de amor y droga*. Espectáculo valente e pouco comercial, cunha representación sorprendente. Entradas, a 12 euros, a través do teléfono 902 434 443 e en www.caixagalicia.es, ou por 15 euros na billeteira.

■ **TEATRO**

DOMINGOS DO *PRINCIPAL*
Promovido polo Concello e coordinado por *Teatro Akatro*, este ciclo para público familiar selecciona os mellores espectáculos realizados na península. **Os Quinquilláns** representan o domingo 28 ***O circo das máscaras***, no que se reflicte a vida das xentes do circo. Entradas no teatro *Principal* os días de función dúas horas antes do comezo da mesma a un prezo de 2 euros, en www.caixagalicia.es ou no telf. 902 434 443.

O Porriño

■ **EXPOSICIÓNS**

CASTELAO EN COIRO
A **Felipe Dosantos** dáselle pola arte pétrea e a marroquinaría e cos deseños en coiro que expón no *Liceum* quere "dar a coñecer a figura de Castelao como referente ético que aguilloe un futuro mellor para o noso pobo".

■ **MÚSICA**

TANXARINA
O coñecido grupo de títeres leva o seu espectáciuo *Contaloucos* ao bar *Liceum* (Ramón González 16) este venres 26 ás 23 h.

Redondela

■ **EXPOSICIÓNS**

PEREGRINACIÓN INTERIOR
Fotografías de **M.A. Otero** que se poden ollar na *Casa da Torre* até o 12 de abril.

■ **TEATRO**

LAGARTA, LAGARTA
Representará ***Fobias, unha estraña noite na casa de Luís Mendía,*** de **José Luís Prieto**, baixo a dirección de **Lino Braxe**, o sábado 27 ás 22 h. no multiusos da *Xunqueira*. O sábado 3 ocupará este lugar **Producións Librescena** coa peza ***As obras completas de William Shakespeare*.**

Ribadeo

■ **TEATRO**

TRES NOTAS
Bucanero & Eme2 Producións estará con esta peza o domingo 4 no *Auditorio Municipal*.

Convocatorias

UN NOVO MODELO PARA A TVG
A *Fundación Galiza Sempre* considera que a tv galega é obxecto das máis diversas controversias cun denominador común: as arelas dun cambio que modifique o modelo até agora vixente para que o país poda gozar dun medio público ao servizo da sociedade galega, do seu dereito á información plural e dos sus intereses socioeconómicos e culturais. Para iso quere potenciar o debate mediante un Seminario, iniciado en 2003, e que continuará este venres 26 de marzo no hotel *AC Palacio do Carme*. O seminario, que leva por título *Credibilidade e compromiso co País. Un novo modelo para a nosa televisión. A TVG como servizo público* comezará coa presentación a cargo de **Xabier Macias,** director da FGS, ás 16:30 h. para continuar, ás 16:45, coas comunicacións de **Luís Álvarez Pousa,** director da revista *Tempos Novos* e profesor da Factultade de CC da Comunicación de Santiago; e a conferencia *Servizo Público. A experiencia da ETB,* de **Ramón Zallo,** catedrático de Comunicación Audiovisual da U. do País Basco e asesor de Cultura do Goberno dese país. Ás 17:30 haberá un debate.

PREMIOS CURUXA 2004
Organizado polo *Museo do Humor* e o Concello de Fene, estabelécense distintas categorías: ao *Curuxa Gráfica* poderán optar debuxos orixinais e inéditos, de tema libre e en calquera técnica, branco e mouro ou cor, unha ou varias viñetas, en cartolina e unhas dimensións mínimas de 21 x 30 cm e máximas de 46 x 60, sempre que haxa texto deberá ser en galego. Cada autor deberá enviar un só traballo antes das 12 h. do 17 de abril ao *Museo do Humor - Concello de Fene,* Avda. De Conces, 20-22, 15500 **Fene** (A Coruña), nun sobre que conteña o seu nome, enderezo, DNI e teléfono, así como unha breve currícula, fotografía ou caricatura, e un enderezo de correo electrónico. O gañador recibirá un premio de 1.502,5 euros e a *Curuxa do Humor*, deseñada por *Fco. Xosé Pérez Porto* e doada por *Cerámicas do Castro*, ademai do pagamento dunha viaxe e estada de tres días. Sen dotación económica e coa entrega da Curuxa, poderán optar á *Curuxa aos Medios*, aqueles medios, xornalistas ou escritores que se teñan significado polo seu labor a prol do humor ou pola presenza da compoñente humorística na súa obra. As candidaturas poderán se promovidas polo xurado, os propios interesados en optar ao mesmo, asociacións culturais... No caso de ser un medio de comunicación ou xornalista o promotor, deberá presentar unha copia do espazo ou sección co que pretense concursar (xornal onde se publicou o debuxo, fotografía ou artigo; unha casete, coa indicación da data e medio no que se emitiu o programa; unha fita de video; etc...). Nos restantes casos achegarase un breve informe explicativo. Tamén se estabelece a *Curuxa de Honra*, sen dotación económica, para aquela institución ou persoa que, ao xuízo do *Museo*, se caracterizase por toda unha traxectoria vital a prol do humor, e a *Curuxa de Barro*, para o personaxe ou institución que se significase na defensa de valores ou protagonizara actuacións que o *Museo do Humor* quixera ver desterradas. O fallo darase a coñecer con antelación ás *Xornadas do Humor* que terán lugar o 12 e 13 de xuño

XXI PREMIO XERAIS DE NOVELA
Poderán concorrer todos aqueles autores/as de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente, con traballos inéditos e totalmente orixinais. De cada obra entregaranse seis copias en papel tamaño folio ou holandesa, macanografados a duplo espazo, antes do 12 de abril nos locais sociais de *Edicións Xerais de Galiza, S.A.*, rúa Doutor Marañón 12 - 36211 **Vigo**. Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, adxuntarase, en sobre pecho, nome completo, enderezo e teléfono do autor/a e o título da obra, indicando no sobre: para o *Premio Xerais de Novela*. Edicións Xerais convoca igualmente A ***XIX Edición do Premio Merlín de Literatura Infantil e Xuvenil***, que se rexerá baixo as mesmas normas co anterior, tendo que indicar no sobre: para o *Premio Merlín*. Máis información no teléfono 986 214 888 ou en www.xerais.es.

I XORNADAS SOBRE ESPAZOS DE CREACIÓN CONTEMPORÁNEA
O *Concello de Santiago* organiza, conxuntamente co Concello asturiano de Avilés, estes encontros que se van celebrar o venres 2 e sábado 3 de abril no *Auditorio de Galiza*, como un espazo para a reflexión e o debate sobre a arte contemporanea, e nos que se podera escoitar a profesores universitarios, artistas e directores de centros artísticos. A matrícula é gratuita e os alumnos de Historia da Arte da USC que participen recibirán un crédito de libre configuración. Débese remitir o formulario de inscripción á *Secretaría* das xornadas por fax ao 981 574 250 ou por correo ao *Auditorio de Galiza*, Avd. Burgo das Nacións s/n 15705 de **Santiago de Compostela**.

IX PREMIO MANUEL RAIMÓNDEZ PORTELA
A *Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada* promove este certame no que poderán participar aqueles traballos, ou serie deles (até un máximo de cinco), que teñan como tema a lectura, e que sexan publicados en lingua galega, en calquera dos medios de comunicación escritos, até o 30 de xullo de 2004. Os autores deberán remitir unha páxina orixinal dos artigos, na que conste a data de publicación e o medio, acompañada dos seus dados, á sede da Fundación (Zona Deportiva s/n 36680 **A Estrada**-Pontevedra) antes do 11 de agosto. A dotación económica do premio será de 1.500 euros. Máis información en www.a-estrada.org, no teléfono 986 573 406 ou no fax 986 573 761.

PEREGRINACIÓN XACOBEA
O Concello do Barco de Valdeorras organiza esta actividade, que terá lugar en catro fins de semana dos meses de abril e maio, cun total de oito etapas. Dispónse de 50 prazas e poderán participar todas aquelas persoas, maiores de idade ou menores acompañados, que o desexen, para o que deberán inscribirse na *Casa da Cultura* do **Barco** por un prezo de 24 euros, que inclúe os translados en autocar até o punto de saída e o regreso, vehículo de apoio, guía con información do camiño e credencial de peregrino. Non inclúe comidas e aloxamento.

CONCURSO DE TEATRO PARA AFEIZOADOS
Para conmemorar o *Día Mundial do Teatro* o grupo *Vichelorrego* do IES *Auga da Laxe* de **Gondomar** convoca este concurso dirixido a parellas de actores e actrices amadores, maiores de 18 anos, que terán que facer a representación dun texto breve facilitado pola organización con 24 horas de antelación. As actuacións terán lugar o venres 26 a partir das 20:30 h. e o xurado, formado por cinco persoas vencelladas ao mundo do teatro, concederá un único premio de 300 euros. Máis información no telf. 986 360 501.♦

Carlos Valcárcel mostra as súas fotografías na *Igrexa de Universidade* de SANTIAGO.

Ribeira

■ **EXPOSICIÓNS**

ANTON VAN DYCK. ICONOGRAFÍA
Esta mostra de 125 estampas do s. XVII póderase visitar durante este ano no *Museo do Gravado,* en Artes.

San Sadurniño

■ **TEATRO**

ASÍ QUE PASEN 5 ANOS
A peza de Federico García Lorca, dirixida por **Ánxeles Cuña Bóvedo**, chega da man de **Sarabela Teatro** o domingo 4 á *Casa da Cultura*.

Santiago

■ **DANZA**

ATRÁS LOS OJOS
A compañía de Girona **Mal Pelo** presenta este solo, creado e interpretado por **María Muñoz,** o venres 2 e sábado 3 ás 22 h. no teatro *Galán*.

■ **EXPOSICIÓNS**

ALFOMBRA VOLADORA
Obras de 165 mulleres que se poden ver na *Fundación Torrente* até o mércores 31.

CARLOS VARCÁRCEL
Amosa as súas fotografías (1962-2001) na *Igrexa da Universidade,* até o 18 de abril.

BAGDAD LONXE DA ESPERANZA
A galería *Sargadelos* amosa, até o 10 de abril, o traballo de **Manuel Valcárce**.

PEPE ENGUINDANOS
Colga os seus lenzos na galería *José Lorenzo* até o 12 de abril.

LEIRO 1975-2000
Ceci n'est pas un vai surrèalisme mostra os comezos de Leiro a través das primeiras esculturas surrealistas. Na *Fundación Granell* até o 28 de xuño.

OBRA GRÁFICA INTERNACIONAL
A *galería C5* acolle esta mostra da súa colección até o 25 de abril.

CARUNCHO
O CGAC acolle unha mostra antolóxica, desde 1950 até hoxe, do escultor e pintor galego Luís Caruncho Amat. Gañador de numerosos premios, compaxina o seu labor artístico co cargo de director do *Museo de Arte Contemporánea Unión-Fenosa,* é comisario de exposicións e asesor artístico da *Fundación Barrié*. Até o 30 de maio.

LATITUDES 2004.VARIOS SOPORTES
Poderemos ollar esta mostra até este sábado 27 na *Fundación Caixa Galicia*.

ARQUITECTURA MODERNISTA COMPOSTELA
A existente en Compostela podemos coñecela a través desta mostra na *Casa da Parra*. Até o 15 de abril.

ACUÑA: O REGRESO Á ORIXE
Esta mostra permanecerá no *Museo do Pobo Galego* até o 31 de marzo, en horario de 10 a 14 e de 16 a 20 h. de martes a sábado e domingos e festivos de 11 a 14 h.

ELENA BLASCO
A galería *Trinta* acolle unha mostra desta artista madrileña até o 2 de abril.

KIKE ORTEGA
A galería *José Lorenzo* presenta os traballos do artista na sala de exposicións do hotel *Porta do Camiño*.

ELLIOT ERWITT
Até o 11 de abril, a mostra da sala *Isaac Díaz Pardo* do *Auditorio de Galiza* reúne as fotografías deste artista entre 1046 e 2001.

LIBRO DE ARTISTA
Colectiva de arte contemporánea na *Fundación Granell*, que abre de 11 a 14 e de 16 a 21 h. de luns a sábados; e de 11 a 14 os domingos; os martes e festivos pecha.

■ **MÚSICA**

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Será dirixida por **Alejandro Posada** este xoves 25 ás 21 h. no *Auditorio de Galiza*.

THE JAYHAWKS
A mítica banda de rock clásico vai dar un concerto, xunto con **Kraig Jarret Johnson & The Program,** o sábado 27 a partir das 21:30 h na sala *Capitol*. A entrada anticipada vale 20 euros e pode reservarse no telf. 986 472 556 ou en *Discos Gong*, *Tipo* e *A Reixa* de Santiago; *Portobello* e *Noni´s* na Coruña; *Tipo* de Pontevedra; ou en *Elepé* ou *Honky Tonk* de Vigo.

PAULO CASTANHO QUARTETO
Poderemos escoitar o mellor jazz todos os martes de marzo ás 23 h. no *Dado-Dadá*.

■ **TEATRO**

AS DAMAS DE FERROL
Dúas mulleres viven pechadas no seu extraño e inexpugnábel mundo. semellan tolas ou proximo a estalo. Resulta difícil saber se as cousas das que falan son realidade ou froito da imaxinación. Esta comedia será representada o xoves 1 e venres 2 no teatro *Principal* por **Teatro do Noroeste**.

Tui

■ **EXPOSICIÓNS**

CHECHÉ E SANTALLA
As súas pinturas pódense ver na *Área Panorámica*.

D.O.G.

CONSELLARÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS
Convoca axudas económicas para o desenvolvemento de programas de educación ambiental sobre o medio mariño, por un importe global de 100.000 euros. As actividades que se poderán acoller a estas axudas serán as que teñan por finalidade a realización de xornadas, cursos, seminarios relacionados co medio mariño ou ben o deseño, producción e montaxe de exposicións ou proxeccións coa mesma temática. As solicitudes presentaranse nos rexistros territoriais da Consellaría de Pesca.

CONSELLARÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA
Convócanse axudas aos concellos para a erradicación do chabolismo na Galiza. O importe máximo será de 1.500.000 euros. Os concellos poderán presentar a solicitude nas delegacións provinciais do Instituto Galego de Vivenda e Solo até o 31 de xullo do 2004. Máis información na paxina www.xunta.es.♦

El entierro del conde Orgaz **(1967-70), do Equipo Crónica, que forma parte da mostra Obra Gráfica na Colección Caixanova.**

VÍTOR FERREIRA
Nado en Bragança, o pintor portugués mostrará a súa obra na galería *Trisquel & Medulio*, até o 30 de marzo.

Vigo

■ **ACTOS**

ARTE CON SENTIDO
Programa que ofrece o *MARCO* como forma de achegamento da institución á sociedade. O venres 26 ás 18 h. desnvólvense os obradoiros plásticos para crianzas de 3 a 8 anos; o sábado 27 os títeres e obradoiro ***Viva a cor;*** e o domingo 28 os máis cativos poderán gozar co espectáculo de contacontos ***A pequena eiruga lambona***. O mércores 31 ás 19 h. (previa inscrición) continúa o ciclo 2 do curso de aproximación á arte contemporánea para adultos: ***Da II Guerra Mundial aos anos 80.***

■ **CINEMA**

CINE E CASE CINE
Este xoves 25 ás 20 h. proxectase neste ciclo que celebra o *MARCO*, ***The Memory of the Snails*** (2001, **E. Endress**); ***El Tronco de Senegal*** (**J.C. Alcalá**, **F. Bernardi**, **J. Codina**, **P. Gelpi** e **I. Otero**); ***4 días de mayo*** (2003) e ***Hugo and Rosa*** (2002, **L. Bengt Jägerskog**). O venres 26 ás 20 h, ***Karima*** (2002, **Clarisse Hahn**), só para maiores de 18 anos; e o sábado 27, ***Shoes for Europe*** (2002, **Pavel Braila**) e ***Dammi I colore*** (2003, **Anri Sala**). O domingo 28, ***The lost film*** (2003, **K. Joreige** e **J. Hadjithomas**), ***Europlex*** (2003, **U. Biemann**) e ***Vacances*** (2002, **N. Dufranne**). Máis información en www.marcovigo.com.

■ **EXPOSICIÓNS**

PÉREZ BELLAS
A súa pintura pode ollarse, até o mércores 3,1 na galería *Alpide*.

O DESEÑO DO SÉCULO XX NA GALICIA
A creación do necesario. O venres 26 ás 20 h. inaugúrase esta mostra, comisariada por **Marisa Sobrino,** no *MARCO*. Até o 13 de xuño.

ANSELMO IGLESIAS
O *Club Financiero* exhibe as súas esculturas e pinturas até o luns 29.

100 ANOS DE UNIÓN CONSERVERA
Podémos visitala no *Museo do Mar* até o mércores 31.

JOSEP LLINÁS
O *Colexio de Arquitectos* analiza a súa obra até o domingo 28.

MONCHO BORRAJO
O polifacético artista amosa os seus cadros, até o venres 2, na galería *Alameda*.

MAJO VILLAR
Lenzos ao óleo , cheos de forza e matices cromáticos, que mostran unha sucesión de belos recunchos. Na *Casa do Libro* até o 31 de marzo.

OBRA GRÁFICA DE CAIXANOVA
Até o 2 de maio poderemos ollar na sala *III* do *Centro Social*, 65 traballos de maestros da arte do século XX como **Salvador Dalí**, **Picasso**, **Miró**, **Seoane** ou **Tàpies**. O horario é de 18 a 21:30 h. de luns a venres, e de 11 a 14 e de 18 a 21:30 h os sábados, domingos e festivos.

BACHARELATO ARTÍSTICO
Os traballos dos rapaces do *I.E.S. Politécnico* na *Casa da Xuventude*.

ANTÓN ABREU BASTOS
A sala de exposicións *II* do *C.S. Caixanova* acolle, até o 4 de abril, a mostra de pinturas deste artista *Bos Aires 1958 - Vigo 2003*.

REINTEGRACIÓN
A obra de **Miguel Pereira** e **Enrique Velasco** pódese visitar na *Casa das Artes* até o 28 de abril.

MIGUEL VILLARINO
A galería *Chroma* acolle unha mostra deste artista que se pode visitar de luns a sábado de 18:30 a 21:30 h. até o 3 de abril.

A CHINA IMPERIAL
O universo da China Imperial das dinastías Ching (1368-1644) e Ming (1644-1911), retratos de dignatarios, símbolos, insignias, obxetos de escritorio, caligrafía, abanos... toda a delicadeza da arte oriental xunto coa profundidade e sabiduría dunha cultura milenaria que podermos ollar no *Centro Social Caixanova*.

MIQUEL NAVARRO
Mostra as súas esculturas na galería *Vgo*, onde as poderemos contemplar até o 6 de abril.

TANGOS
Os cadros da pintora arxentina, de orixe galega, **Beti Alonso** pódense ollar na *Casa do Libro*.

VINTE ANOS DE CREACIÓN ARTÍSTICA
O *C.C. Caixanova* acolle esta mostra, que fai un percorrido pola obra dos grandes artistas e as propostas novidosas da Galiza nas últimas décadas. Destacan **Leiro, Jorge Castillo, Silverio Rivas** e outros máis novos como **Barbi, Murado** ou **Casas**.

CHEMA MADOZ & CIUCO GUTIÉRREZ
Mostra destes recoñecidos fotógrafos na galería *Bacelos* (Progreso 3) até o 30 de marzo.

PALOMA SOUTO
As posibilidades expresivas do xesto implicando a emoción a través da cor danse cita nos lenzos desta artista, que ten unha mostra do seu traballo na galería *Chroma* (Florida 34) titulada *Lonxe de casa*.

BICHITA
A galería *Ad Hoc* acolle, até o 31 de marzo, esta mostra na que a artista betanceira amosa unha serie de pinturas acrílicas, que, partindo de refugallos e con imaxes divertidas, escatolóxicas e provocativas pretende divertir. Conxuntamente coa anterior o polifacético **Suso Fandiño** presenta a súa nova obra (lapis, fotografía, vídeo, instalación e pinturas acrílicas sobre táboa) nun discurso creado a partir da dúbida do que diferencia unha obra de arte do que non o é.

FOTOGRAFÍA E ARTE
Variaciones en España 1900-1980. Coproducida entre o *Centro Atlántico de Arte Moderno de Canarias*, *Photoespaña* e o *MARCO*, abre as súas portas con casi coarenta participantes, 320 fotos acompañadas de material documenta de apoio como libros, catálogos, revistas e artigos de prensa. Até o 16 de maio.

■ **MÚSICA**

JAY FARRAR
O músico norteamericano chega o luns 29 ás 22 h. á *Iguana Club*, para presentar o seu último traballo *Terroir Blues*, no que fusiona rock, country e folk actualizándoos coas novas tecnoloxías. Unhas cancións que exploran o reverso tenebroso da cultura americana. Entradas antecipadas a 10 euros en *Elepé*, *Gong*, *La Columna* ou *Honky Tonk*, e na billeteira por 12 euros.

MANUEL HERRERA DRAKE
O cantante da Vieja Trova Cubana canta todos o mércores na *Chaquetiña de Punto* (Poboadores 17) ás 21 horas con entrada libre.

Vilagarcía

■ **EXPOSICIÓNS**

JULIA QUINTELA
Podemos ver as súas pinturas na *Casa da Cultura*.

Vilalba

■ **TEATRO**

OS VELLOS NON DEBEN NAMORARSE
Teatro do Morcego representará esta adaptación da obra de *Castelao* o sábado 27 no auditorio municipal *Carmen Estévez*.

Viveiro

■ **EXPOSICIÓNS**

RICARDO MENSA
O *Pazo da Trave* acolle esta mostra até o mércores 31.

■ **MÚSICA**

SI VIS ME CANERE
A música sacra chegará o sábado 27 á igrexa dos *Concepcionistas*.

■ **TEATRO**

ESPELLO CÓNCAVO
Representará ***Os mutantes metálicos atacan*** o xoves 1 de abril no teatro *Pastor Díaz*.

Xinzo

■ **MÚSICA**

GRUPO VOCAL SÓLO VOCES
A igrexa *de Santa Mariña* acollerá este concerto sacro o sábado 27.♦



O norteamericano Jay Farrar estará o luns 29 no *Iguana Club* de VIGO.

A Rede

GALIÑA DE MOS
http://galimos.galeon.com

Páxina electrónica de Galimos, a Asociación Galega de Criadores da Galiña de Mos. Trátase dunha especie autóctona sobre a que se ofrece información, así como a regulamentación que rexe a súa cría, noticias e curiosidades.♦

■ **DANZA**

DISQUE
Desde este xoves 25 até o domingo 28 poderemos disfrutar de *Disque*, espectáculo de danza contemporánea do grupo **Disque Danza** no teatro *Ensalle* (rúa de Chile). Nel interveñen **Camela Bueno Capeáns, Patricia Tobio Padín** e **Olga Cameselle Estévez,** coa colaboración de *La Canalla* e de **Cristina Domínguez Dapena** (A Factoría Teatro).

Anuncios de balde

■ **Empresa de arqueoloxía precisa con urxencia arqueóloga/o** para Vigo. Mandar currículo e forma de contacto a arqueoloxia.noroeste@mundo-r.com

■ **Oferécese xardiñeiro para a zona de Santiago.** Telf. 699 314 332.

■ **Contábel busca traballo por horas,** incluso a domicilio, na provincia de Pontevedra. Preguntar por Juan no telf. 605 094 067.

■ No porto de **Lira-Carnota alúgase apartamento ao carón da praia,** completamente equipado para 4 persoas. Semana Santa 250 euros. Chamar ao 981 761 144 ou 666 843 997.

■ Nós-UP Vigo **vende gorras coa bandeira galega** a 5 euros. Encomendas ao 655 584 735 ou nosup-vigo@nosgaliza.org.

■ En **Lira (Carnota) alúganse cuartos ou apartamento** para fins de semana, Semana Santa ou verán. Máis información no telf. 649 217 094 ou yulcorp@hotmail.com

■ En Asturias, **a dez minutos de Ribadeo, alugo casa nova de campo** con xardín, grella, cancha de baloncesto. Fins de semana (venres a domingo) para 2-4 persoas, 100 euros. Perto da praia e da montaña. Telf. 667 293 752.

■ **Rapaza de 23 anos, enxeñeira técnico-agrícola** e con permiso de conducir, busca traballo. Tlf. 988 206 118 (Beatriz).

■ **Vendo táboas "Denantes mortos que escravos",** en madeira de cocobolo a 25 euros. Telf. 677 484 653.

■ **Alúgase vivenda turística en Meira (Lugo),** xunto ao nacemento do Miño, recén restaurada. Tres cuartos duplos con baño, cociña, calefacción, 10.000 m² de finca. Fins de semana ou temporada. Telf. 982 331 700, 686 753 105 polas noites, ou www.distridido.com

■ A **Liga Nacional de Billarda (LNB) distribue,** mediante o correo billarda_gz@mixmail.com, material desportivo para a práctica da billarda, paláns regulamentarios, billardas, sacos de man, camisetas da LNB, regulamentos e información para participar e organizar os nosos campionatos.

■ **Fanse traballos de carpintaría** (armarios, cociñas, portas...). Presupostos sin compromiso. Telf. 982 501 086 / 652 924 327 (Xoán Carlos).

■ **¿Queres perderte na Ribeira Sacra?** Alugo unha casa de dous andares totalmente equipada (garaxe, salón, cociña, baños completos e varios cuartos duplos) para pasar uns días ou semanas en Penalba (Nogueira de Ramuín). Prezo módico. Chámanos ao 986 376 022.

■ **Universitario trintaneiro, nacionalista, galeguista e progresista,** alegre, romántico e honesto, con inquedanzas culturais e políticas, que gosta de viaxar, da literatura, do cinema, da arte, da natureza, de saír a divertirse, **busca muller con inquedanzas** e características semellantes para coñecerse e posíbel relación seria. O meu correo electrónico é esperanza04@terra.es.

■ **Psicólogo galego, retornado de Bos Aires, asiste a emigrantes e retornados.** Primeira cita sen compromiso. Análises Existencial e Logoterapia; Psicoterapias breves de Familia, Parella ou Adultos; Crise fronte a novas situacións ou enfermidades graves; Preparación para intervencións cirúrxicas. Previa cita ao telf. 981 134 144 da Coruña.

■ **Vendem-se escudos da Galiza** de Castelao em madeira de cedro ou cocobolo, com ou sen marco. Qualidade. Telf. 699 103 510.

■ **Na Coruña polo prezo dun piso vende-se casa** cun baixo, 3 cuartos, comedor e finca de 900 m2 situada na estrada de Areas a 7 km de Betanzos. Chamar ao 986 291 729.

■ **Véndese apartamento en Cela (Bueu),** dous cuartos e un baño, amoblado. Telf. 986 322 752.

■ **Portuges hiztunak, portuges eslolak edota** elkarrizketak elkartrukatuko lituzke Euskarazko eskolak hartu eta elkarrizketetan parte hartzeagatik. Telefonoa: 645 207 868 (Xavier) Eposta: xavier@kaixo.com.

■ **Casa de turismo rural en Pontecaldelas,** con capacidade para 8 persoas, alúgase enteira para fins de semana ou semanas completas. Máis información no telf. 606 343 527.

■ **Véndese baixo comercial** na rúa Espedrigada **(Balaidos) de Vigo,** de 65 m² por 54.000 euros. Telf. 667 357 056.

■ **Informática. Aulas particulares:** windows, office, internet e visual basic. Tlf. 617 784 692.

■ **Se buscas recursos educativos e programas informáticos en xeral,** visita a miña páxina persoal "En galego": http:www.engalego.tk con centos de utilidade e aplicacións.

■ **Merco violonchelo** de segunda man, en bo estado, tamaño 1/2. teléfono ou mensaxe no 630 708 731.

■ **Vendemos números atrasados de Página Abierta, Viento Sur, El Viejo Topo** e outras revistas de temas sociais. Consulta Libroteca 21: es.geocities.com/libroteca21/index.html

■ Teño 28 anos e **comparto contigo o interese pola Galiza e o galego.** Se es muller que valora a amizade e as cousas bonitas da vida, desexo que me escribas e así poderás contar cun novo amigo. Xosé, carriza1@latinmail.com♦

A NOSA TERRA
Nº 1.122
Do 25 ao 31 de marzo de 2004
Ano XXVII.
IV Xeira.

VOLVER AS REDS

O franquismo non creou antifranquistas. En 1976, en Madrid, as manifestacións pro-amnistía non reunían a máis de 100 ou 150 persoas. Fraga teorizou o franquismo sociolóxico e segue aí. O aznarismo perdurará o seu tempo proporcional, tamén entre os que votaron contra el esta última vez. Nas opinións sobre cine e literatura, nas relacións personais e o modo de vestir, nos libros de historia e nas teorías económicas. Compriría un programa de desasnarización, pero quen o ía aplicar? Bush, Blair, Kerry ou o Zapatero que só quería un pacto con el?♦

Director: Afonso Eiré López. **Empresa Xornalística Editora:** Promocións Culturais Galegas S.A. **Presidente:** Xosé Fernández Puga.
Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade 986 433 830*. Redacción 986 433 886 - 22 24 05. Fax 986 223 101.
info@anosaterra.com
Impreso en papel reciclado Greenrecy 100 de 60 gr./m²

Nadia Rodelgo

'Coñezo xente que ao decatarse da manipulación que facían os socialistas, cambiou o voto do PSOE ao PP'

H. Vixande

Declárase anti política, pero non está de acordo co resultado das eleccións porque considera que foron manipuladas polos socialistas. O de Nadia Rodelgo, unha viguesa que atopamos na rúa, é un exemplo do desgusto desa base social por un resultado que, ademais de adverso, considera ilexítimo. Esta fin de semana celébrase en Madrid un acto de "desagravio" a José María Aznar.

Que opinión ten sobre o resultado das eleccións?

Non me parece nada ben. As eleccións estiveron manipuladas totalmente até o último momento, de principio a fin.

Desde cando, desde o atentado do 11 de marzo?

Por suposto, pero tamén desde uns días antes. Entón xa empezara a manipulación.

Antes dos atentados? Pensaba que a campaña transcorría con normalidade.

Pois non. Foi realmente unha *movida* na que colaboraron todos e que tamén tivo apoio desde o exterior. Penso que todo iso estivo moi mal, pero realmente o que non foi de recibo foi o do último día, coas manifestacións diante das sedes do PP, que eran unhas mobilizacións anti todo.

Pero Zapatero parece un tipo simpático, un pouco insulso pero simpático.

Eu non teño nada contra Zapatero nin contra ninguén, o que non me gusta é a manipulación da xente. Paréceme unha manipulación total.

Pensa que sen atentado tería habido uns resultados distintos?

Si, por suposto, tería gañado o PP. Xa lle digo, eu non teño nin idea de política, son unha ignorante política pero si sei ver as cousas claras. É máis, hai persoas que tiñan pensado votar os socialistas e votaron o PP.

Pero non moitas, porque...

Non moitas, pero si algunhas ás que lles preguntei eu e que coñezo. Cambiaron o seu voto e déronllo ao PP en protesta pola manipulación dos socialistas durante eses días.

Pero tamén acusan ao PP de ocultar información.

Eu, xa lle digo, non teño nada que ver co PP nin con ninguén, son anti política, pero as cousas claras. Agora ademais están facendo unha caricatura grotesca de todo, de todos os políticos que marcharon... unha vergonza, o que non fixo ninguén. Estamos agora neste momento nun país totalmente grotesco. Saen nas televisións ridiculizando todo o anterior, cando non o fixeron nunca os que estaban antes.

¿?

E xa lle digo, non é que estea en contra de ninguén, senón que quero que España vaia ben e nada máis. Antes, as cousas ían moi ben.

Pensa que os socialistas van gobernar ben?

Ah, non o sei, iso haberá que velo. Pode ser que ben, pode ser que mal, pero para chegar aí, para gañar as eleccións e chegar ao goberno, fixeron unha mala xestión, manipularon a xente.♦

PACO VILABARROS

Os xogueles de Xaquín Lourenzo para gozar das Letras 2004





Unha obra coeditada polo Museo do Pobo Galego e **Edicións A NOSA TERRA**

Tristes tempos

Xosé A. Gaciño

Non son estes os tempos mellores que eu desexaba no remate da miña columna de hai cousa dun mes, cando a campaña electoral estaba a punto de comezar no medio das expectativas triunfais dos prepotentes machos acosadores da vontade popular, que repartían certificados de corrección política e tiñan convertido practicamente toda a oposición en cómplices do terrorismo etarra (de Sadam tamén, recordan?, por opoñerse ás aventuras bélicas dos neofundamentalistas cristiáns) e dinamiteiros potenciais da unidade da patria única e suprema.

Non son tempos mellores. A derrota da dereita nas urnas conseguiuse cun doloroso tributo de mortes na máis espantosa carnicería da nosa historia contemporánea, despois da guerra civil, continuidade e presaxio doutras barbaries retroalimentadas polo mundo adiante, como consecuencia dunha enlouquecida dinámica desatada pola confrontación de fundamentalismos que xogan a loitar entre eles nos corpos dos demais (vosas son as guerras, nosos son os mortos: os de Madrid, os do Iraq ou os de Palestina). Tristes tempos os que seguen sen poder ver o entendemento entre os pobos porque os iluminados e os poderosos de turno –nun bando ou noutro— se empeñan en arrastrarnos detrás da súa verdade ou dos seus intereses excluíntes.

E tristes tempos nos que os responsábeis de ternos conducido por rúas sen saída –até caer na trampa mortal– insisten en que teñen as mans limpas, que non se arrepinten de nada e que fixeron o que tiñan que facer polo ben do seu país e do mundo. (De seu mundo, supoño). ♦